

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e sete de abril de dous mil dezaoitto, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado do Grupo Popular, don Pablo Pérez Pérez, estivo ausente na votación dos puntos quinto, sexto e sétimo da orde do día

O deputado do Grupo Popular don Juan Anta Rodríguez, estivo ausente na votación do punto sexto da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación dos puntos sétimo e noveno da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación do punto noveno da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE MARZO DE 2018.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de marzo de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 23 de marzo de 2018 é aprobada por unanimidade.

**2º.- RECLAMACIÓN FORMULADA POLO DEPUTADO PROVINCIAL DON GONZALO PÉREZ JÁCOME, DO GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA, CONTRA O ACORDO DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DE 23 DE FEBREIRO DE 2018 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DO INORDE N.º 1/2018.**

O Sr. secretario expón o contido do ditame da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas, presidente. Moi bo día a todas e a todos. Moi brevemente, simplemente para expresar o noso sentido de voto que vai a ser a favor da reclamación presentada por Democracia Ourensana e, por tanto, vamos a votar en contra desta aprobación definitiva como xa fixemos na súa aprobación inicial. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola, sí, nada, simplemente decir en esta reclamación que hizo Democracia Orensana, ustedes siempre dicen que Democracia Orensana no tiene idea, que aterrizan en la política sin tener ni idea y resulta que somos nosotros, en mucho tiempo, los que hacemos unas alegaciones a una modificación de créditos que ustedes hacen en donde se demuestra (aunque se reía en las comisiones, en las juntas, el señor Rosendo) que al final los técnicos de esta casa le tuvieron que decir que, efectivamente, la reclamación procedía y realmente se demostraba que estaba mal hecho lo que pretendía hacer este grupo de gobierno de la Diputación, del Partido Popular, de querer hacer, digamos, una subvención a dedo porque sí. Primero nosotros criticamos que conceptualmente estaba mal hecho; es decir, se le va a dar en torno a 60.000€, diez millones de las antiguas pesetas, a unos participantes en un rally cuando es absurdo, porque para hacer publicidad de Orense en el entorno del rally, no tiene sentido

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

hacer publicidad, porque todo el mundo de los rallyes sabe que conoce Orense por el Rally de Orense que es de los más famosos de España; entonces no tiene sentido, con lo cual es tirar dinero. Aparte, se hace una subvención en alguien de segunda fila que realmente no tiene tirón; entonces son 60.000€ tirados a la basura. Eso desde un punto de vista conceptual. Después, desde un punto de vista técnico, además, también se hace mal y esto nos dice que cantidad de cosas se llevaban haciendo mal en esta Diputación. Y que ya, no solo conceptualmente, sino administrativamente también se hace mal. Esto de aquí no se puede dar a dedo, tiene que salir por contrato; aunque estamos en contra de que se gaste esa partida de dinero por la otra vía, por un contrato, es decir que conceptualmente estamos en contra de ella. De ahí el sentido de nuestro voto que, en ese sentido, es en contra, claro.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez , portavoz do Grupo Socialista:** bos días. Moitas grazas. Nós, o noso Grupo vai absterse ao respecto por dúas razóns. Primeiro, no argumento xurídico do señor secretario que alegaba a favor de subvencións, moitos razoamentos a favor das subvencións; tamén esgrimía moitos razoamentos e propostas como contrato-patrocinio e, ao final, recoñeceu nas súas conclusións que había que facer a partida orzamentaria como contratación dun patrocinio deportivo no marco do Campionato de Rallyes de España. Entón, deulle a razón á reclamación do deputado Pérez Jácome nese apartado dous; pero desestimou as dúas anteriores reclamacións. Unha delas esgrime, na súa argumentación, no informe xurídico, o señor secretario que neste caso os deputados provinciais, no tema de que se pedía unha memoria explicativa ou descritiva da modificación de crédito, o señor secretario di textualmente: *neste caso os deputados provinciais que dispuxeron de información suficiente para valorar a modificación proposta, como evidencia a propia fundamentación da reclamación que nos ocupa*. É dicir, que di o señor secretario que, aínda que non había a memoria descritiva ou explicativa, os deputados e o reclamante tiñan suficiente información para facer tal reclamación e pedir a memoria explicativa. Nós temos que dicir, neste apartado, que a explicación que recibimos os deputados, e supoño que tamén o reclamante deputado Pérez Jácome, foi despois de aprobar a modificación de créditos nos rogos e preguntas, onde o Grupo Socialista, a través desta deputada fixo tres preguntas ao respecto desa modificación de créditos. Ao respecto dos 60.000€ a Suzuki para patrocinar turisticamente a provincia preguntalle: *¿cales son as accións a desenvolver por parte desta a empresa para cumprir co*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

*obxectivo da promoción turística? Solicito a relación detallada das mesmas, en que consiste; é dicir, o obxecto da subvención.* Efectivamente, o señor presidente deu unas explicacións consistentes en varios folios detallados; pero sigo a dicir que isto foi a raíz dunha pregunta que lle fixemos dende o Grupo Socialista. Tamén lle pediamos explicacións detalladas respecto ao tema dos emprendedores. Diciamos: *respecto aos denominados gastos para formación de emprendedores, ¿a que tipo de formación se refire? ¿Cales son os criterios de selección?.* Tamén nos deu información detallada ao respecto. Con relación ás actividades para o turismo, *¿que tipo de actividades están proxectadas? ¿a quen ou que van destinadas?* Entón, ¿por que nos abtemos? Porque si, nun apartado deulle a razón ao reclamante, e se vai a tramitar como patrocinio deportivo; pero no tema da memoria xustificativa ou descritiva as alegacións do señor secretario non nos parecen de todo certas porque si que houbo esa información, pero esa información foi a raíz destas preguntas que acabo de nomear formuladas cando xa rematara o Pleno e se aprobara, as preguntas foron feitas ao final, en rogos e preguntas. Polo tanto o noso voto vai a ser a abstención. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** Grazas, presidente. Moi bo día, distinguidas deputadas, deputados; medios de comunicación, información, gráficos, escritos, televisión, e público que asiste presencialmente ou indirectamente a este plenario. A verdade é que señora Gil, coa estima que lle teño, se teño que comprender o que dixó, non comprendería nada. Porque, ademais, é tan simple, tan simple como que o informe dos servizos xurídicos desta casa, da Deputación Provincial, son dezasete páxinas e, polo tanto líbreme Deus de lelos, conclúe: *aprobar definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2018 do INORDE , modificando o acordo da aprobación inicial no sentido de habilitar a partida orzamentaria para a contratación dun patrocinio deportivo no marco do Campionato de España de Rallyes 2018 co obxecto de ter difusión publicitaria a través desta marca Ourense Provincia Termal.* É tan simple como isto, aprobar definitivamente a conclusión e para iso estamos dicindo que iso que tumba que dálle, que foi, que pediu, preguntas... É unha aprobación definitiva. Efectivamente, unha vez acordada a aprobación inicial do expediente de modificación dos orzamentos do INORDE, na modificación da base 5ª de trámite de información pública, o señor Pérez presenta reclamación contra o expediente de referencia; ¡moi ben!, como pode

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

facelo calquera, podo facelo eu, vostede, ou un particular que para iso están os expedientes a información pública, para iso están. Fai unha reclamación baseada en razóns de carácter formal -segundo pon no expediente- e outra reclamación de orde material e leo textualmente *solicitando que se deixe sen efecto a aprobación inicial do expediente*. Tivo pouco éxito o señor Pérez porque a conclusión é aprobala definitivamente; ou sexa, pouco éxito tivo. Por certo, fixo unha reclamación despois de case tres anos, ¿non?, que eu saiba. ¿Que foi un erro administrativo aprobar como subvención en vez de como contrato? As veces tamén lle é moi difícil dilucidar (e pregunteino, non sae da miña propia *cosecha*), é moi difícil dilucidar e diferenciar entre o que é unha subvención e un contrato; pero non ten maior relevancia, señora Gil, non ten ningunha relevancia porque ao ser Suzuki o único equipo oficial, como está demostrado, é o que habilita a unha adxudicación directa do contrato negociado sen publicidade. Tan fácil como isto. Polo tanto, ao señor Pérez preocúpalle que se tramite como subvención un contrato. *Bueno*, pois se lle dá a razón; pero non cambia para nada, para nada, en nada a decisión política. Polo tanto, xa non vou seguir. Conclusión, aprobar definitivamente o expediente de modificación de créditos. Aquí paz e despois gloria. Nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** decir que el número de reclamaciones no es importante. Primero, nosotros hemos hecho reclamaciones varias, con éxito o sin él, pero hemos hecho más de una y lo sabes, además, y la más importante es obviamente la del periódico *La Región*, que ahora está *sub iudice* y que son 2.700.000 € que queréis regalarle a una empresa privada robándole a todos los ourensanos. Eso un tema. Por otro lado me quedo con la palabra que ha dicho Rosendo, al final le damos la razón al señor Jácome en este tema, aunque políticamente están a favor del gasto. Entonces, ahí tienes que retractarte de las palabras que decías que no teníamos ni idea.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista:** Moitas grazas. Señor Rosendo, clarificando a situación, tiveron que darlle a razón ao señor Jácome. É un patrocinio deportivo, non unha subvención. Segundo, o primeiro apartado da reclamación onde di que ten que haber unha memoria descritiva, aí non lle deron a razón. É onde discrepo eu, que realmente os argumentos xurídicos de que tiña información suficiente, detallada sobre a modificación de crédito non son reais; porque si tiña esa información,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

pero a raíz dunhas preguntas que se fixeron nese pleno, pero unha vez xa aprobada esa modificación de crédito. Efectivamente, a información é posterior; polo tanto ten o dereito a reclamar se falla a memoria descritiva ou explicativa. Polo tanto, déronlle a razón nunha parte, non na outra, ¿de acordo? Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** só para clarexar, señor presidente. Vamos a ver, as exposicións públicas despois de ter aprobado un expediente están para algo; se algo se fixo mal politicamente ou administrativamente, para iso están. E non solo son os políticos os que fan as alegacións ou as reclamacións, pode facela calquera particular; por iso están expostos ao público. ¿Que houbo un erro administrativo? Xa o dixo o señor secretario e que a conclusión é aprobar definitivamente o expediente. Pois xa está. Pero, ¿custa tanto recoñecelo e dicir que non tivo relevancia ningunha e a nivel político? Pois non sei como llo poderei dicir, pero está aprobado e, polo tanto, os servizos xurídicos así o din e nós así o tomamos. Nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Admitir a trámite a reclamación formulada por don Gonzalo Pérez Jácome contra a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 1/2018 do INORDE no que se refire ao motivo primeiro da dita reclamación, desestimando integramente ese motivo polas razóns recollidas na consideración xurídica II. B) do informe de Secretaría Xeral que consta no expediente.

2º) Non admitir a trámite a reclamación formulada por don Gonzalo Pérez Jácome contra a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 1/2018 do INORDE no que se refire ao motivo segundo da dita reclamación, ao estimar que non ten encaixe en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

3º) Sen prexuízo do anterior, tendo en conta as consideracións recollidas na consideración xurídica II.C) do informe de Secretaria Xeral, aprobar definitivamente o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

expediente de modificación de créditos n.º 1/2018 do INORDE, modificando o acordo de aprobación inicial no sentido de habilitar unha partida orzamentaria para a contratación dun patrocinio deportivo no marco do Campionato de España de Rallys 2018 co obxecto de obter a difusión publicitaria, a través deste evento, da marca Ourense, a provincia termal, quedando aprobado o expediente de crédito extraordinario nos seguintes termos:

APLICACIÓN QUE CEDE CRÉDITO		APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO	
Aplicación	Importe €	Aplicación	Importe €
42211/489.06 Asociacións sen ánimo de lucro	100.000,00 €	42211/226.17 Gastos formación emprendedores	15.000,00 €
		42211/226.16 Actividades de turismo	25.000,00 €
		42211/226.08 Actividades deportivas patrocinadas	60.000,00 €
<b>Total</b>	<b>100.000,00 €</b>	<b>Total</b>	<b>100.000,00 €</b>

4º) Ordenar a publicación do acordo de aprobación definitiva na forma prevista no artigo 169.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a súa entrada en vigor.

### **3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DO INORDE N.º 2/2018**

A Presidencia, en primeiro lugar, somete a votación a ratificación da inclusión deste punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Simplemente, como acaba de explicar a señora interventora, modifícanse identidades dos beneficiarios, co cal xa estaban incluídas no orzamento inicial. Nós a aquel orzamento votámoslle en contra e, dende logo en coherencia, a este expediente de modificación tamén lle temos que votar en contra. Moitas grazas.

**D.ª Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista:** polo mesmo argumento que fixo o BNG, como votamos en contra do crédito anterior e esta é unha modificación, mantemos a coherencia e votamos en contra.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** pois ratificar, pero en calquera caso ratificar politicamente o que xuridicamente acaba de dicir a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

señora interventora. O contido do expediente non incorpora novos gastos e unicamente se limita a precisar as finalidades ou entidades dos beneficiarios. Nada máis

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** creemos que se debería abrir un nuevo periodo para hacer alegaciones al expediente y pedimos eso, que esperemos que se haga.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das bases de execución dos orzamentos do INORDE n.º 2/2018, modificando a base quinta para cambiar o obxecto da subvención e o beneficiario das seguintes:

Beneficiario	Nova finalidade	Importe
Asociación Os Cogordos	Adquisición de lupas, reactivos e material informático para actividades de microscopía.	3.000,00 €
Asociación Empresarios do Ribeiro	30 aniversario dos establecementos asociados do Ribeiro 2017.	3.000,00 €

Beneficiario	Novo beneficiario	Nova finalidade	Importe €
Governance and Economics Research Netwoir GEN +	Universidade de Vigo	Actividades 2018	50.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**4º.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A RECADACIÓN EN**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**EXECUTIVA DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas. Simplemente para indicar o sentido do noso voto neste punto que vai ser a abstención. Moitas grazas.

**D. Armando Bouzo Ojea, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** nós tamén nos absteremos neste punto. Estimamos que esta clase de medidas tómanse porque a recadación executiva sempre é impopular e do que se trata, ou do que debe tratarse, é de que esa administración tan próxima aos cidadáns que é o concello, pois que non sexa quen lle teña que pór a mala cara ao veciño para recadar de forma executiva algunha taxa, algún imposto. Nós nos sabemos ata que punto iso pode ser o desexable ou non desexable porque, non sei, nunha sociedade madura ao mellor os cidadáns tiñan que saber que a Administración stá para as duras e as maduras; do mesmo xeito que lle dá servizos, ás veces tamén ten que recadar. Esta é unha medida un pouco para despersonalizar esa forma de traballar, quen lle recada de xeito executivo ao final é unha administración afastada como é a Axencia Tributaria, en vez de ser aquelas persoas ou aquela administración máis próxima a eles. Nós ímonos abster, pero ao mellor habería que facer unha reflexión acerca da madurez democrática da nosa sociedade cando se teñen que facer esta clase de cousas. Nada, grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moi bo día. Eu non tiña pensado intervir neste asunto, pero despois de escoitar aos que me antecederon no uso da palabra, tamén quero manifestar a nosa postura de voto. Nós imos a votar a favor, imos darlle un voto de confianza a este convenio. Entendemos que a executiva, sobre todo nos concellos pequenos (neste caso a Deputación lévalle a recadación a moitos deles) é un tema complicado. Complicado non só polo feito de pagar, pola madurez á hora de corresponder coas nosas obrigas; senón por cuestións contables, xurídicas en si mesmas. Entón, ímoslle dar un voto de confianza. Entendemos que isto vai a mellorar a recadación e entendemos que pode ser algo bo. Imos votar que si.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** si, grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais público que nos acompaña, ben presencialmente ou a través de internet. Ben, pois empezando pola sorpresa que me causa o que di o señor Ojea. Isto non se trata de popular ou impopular, señor Ojea, trátase simplemente de xustiza social. Se uns cidadáns pagan os impostos, os tributos, sexan cales sexan, os demais tamén os teñen que pagar. E os concellos pequenos, que nesta provincia son practicamente todos menos o da cidade, necesitan instrumentos de cooperación e colaboración que é o que fai esta Deputación. Polo tanto, nós o que vamos a pór, nun ánimo máis, nunha actuación máis de cooperar cos concellos pequenos, como lle digo, é pór un instrumento máis a súa disposición para poder recadar eses tributos que, dun xeito ou outro, non se poden recadar; e tamén para recadar os propios desta Deputación. Nada máis. moitas grazas.

**D. Armando Bouzo Ojea, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** desde logo señor Plácido, efectivamente, eu xa o dixen na miña primeira intervención, ou xa o suxerín, non sei se me expliquei ben; efectivamente a madurez democrática consiste, entre outras cousas, en pagar as propias taxas. O que quería dicir é que, ás veces, o delegar esta clase de medidas nunha administración máis afastada da administración local, tómase porque esas medidas son impopulares e poden facer perder votos. Entón, eu non estou dicindo que estea mal feito, efectivamente, dun xeito ou doutro, a administración debe recadar o que lle corresponde, o que dicía aquel señor: *dadle al César lo que es del César*. Eu estaba facendo unha crítica máis que á clase política, á propia sociedade; ou sexa, que a Administración local teña que recorrer, ao mellor por non tomar medidas impopulares ou anti electorais, á algo tan abstracto como á Axencia Tributaria, *non isto venlle de Madrid, isto élle a Agencia non somos nós, non é o concello...* Ao mellor, unha persoa digamos madura, un adulto, di, oe, se o alcalde ou o goberno municipal embárgame da conta isto faimo con toda a razón e non teño por que deixar de votalo porque faga iso. Esa é a razón da miña reflexión. Nada máis.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** ben, brevemente, creo que, señor Ojea, vostede non entende o convenio, non o entende. Vamos a ver, este último extremo que facemos os concellos, ou a Deputación, cando delegamos a xestión e a recadación tributaria cando non hai máis remedio. É dicir, primeiro hai un embargo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

preventivo, hai os recargos, o embargo preventivo e todo iso. Logo, cando iso non é posible, hai este convenio, que tamén hai un coa Xunta de Galicia que se poden utilizar os dous e simplemente no último extremo, nada máis. Dígollo e repítollo, isto é de xustiza social; nin de medida popular ou impopular. Quero dicir, todos os cidadáns temos que pagar os tributos, todos. E non faga vostede tan tontos aos que non pagan, seguramente o dominan mellor que vostede e que eu. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Solicitar a adhesión íntegra da Deputación Provincial de Ourense ao convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias para a recadación en executiva dos ingresos de Dereito público das corporacións locais, publicado no Boletín Oficial do Estado n.º 119, do 19 de maio de 2011.

2º) Remitirle ao Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, por conduto da FEMP, a solicitude de adhesión plena ao convenio, conforme co modelo de protocolo de adhesión que se inclúe neste.

#### **5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO N.º 1/2018.-**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Como xa se explicou, o obxecto deste expediente é incorporar o remanente que ascendía a máis de 26 millóns de euros do ano pasado, aínda que unha parte importante, 11 millóns, hai que incorporalos directamente a este exercicio, co cal nos quedan eses

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

14.863.000 mil euros, unha cantidade sensiblemente superior ao que supón o capítulo 6 de investimentos do orzamento xeral de 2018 aprobado alá polo mes de setembro. Nós volvemos a denunciar que este é un mecanismo trampa que este goberno provincial utiliza a cotío e sistematicamente. Aprobouse un orzamento en setembro, e despois modifícase nas primeiras e sucesivas modificacións de crédito ao longo do ano; aínda que este ano, polo que nos anuncian, só vai haber esta, e o que amosa, dende o noso punto de vista, é que o feito de aprobalo tan cedo é máis unha cuestión estética, nese afán que ten o presidente de querer figura o primeiro en todo, que ética ou que operativa. Nada novo. Vostede xa o dixo ben claro tempo atrás: *quen merece o apoio da deputación, teno*; nós estamos de acordo, pero con significado diferente. Non se trata de meritocracia, isto vai de xustiza distributiva e de equidade. Se miramos no dicionario o significado do termo *rapiña* atopamos a seguinte definición: *roubo ou saqueo realizado con violencia aproveitando un descoido ou falta de defensa*. Agás o emprego da violencia, no resto encaixa perfectamente no que vostedes fan nesta Deputación. Saquean, esquilman e baleiran as arcas públicas en beneficio do seu partido. O diñeiro público é de todos e de todas, independentemente do territorio onde un viva e do partido que te governe. Aquí queda claro que o diñeiro é de todos, pero non é para todos. Distribúese de xeito gracioso ou graciable entre uns poucos afortunados que non teñen máis mérito contraído que outros alcaldes ou alcaldesas desta provincia que tamén, hai que lembralo, foron libre e democraticamente elixidos polos veciños e veciñas. Xa sei que nos van dicir que neste expediente benefíciáanse a alcaldías de todas as cores e que vostedes teñen máis alcaldías que ninguén. O de sempre, o argumento habitual, unha mentira e unha media verdade. As alcaldías doutras cores levan meses petando nas portas desta institución porque é a única saída que vostede lles ofrecen, porque tamén teñen que gobernar para unha veciñanza que demanda investimentos, melloras e ademais teñen dereito a parte dos recursos que manexa esta Deputación. Non son máis, pero tampouco son menos. En todo caso e para que non teñan tentación de manipular a realidade, xa lle vou a explicar eu que no caso, por exemplo, da subvención do concello de Verín, que é a máis cuantiosa deste expediente, correspóndese co cumprimento dos acordos do convenio asinado no seu día por Xunta, Deputación e Concello para a construción do auditorio. Cantidade que xa adiantou o propio concello. No caso de Castrelo de Miño, os cen mil euros son os cen mil euros do ano pasado, que quedaron sen efecto ao ter que solicitar unha prórroga ao Concello porque tiveron que modificar a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

formulación inicial do proxecto ao tratarse dunha instalación antiga e sobre todo pola seca e o descenso do nivel do río, cuestión pola que se incorpora no orzamento do 2018 a través deste expediente. Neste expediente, por certo, atopamos cuestións que chaman poderosamente a atención, algunhas delas xa as temos denunciado e xa nos temos posicionado en contra noutros plenos coa compra do arquivo de *La Región* ou a subvención á Fundación San Rosendo. Outras teñen unha motivación claramente político-interno-partidaria, como por exemplo a inxección ao concello de Xinzo de Limia, nada menos que de 10 subvencións consecutivas no mesmo expediente por un importe de 222.000 euros; imaxinamos que será para tapar a situación lamentable e *bochornosa* que levan ofrecido vostedes alí recentemente e, ao mellor tamén, para potenciar á súa candidata á alcaldía. En definitiva, estamos no de sempre. Nós ofertámoslle unha saída a través da emenda aos orzamentos e do pleno extraordinario para que abordasen unha verdadeira renovación desta Deputación aprobando un plan único tal e como fan xa o resto das Deputacións do país. É preciso que nunha provincia que se está caendo a *pedazos* que non nos fartamos de denunciar, na que a desertización está a ser unha dramática realidade, crear as condicións para que as persoas poidan vivir nunhas condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, e para iso cómpre que os concellos poidan dispor de recursos, e dentro da súa autonomía, destinalos ao que consideren prioritario e necesario. E, porque resulta de xustiza, xa lle adiantamos que vamos a continuar a loitar e a reclamar da Deputación de Ourense un trato xusto e igualitario a todos os concellos da provincia, para que máis alá da cor política de quen ostenta a responsabilidade de gobernalos, os cidadáns e cidadás deses territorios teñan dereito a que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida. Dende logo, non fai falta dicir que vamos a votar en contra. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** Sí, hola. Recuerdo una vez en la película de *Drácula* que decía el de la Iglesia: *nos enfrentamos a Satanás* y decía cómo era Satanás: *mezcla verdades con mentiras*. Bueno, aquí nos enfrentamos, en este caso a José Manuel Baltar, básicamente a un infantil crónico; una persona, un infantil crónico, en el sentido de que tiene caracteres de la infancia, de lo que es la infancia, de lo que es la inconsciencia cuando se dice soy el primero en esto, en temas irrelevantes. Le gustan más los temas irrelevantes que a un niño un juguete. Entonces, en sus paranoias llegó a decir un día en un congreso que Orense era la provincia más internacional de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

España. Cuando le dijeron, al cabo de la charla: *oiga, señor Baltar ¿Por qué dijo que Orense es la provincia más internacional de España?* Dijo: *es la que más kilómetros tiene pegados con Portugal de toda España.* Tiene así paranoias de estas. Entonces, una de sus paranoias, aparte de decir después de un tema que había hecho con Estados Unidos, con Kennedy, Orense es la primera, esas historias; donde más tiempo estuvo la Vuelta Ciclista en España, estuvo cuatro días en Orense, nunca estuvo tanto... le gusta decir *soy el primero en tal.* Sin embargo, en lo importante, sale hoy en el *Faro de Vigo* y esto demuestra quién es realmente José Manuel Baltar... Otra de las cosas que dice, antes de enseñar esto de aquí, es que quiere decir: soy el primero de España en hacer presupuestos y la pregunta es, y aquí es donde digo que es un infantil crónico, bueno ¿y qué? Lo que importa es que hagas los mejores presupuestos de España; pero ser el primero de España en hacer presupuestos, colgarte una medalla, es de un niño pequeñito, *¡fui el primero en vestirme!, ¡fui el primero en vestirme!*; pues tiene estas características, soy el primero en hacer los presupuestos de España. Después, como los hace mal, tiene que hacer modificaciones de crédito además engañosas porque por ejemplo, mete la subvención de la Mostra de Teatro de Ribadavia, es un convenio que ya tenía previsto en los presupuestos, pero lo mete ahora aquí para decir, como quien, *mirad que bueno soy que doy esto a Ribadavia* o a otros convenios como tiene el campo de fútbol también de Ribadavia, tiene obligaciones y las mete aquí en esta historia. Entonces, los presupuestos, realmente lo que hace es hacerlos mal, por eso tienen que hacer modificaciones de crédito constantemente, pero se cuelga la medalla de niño pequeño: *fui el primero en bajar al patio.* Yo recuerdo cuando estudiaba solfeo en el conservatorio, en un piso que estaba allí en Capitán Eloy (que agora chámanlle Concordia), era un piso de estos destartalados y jugábamos a quién era el primero en salir de la clase, ¡teníamos siete años!, ¡pues ya ves!. Pues este igual, ¡soy el primero en hacer los presupuestos! Pero la noticia viene hoy aquí y es lo que realmente importa; ya había salido, pero hoy la resalta más en el *Faro de Vigo*: *Orense es la única provincia española en la que hay más población inactiva que activa.* Aquí lo dice el *Faro de Vigo*. Lo repito: *Orense es la única provincia española...* Pues esta es la medalla de José Manuel Baltar, esto es lo que es importante, todo lo demás es cuento chino; es decir, eres el niño que suspende todas las asignaturas y dice *¡fui el primero en salir al patio!*. Pues es lo que hace José Manuel Baltar, un infantil crónico al frente del PP. Claro, por supuesto, en cuanto ahora venga el PP a la baja, él dirá: *no, es que ahora la bajada de votos no es mía, es culpa del*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

*PP nacional*; sin embargo cuando el PP sube dice: *fue gracias a mí*. Pues esta es la historia. Por cierto, el otro día venía una noticia en *La Región* que era fascinante, no en el Faro de Vigo, que ponía: *Orense es la provincia en la que más descendió el paro de España, en los jóvenes* y luego ponía por debajo: *influyó que la mayoría tuvo que emigrar*. No claro, si emigran, *aquí non queda nadie, non hai paro*. Pues esta es la historia. Pues vamos ya al grano. Una de las cosas que tiene, por colgarse una medalla de infantil crónico, es que hace una amortización de deuda de 4 millones de euros para cancelar deuda con los bancos y lo hace mucho más rápido de lo que normalmente en la programación se debería hacer. ¿Por qué? Porque una Diputación tiene un presupuesto para gastar dinero (luego quiero que me lo explique Plácido); ese dinero es para los ciudadanos, no es para colgarte medallas. ¿Él que hace? Apresura, a cancelar la deuda, no gasta en inversiones y apresura en cancelar la deuda para colgarse la medalla y en las elecciones del 2019, del año que viene, diga: *hey, la Diputación deuda cero. Lo conseguí soy un gran gestor*. Pero eso no es mérito ninguno, porque el dinero público que utiliza no lo genera él. Si uno no gasta en inversiones, te queda remanente de crédito y amortizas deuda. No hay ningún secreto. Llegó a hacer un razonamiento falaz, absurdo, es curioso cómo en la política afloran los razonamientos falaces, una vez Plácido que dijo: *queremos amortizar deuda*. ¡Coño! Pero si es que amortizas deuda, no haces inversiones y dice: *señor Jácome, o que vamos facer é amortizar débeda e no 2019 teremos débeda cero*. Y, a partir de ahí, *como xa non hai débeda, teremos moitos cuartos para inversión*. Fíjate la contradicción. ¡Coño! Entonces estás reconociendo que las inversiones son importantes, entonces ¿por qué las dilatas? ¿Por qué retrasas las inversiones? ¿Por qué las quieres hacer a partir del 2019, cuando Orense está en peligro de extinción? O sea, tú quieres hacer las inversiones cuando en Orense no quede nadie, ¿para qué? ¿Para hacer un museo? Oye, tú quieres hacer de Orense Lobios y Lobios, el sitio del que tú eres alcalde, (¡perdona, Muiños, Muiños!: oíste, en la película esta americana, estaba uno dando una charla, dijo: voy hablar aquí que estoy haciendo pre-medicina, y le dicen: ¿pero no, tú no estabas haciendo pre-derecho? Y dice el tío: ¡qué más da!, pues ¡qué más da!, é pola zona) sufre una gran despoblación y, por mucho que inviertas allí, tú no atajas el gran problema demográfico. Tú parece que quieres extender el modelo Lobios o Muiños do Xerés a toda a provincia. Oye, pues no, macho. Vamos a intentar frenar esa sangría y esta noticia es la clave. Entonces, si tú ahora amortizas deuda, que le das dinero a los bancos, para luego hacer inversiones en el 2019 es absurdo porque si reconoces que las

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

inversiones son buenas ¿por qué no las haces ya? Es totalmente absurdo, es simplemente para colgarse la medalla esta persona. Entre las inversiones que tiene le mete 50.000 € al termalismo y ya hemos visto, hemos enseñado estos días en Auria Televisión, lo que es el termalismo, un plan termal de Orense que tiene un camino de cabras para llegar a las termas, un camino de cabras. ¿Para qué invierte 50.000 € si todo va a publicidad? Eso demuestra lo que es Ourense Termal, un documental que es *Termalismo rico, termalismo pobre* y que pueden ver en Youtube, es fascinante; porque, incluso, Chaves, Chaves nos da un baño. Tenemos inversiones que son realmente hirientes, el Rallye Mix; vuelve a hacer lo del Rallye Mix, 12.000 €; los expertos nos dicen que esto cuesta hacerlo a la mitad, él paga el doble por eso. Le da 400.000 € a la Fundación San Rosendo, es increíble, está todo dentro del grupo que luego se desvía al grupo Caldaria a muchas historias –ahí sí que tienen buenos accesos con el dinero de todos los orensanos para el parking del balneario de Laias - realmente yo me pregunto, con todo el dinero que se le da, ¿por qué a los mayores de esta provincia cuando tienen que ir a un geriátrico le cobran 1.300 - 1.400 €? Perdona, con las subvenciones que se llevan dado desde la Diputación, primero, podrían ser públicos y, segundo, bien se podría pagar precio de *low cost*; obviamente estando en magníficas condiciones. Porque no tiene sentido que se le estén dando tantas subvenciones a la Fundación San Rosendo, para que luego el precio sea igual que el de una residencia que no tiene subvenciones. Entonces, realmente, aquí alguien se está llevando el dinero; a parte de todo el poder que se lleva. Gasto de mantenimiento del Museo de Alfarería 40.000. No es que se gasten 40.000 € en hacer un museo, *é que o gasto de mantemento é de 40.000 € ao ano*, que son 3.000€ al mes. Oye, de verdad, esto es realmente para alucinar con los gastos que hay aquí. *Gastos de financiamento da Casa da Viúva* 15.000 €, *Organización Festa de Batalla e Pazos*, 20.000 €. O sea, aquí se gasta con una alegría que mete miedo. Lo que me llama la atención, obviamente de los 400.000 de la Fundación San Rosendo, es que también se gaste en un Auditorio de Verín 530.000 €. Esta provincia no necesita más auditorios, lo que esta provincia necesita es investigación y desarrollo. Los auditorios, obviamente, son un servicio; pero esta provincia no necesita servicios, necesita crear riqueza. Entonces, realmente con los servicios que se dan de delicatessen, como aquí, pues oye... como el Teatro Principal. Gastamos en el Teatro Principal 1 millón de euros al año y en el edificio Valcárcel, que está al lado, otro millón. Pero es que en el Auditorio de gasta otro millón de euros. Oye, Orense no; Orense tiene que gastarlo en I+D,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

no lo puede gastar, como si fuésemos Dubai, en espectáculos. Orense no necesita más auditorios, ahora mismo no. Lo que necesitamos es algo que cree riqueza y esto, obviamente, un auditorio no crea riqueza; es un servicio a los ciudadanos. Yo creo que ahora tenemos que dar la vuelta a la tortilla, no más servicios y vamos a crear ya más riqueza. ¿Qué podemos tener por aquí? Pues nada, apliquemos otros 200.000 a residencias de tercera edad, a parte de los 400.000 que iban para la Fundación San Rosendo. Fundación Gavela, 100.000€. Fundación Sotelo Blanco, 25.000 €, Fundación Venancio Salcines, 20.000. También, Torneo de Debate Ourense Termal; para organizar un debate, que se puede organizar gratis, se gastan 20.000, es que son 3 millones de las antiguas pesetas; así se gasta el dinero en la Diputación. Luego en Expourense gastan 70.000 €, que es uno de los mayores cánceres de Orense, junto a *La Región*, junto a los actos culturales del Teatro Principal y tal... Expourense es, estamos hablando de los mayores cánceres que hay en esta provincia. Las ferias, hoy en día que con internet las ferias están disminuyendo en todos lados. Alemania que sólo tiene dos ferias rentables y aquí en España hay unos 200 recintos feriales – todos deficitarios - y queremos darle dinero a un muerto. Es una Fundación sin ánimo de lucro, Expourense, pero es - como digo yo - con ánimo de nóminas. El dinero se lo gastan en nóminas y en los proveedores. Esta Fundación Expourense no puede tener dinero, sus proveedores sí. Ahí es donde está el tejemaneje. Nosotros, ahora desde aquí, pedimos la retirada porque tiene un gasto de 900.000 € para pagarle un anticipo a *La Región*. Esta Diputación decidió comprar el archivo histórico de *La Región* por 2.700.0000 € en pago fraccionado, 900.000 € cada año. ¿Por qué se le paga fraccionado cuando Diputación tenía dinero y no se le pagó? Porque así tienen controlada a *La Región* para que *La Región* como tiene que tener ahora este pago de 900.000 y el año que viene 900.000; el año que viene son elecciones; entonces lo tiene controlado para las elecciones, para que *La Región*, más o menos, tenga que obedecer la línea editorial que marque este señor. Si le hubiera pagado 2.7000.000 el año pasado, ao mellor La Región gastaba os cuartos e despois arrimábase ao PSOE ou a quen fora, pero tendo que depender deste home que lle deu os 900.000 o ano pasado, vaille dar 900.000 neste, vaille dar 900.000 nas eleccións do ano que vén; a La Región, como se soe dicir vulgarmente, tena collida polos huevos, por iso fai este trámite así. Pero a compra de La Región baseouse nun informe que estaba taxado en 3.800.000€ e que deixaba, con desconto, en 2.700.000. Aquí es donde hoy Democracia Orensana va a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

revelar una primicia de un papel que ya tienen los medios de comunicación y creo que ya tienen los portavoces de los grupos. Es una exclusiva que ahora revela Democracia Orensana de un tema que está *sub iudice* y dice lo siguiente. Ustedes saben que esta institución con dinero público pagó por La Región - por un informe que nosotros creemos a todas luces fraudulento - 2.700.000 € que son 450.000.000 de las antiguas pesetas. Bueno, pues Democracia Orensana saca hoy a la luz un informe de la Xunta de Galicia – atención - en el que dice lo siguiente, habla de lo que es el depósito de la colección completa encuadernada del periódico de La Región, de la edición encuadernada y también de la edición internacional; de las dos, de la edición encuadernada y de la edición internacional. Entonces dice que *á vista da información presentada no marco competencial establecido no decreto 122/2012 do 10 maio polo que se aproba o regulamento de composición e regulamento....total*, que os técnicos e peritos da Xunta de Galicia determinan que el archivo histórico de *La Región* cuesta 150.000 €. Oficialmente. Para mí, cuesta cero, porque como ya está en la biblioteca pública, ya lo tienes ahí gratis, pues cuesta cero. Pero, en cualquier caso la Xunta dice que cuesta 150.000 € y ustedes han pagado 2.700.000. Estamos ante una estafa producida por ese hombre. Estamos ante una de las mayores malversaciones de fondos públicos que ha habido en la provincia de Orense y lo desvela hoy Democracia Orensana. La Xunta de Galicia dice que el archivo histórico de *La Región* de 2.700.000, cuesta 150.000. Le he entregado una copia al señor Plácido, que es el portavoz, otra al PSOE y otra al Bloque. Por eso hoy, en base al artículo 92 del ROF donde se puede pedir la retirada de algún expediente *a efecto de que se incorporen al mismo documentos o informes y también que el expediente quede sobre la mesa, aplazándose su discusión para la siguiente sesión*. Por eso desde aquí apelamos al señor secretario, en base a este artículo 92, para pedir que se incorporen hoy esos informes y que se retire del orden del día este punto de votación; porque si no, una vez que ustedes han sido informados de esta estafa - nosotros le pedimos que esto se informe y se pare, hasta que venga un informe del señor secretario - todos ustedes podrían estar incurriendo en un delito penal, los catorce del Partido Popular que están ahí que van a votar a favor, estarían incurriendo en un delito penal y nosotros llevaríamos a los catorce ante la justicia. Non sei de que te ris, pero, ¿de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

que te ris se tes aquí o informe da Xunta, señor Pablo? ¿de que te ris?<sup>1</sup> Sabes a quién me recuerdas cuando te ríes, a la Cifuentes el otro día. Lo que más me impresionó de la Cifuentes el otro día cuando dimitió es que sonreía cuando decía: dimito y presento mi dimisión, ya no espero al 2 de mayo. Sonreía como una psicópata. Este fai igual, estoulle dicindo a estafa que hai de 2.700.000 que a Xunta di que son 150.000 e rise. Éche boa a gracia. Dillo á xente que está no paro e non ten para comer. Dillo. Rite desa xente. En base a eso, le queremos decir al señor secretario que queremos pedir esta votación de que se retire del orden del día porque estamos ante una estafa manifiesta de un tema que está *sub iudice*. Nada más en la primera intervención.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Estamos, sen dúbida, ante o asunto máis importante dos que van hoxe no pleno porque trata de como se reparten preto de 15 millóns de euros do remanente desta Deputación. Non é un tema menor porque, a través deste reparto, expresase o xeito de gobernar con estas decisións que se toman aquí e que van aquí reflectidas. Por iso a nós gustaríanos, xa nos queixamos na comisión, que este asunto non entrase na comisión por urxencia, nin que tampouco tivese as conseguintes emendas e modificacións. Reflicte un pouco a improvisación, a falta de previsión e o modo atrapallado en como foi feito. Ademais disto, para non caer no de todos os anos, nos argumentos tan manidos e xa ditos e xa expostos unha vez tras outra, nós ímonos centrar en dous aspectos moi concretos para non repetirmos. O primeiro é unha pregunta, os 17 concellos da provincia que non aparecen agraciados aquí, neste sorteo de lotaría primaveral, son Allariz, Baños de Molgas, Barco de Valdeorras, Beade, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Coles, Manzaneda, Maside, Parada de Sil, Pereiro, San Xoán de Río, Sandiás, Taboadela, Viana do Bolo, Vilar de Barrio e Vilariño de Conso; ¿estes concellos non lle trasladaron as súas demandas? Porque na memoria mencionase *a cooperación provincial cos concellos segundo as necesidades e demandas recibidas*. A nosa pregunta é esa, se estes concellos non as trasladaron, non se recibiron, porque se é imputable aos concellos, nós nada temos que dicir, incluso máis, estaríamos dispostos - se isto fose unha votación separada do diñeiro que vai para os Concellos - a votar a favor. A autonomía municipal, como ten dito en moitas ocasións o señor portavoz do Partido Popular. Agora ben,

---

<sup>1</sup> Refírese ao deputado provincial don Pablo Pérez Pérez.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

se non é así, nós non podemos votarlle a favor ¿por que? Porque seguimos co de sempre, seguimos cun reparto sen que existan uns criterios obxectivos previamente acordados. Iso con respecto aos concellos. O que xa non vemos tan ben, e tamén nos leva a votar en contra, é o reparto que se fai a outras entidades privadas e asociacións. Entendemos que non entra dentro do obxecto dunha deputación que é axudar aos concellos desta provincia, sobre todo aos máis pequenos, a case todos, menos a un, que son os que teñen menos de 20.000 habitantes. Non entendemos, xa se mencionou aquí, que fai esta institución financiando a unha entidade privada para a construción dunha residencia. ¿Por que temos que destinar diñeiro público para construír unha residencia dunha entidade privada? ¿Por que? Eu creo que debemos de ir cos tempos e ir cara a modelos de reparto, xa o dixemos antes aquí, xa aludiron tamén quen me precedeu no uso da palabra; incluso en agosto do ano pasado tratouse aquí unha moción nun pleno extraordinario sobre un reparto obxectivo de diñeiro e de fondos públicos. É preciso rematar con ese reparto clientelar, que os concellos poidan, xa se dixo, planificar e saber co que contan sen necesidade de andar á pedicha. ¿É isto imposible? Eu moito me temo que non porque outras Deputacións foron capaces de facelo. Se outras foron capaces de facelo, sen ir máis lonxe as tres galegas que nos están dando un exemplo, coído que nós tamén. ¿Que falta? Algo moi sinxelo, vontade política de querer facelo. Presumimos de modernidade, de intelixencia - como seguramente se fale máis adiante neste pleno - incluso tamén de xustiza distributiva, escoitei falar eu aquí; só nos falta unha cousa: selo, ser do que presumimos. Dicirlles tamén que nós presentamos unha emenda, xa lles anticipo as nosas desculpas, foinos imposible facelo onte porque nos fallou a impresora e non houbo maneira de facelo, creo que a teñen vostedes no seu poder; en todo caso, é moi sinxela, léollela. O que pedimos é que se suprima a aplicación (non leo os números) de desenvolvemento de crédito da amortización do capital vivo e amortización do préstamo do BBVA por importe de 4.200.000 € en base a que, tal e como reflicten os informes pertinentes que temos escoitados en comisión, a amortización prevista resulta antieconómica dada a porcentaxe negativa dos xuros que se está aplicando (-0,25%). Tamén propomos que coa supresión desa cantidade antes sinalada, 4.200.000 €, se elabore un Plan complementario de cooperación cos Concellos, de xeito que se reequilibren as cantidades asignadas mediante subvencións aos concellos de forma que se asegure que todos os concellos da provincia reciban como mínimo 70.000€ con cargo ao remanente de tesouraría do ano 2017. Repito, unha vez lida, que se suprima a amortización de débeda da modificación,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

deses 4.200.000 €, e que, en plenos vindeiros ou en modificacións vindeiras, se elabore con ese diñeiro un plan complementario de xeito que todos os concellos da provincia reciban como mínimo, contando esta modificación e a seguinte, un 70.000 €. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Unha vez máis, señores da oposición, tamén no ano 2017 – xa sei que non lle gusta que lle lembre isto - xestión brillante da presidencia desta Deputación e do seu equipo de goberno, como non podería ser doutra maneira coa colaboración necesaria e imprescindible dos técnicos desta casa, cada un na responsabilidade que lle corresponde. Froito desa boa xestión é o importante remanente de tesouraría do que hoxe estamos a falar. Facémolo, como non, seguindo a folla de ruta do mandato, que está a punto de rematar, é que non é outro que o Plan Ourense 15-19 que, recordo, foi co que o señor presidente se presentou a estas eleccións e, que eu saiba, foi o único que presentou un programa antes das eleccións. Miren vostedes, o endebedamento da institución reduciuse dun xeito espectacular nos últimos anos; pasando do 116% do ano 11 ao 11,68% a día de hoxe e será 0, como así di o Plan ao que me referín e temos repetido moitas veces, cando teñan lugar as vindeiras eleccións locais en maio do ano que vén. Aquí quero *apostillar*, non quería entrar en ocorrencias porque vexo que hoxe hai bastantes como é mester, eu quéroilles recordar a vostedes que a normativa que nos obriga a todos - señor Pérez Jácome, señor Fraga Civeira - a Lei de estabilidade orzamentaria está aí, o teito de gasto está aí, as obrigacións de déficit están aí e a regra de gasto tamén. Non, vexo que algún alcalde non me entende, iso xa é máis grave. Contamos un ano máis, como xa dixen, cun remanente de tesouraría espectacular. Recórdolles que no ano 2015 foi de 26,7 millóns de euros; no 2016, 22,4 e no ano 2017 que nos ocupa, 26,4. Debo destacar tamén que, a día de hoxe, estamos xa nunha cifra record - é moi importante isto - no pago a provedores, pasando dos máis de 180 días do ano 11 a menos de 30 no último ano. Centrándome xa no expediente que hoxe presentamos neste plenario, permítame que lles recorde, como xa se dixo aquí, que ascende a 14,9 millóns de euros aproximadamente financiados integramente con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais de 2017; destinándose 10,5 millóns de euros a suplementos de crédito e 4.378.000 € para créditos extraordinarios. Tiveron vostedes, como é mester, á súa disposición a memoria proposta da presidencia, o informe favorable da señora interventora e tamén o ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e Permanente de Economía e Facenda. Os nosos argumentos, quede claro, os do presidente e os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

do seu grupo de goberno – como xa dixen noutras ocasións - son claros e determinantes. Todas as nosas actuacións están encamiñadas a conseguir a máxima cooperación cos concellos, nas obras e tamén nos servizos da súa competencia; pero tamén, e recalco isto, como non podería ser doutro xeito, con outras entidades e colectivos - que polo que vexo poñen en dúbida - que sen lugar a dúbidas para nós desenvolven un importante labor social, e incluso empresarial, en favor da nosa provincia. Parece que algúns de vostedes non o queren recoñecer. Sen ánimo de ser repetitivo e unha vez vista a emenda de corrección de erros da presidencia, que tamén se citou aquí, que se nos facilitou con tempo suficiente o pasado mércores; permítanme que destaque o seguinte. Por un lado supleméntanse distintas partidas do orzamento para gastos en investimentos en medio ambiente, con algo máis de 300.000 € para cofinanciar proxectos de dous municipios, concretamente, da Confederación Hidrográfica: Pobra de Trives para mellorar o seu abastecemento, 238.000; e Vilamarín 70.000. Para termalismo 50.000, cousa que sempre lle fai moita graza, e graza *entre comillas*, ao señor Pérez Jácome. Acción social, 472.000; en cooperación cos concellos 5.083.000, ao que logo me referirei. Supleméntase tamén a partida de amortización de préstamos por un importe de 4.200.000 o que nos permitirá amortizar (xa vexo que para algúns de vostedes non é importante) o préstamo solicitado no seu día ao BBVA. Por outro lado, xéranse créditos extraordinarios para desenvolver, entre outras, as seguintes actuacións en concellos, ben para gastos correntes, ou ben para investimentos. Para gastos correntes debo destacar o Plan Provincial de Cooperación cos Concellos e coas Mancomunidades para a súa adaptación ao Regulamento de protección de datos por 217.000€, ao que xa se referiu o meu compañeiro señor Pumar. Créditos extraordinarios tamén para actividades culturais, en especial mención para o Plan cultural de Baltar, 40.000; Plan cultural de Cortegada, 30.000; Campamentos Ourensanía en Muíños, e non en Lobios señor Pérez Jácome, 50.000; Programa Castro Caldelas Medieval, 15.000 e, para a dinamización do Castelo, 40.000. Tamén para traballos medio ambientais en Padrenda, 30.000; funcionamento do Centro Agroforestal de Riós, 30.000; ou funcionamento do Museo da Limia en Vilar de Santos, 12.000, entre outros. Para gastos de investimentos en concellos, xéranse igualmente determinados créditos extraordinarios que ascenden a 2.090.000 na súa totalidade e que, detallados por concello, figuran na proposta da Presidencia que obra, como xa dixen antes, en poder de todos vostedes. Concédense axudas - aquí xa se referiron por exclusión, eu vou por adición - a 74 concellos,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

señor Fraga Civeira, e tamén á entidade menor de Berán; se ben polo seu importe total, merecen especial mención as concedidas aos concellos de Monterrei, 203.000 en conxunto, A Veiga, 213.000, Barbadás, 200.000, Os Blancos, 200.000, Castrelo de Miño, 100.000, Cortegada, 220.000, Ribadavia, 230.000, Verín, 530.000 ou Xinzo de Limia, 223.000 que, polo que vexo, ao señor Rodríguez Suárez non lle gusta que lle deamos axudas ao seu concello, espero que os cidadáns de Xinzo llo saiban valorar. Repito tamén que atendemos as peticións, unha vez que o señor presidente as valorou conxuntamente con nós e cos técnicos desta casa, de 74 concellos, quedando moi poucos (e digo moi poucos, non todos os 17) en lista de espera e por distintas razóns que non hai ningún inconveniente en explicarllas no seu momento, señor Fraga Civeira. Pero, como avancei anteriormente, tamén se lle prestan axudas a outras entidades e asociacións que veñen facendo un gran labor para o progreso e benestar dos cidadáns desta provincia que, polo que vexo, algúns de vostedes non o recoñecen así. Sen ánimo de aburrilos, pero si de informar á poboación en xeral, permítanme que destaque ás seguintes. Para gastos correntes nun labor de acción social, concédenselle: 15.000 € á Asociación de Empresarios de Verín, 100.000 á Fundación Gavela de persoas con discapacidade para enfermidade mental. Para actividades culturais-deportivas concédense, entre outras, as seguintes: á Coral Liceo de Ourense, 15.000, á Fundación Sotelo Blanco para o Museo Arqueolóxico Ribeira Sacra, 25.000; para a Fundación Venancio Salcines, o Torneo Debate Ourense, 20.000; Queixumes dos Pinos, actividades no ano 2018, 20.000; Federación de Judo, 6.000; Asociación Ourensana de Xadrez, 7.000; Special Olympics, 10.000; Club Natación Sincronizada de Ourense para participar no Campionato España, 13.000; Expourense, 70.000 (xa dixo o señor Pérez Jácome que non lle gusta nada iso); Federación Galega de Atletismo, Campionato galego e nacional de pista cuberta, 8.000 (espero que isto si lle guste porque el practica habitualmente). En canto ás axudas a entidades e asociacións para gastos de investimentos, teño que destacar tamén as seguintes: Bispado de Ourense 122.000 para arranxos de varias igrexas en Carballiño, A Gudiña, Pereiro de Aguiar, A Cela en Lobios -non en Muíños, señor Pérez Jácome- e tamén en Quintela de Leirado (algo tería que ver aquí o señor Pérez Pérez, don Pablo); á Asociación Española contra o Cancro para arranxo das súas sedes, 60.000; á Fundación San Rosendo para a residencia de maiores en Lobios, pois si, 400.000, importante labor social; á Asociación de Veciños de Moás en Paderne de Allariz, 18.000; e á Fundación Aquis Querquennis, en Bande, para continuar as

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

escavacións do campamento romano, 63.500. Non esquezamos tampouco as axudas ás mancomunidades de concellos da provincia, por un importe total de 230.000. Para rematar, debo dicirlles que na memoria proposta da presidencia figuran tamén diversas modificacións ou cambios no capítulo IV de gastos; non por capricho, senón solicitados polos propios concellos que a presidencia atende na súa totalidade respectando, como vén sendo habitual, a autonomía municipal. Con respecto ás súas emendas, tres creo lembrar - algunha nin sequera a teño diante- anúnciolles que non as imos aceptar, por razóns obvias. Xa digo, vin aquí bastantes ocorrencias; na miña segunda intervención entrarei nalgunha delas. Pero, simplemente, por *apostillar* algo, señor Rodríguez Suárez, Plan único, sorpréndeme que sigan falando diso, cando en Lugo, agora cita moito Lugo, cando en Lugo vostedes co-gobernaban en mellor harmonía que hoxe non se acordaron do Plan único. Xa aquí un día lle dixen as subvencións que ían para o BNG, para o PSOE e as que ían para o PP; agora, como non hai máis remedio hai que facer Plan único, porque non hai máis remedio. O da Lei de estabilidade orzamentaria xa lla citei, creo que non se me entendeu. Logo, señor Pérez Jácome, non confunda á cidadanía, que vostede é un verdadeiro experto niso e llo valoro, pero non llo comparto. Non confunda á cidadanía, o que nós fixemos con iso do informe que vostede citou; nada que ver o que fixemos nós co que di o informe. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente, moi brevemente porque despois de tres anos con este debate reiterado, ano tras ano, aínda que é un punto importante - como dicía o portavoz do Grupo Socialista - de feito quizais é dos puntos máis importantes da orde do día no día de hoxe, non deixa de ser moi frustrante porque é dar *cabezazos* contra a mesma parede que non hai maneira de abrandar. Vou simplemente a contestar tres cousas nas que se referiron a min directamente. Dime o portavoz do Partido Popular que parece que non me gusta que lle dean axudas a Xinzo porque vou votar en contra. Mire, vou votar en contra porque non é o caso dos 223.000 € que van para o Concello de Xinzo; senón como se reparten os cartos; como se reparten os recursos; como vostedes xestionan de xeito clientelar os recursos de todos os cidadáns da provincia de Ourense. Entón, non me particularice no tema de Xinzo, porque mire se me gusta que lle dean axudas ao Concello de Xinzo que nós propoñíamos un Plan no que ao Concello de Xinzo, en concreto, lle ían a tocar 540.000 € todos os anos; todos os anos o Concello de Xinzo ía poder dispoñer,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

se aprobaran ese plan único do que vostedes tanto renegan e que a vostedes non lle gusta nada (entendemos moi ben por que) o Concello de Xinzo podería contar e dispoñer en incorporar a día 1 de xaneiro no seu orzamento 540.000 € cos que podería planificar, cos que podería decidir investimento, decidir prioridades - como dicía na miña primeira intervención - sen que o alcalde de Xinzo de *turno* tivera que vir reunirse co señor presidente e trasladarlle esas propostas a ver se graciosamente lle encaixaban ou non. E o mesmo que falamos do Concello de Xinzo, falamos do resto dos concellos de toda a provincia de Ourense. O Plan único que nós defendemos, que seguimos defendendo, que na provincia de Lugo acaban de aprobar fai dous meses e que é un Plan único que creo que incorpora preto de 60 millóns de euros; é un Plan único que nós defendemos, o único que persegue é que os recursos de todos os cidadáns se repartan con criterios obxectivos. Eu dende logo non fago máis que botar as mans á cabeza porque non entendo por que non lle parece ben que os cartos de todos se repartan con criterios obxectivos entre todos os concellos da provincia, segundo os criterios que marca a propia Federación de Municipios e Provincias e que eses criterios foran coñecidos por todos para poder saber o que lles toca a todos e se reparta de xeito equitativo. Sigo sen entendelo e non o entendo, entre outras cousas, porque vostede non mo explica. Nunca deron un argumento que defenda isto, que defenda este sistema clientelar, a dedo, de repartir os recursos fronte ao que nós propoñemos que é un sistema obxectivo que non depende da cor política do concello e que beneficiaría a todos os cidadáns desta provincia. Sobre todo polo argumento que lle acabo de dicir, no caso de Xinzo, permitiría aos concellos e organizarse cuns recursos estables, sostidos no tempo. Nada máis, nós, dende logo, vamos a votar en contra. Nós o que defendemos respecto da emenda do Grupo Socialista, lamentándoo moito non lle podemos votar a favor porque nós o que propoñamos en todo caso sería que a totalidade do expediente se repartira segundo os criterios da FEGAMP e non exclusivamente eses catro millóns de euros que proverían da partida de amortización de débeda. Nós o que si propoñamos é que a totalidade do expediente quedara sen efecto e con estes cartos que temos de remanente de tesouraría se fixera un novo expediente e que se repartiran entre todos os concellos segundo os criterios obxectivos da Federación Galega de Municipios e Provincias. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:** hola de nuevo a todos. Primero, nos han traído ahora, como bien decía el portavoz del PSOE, la enmienda del Partido Socialista. Creemos que no es una enmienda perfecta pero aquí no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

vamos a cometer la falacia nirvana, que es o perfecto o nada, entonces, mejor esto que lo que pretende el PP. Nosotros vamos a votar a favor de esta enmienda del Partido Socialista para que ese dinero, obviamente, no sea para amortizar la deuda porque hace falta invertirlo en esta provincia. Dicen que ayer se quedaron sin impresora. Me parece mentira que un grupo provincial se quede sin impresora y no pueda entregar esto, Dios mío, hoy en día existen los pen drive; aunque sea cogéis un pen drive y venís por Jolper. Nunca van a faltar impresoras en Jolper para vosotros, así que tranquilos. Decir, también, que en esta modificación se aprueban 25.000 € para un piano en Trives. Como experto en este tema tengo que decir que yo he vendido muchos pianos y considero también que es un gasto excesivo en este tema. Yo recuerdo que vendí, no este piano en concreto porque yo desde que soy diputado provincial no puedo facturar nada por un organismo público, entonces si vienen yo a este piano le hubiera hecho el mejor precio, lo habría vendido yo; al ser diputado no puedo hacerlo. Soy de las pocas personas que dedicándome a la política pierdo dinero. Decir que yo vendí el piano que costó 120.000 € del auditorio y considero que fue un gasto tremendamente excesivo, como todo lo del Auditorio en sí que es todo un despropósito. Entonces la gente me decía, oye, ¿cómo es que se lo vendiste tú? En mi profesión vendo alguna cosa si no lo considero ilegal; como político la critico y obviamente no se debería hacer. Si yo fuera político, no compraría este piano. Simplemente comentar las palabras de Plácido. Antes me confundí de nombre, pero que sepas que conozco perfectamente aquella zona, tanto el sitio del que eres alcalde (por cierto tienes allí el embalse que una vez fuimos en pleno verano y moita praia, moita praia pero había alí dúas personas; había unha sombrilla e dúas persoas, explícame tú por qué tan pouquiña xente alí, en pleno verán na playa, por chamarlle playa) pero conozco, reconozco que conozco más Lobios, cando vou a Lobios vou a ¿como se chama, o Cubano, o restaurante Cubano?. Por cierto, allí en Portela do Home, yendo para Portugal me hace gracia porque tienen una bajada muy frondosa, de las más bonitas que hay en Galicia junto con la de la Ribeira Sacra que es de donde soy yo. Total, me hace gracia porque Plácido dijo antes, gestión brillante. Dice que esta Diputación ha tenido una gestión brillante y Pablo, sin embargo ahí, no se rió. Se rió cuando dije que la Xunta valora en 150.000 € el informe, ahí se rió. Mira, la gestión brillante es la que dice el Faro de Vigo: Orense es la única provincia española en la que hay más población inactiva que activa. Esta es la gestión brillante de este señor, lo demás son hechos subjetivos, son desbarres que puedes tener tú de temas subjetivos. Por cierto que

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

dijiste que es el único que se presentó con un programa electoral para la Diputación. ¿Ves cómo vuelves a decir lo mismo? Soy el único de España, el rollo infantil. Vamos a ver, a la Diputación nadie se presenta porque después lo eligen los alcaldes. Nadie vota a un presidente de la Diputación. Ningún votante en España vota al presidente de la Diputación, es un voto indirecto que después eligen los alcaldes. Con lo cual, es el único porque es el único que hace semejante estupidez. Si los ciudadanos no pueden votar a un presidente de la Diputación ¿cómo se presenta este tío a presidente de la Diputación? Mañana me voy a presentar yo para ser el campeón de natación y boxeo al mismo tiempo y soy el único; voy a unir las dos modalidades y también seré el único de todo el mundo. Estas son las tonterías que hace este señor. Lo del endeudamiento explícamelo tú, vuelves a decir este tema de por qué es bueno hacer inversiones a partir del 2019 y ahora no, porque no me has contestado a eso. Dime por qué este informe, el papel de la Xunta está mal y que intento confundir a la población. Confundir, intentareis confundir vosotros que pagasteis dos millones setecientos mil por algo que vale 150.000 €; además aquí refleja los años en los que es más caro el archivo que son los antiguos. Entonces ¿quién confunde? Yo qué confundo si esto es un papel oficial de la Xunta firmado por un técnico, con una fecha, ¿dónde confundo yo? ¿Acaso falsifico un papel? La única persona que falsificó aquí un papel fue la mujer de ese señor que tiene una sentencia de un año de cárcel por haber falsificado documentos del Ayuntamiento de Orense en una firma, la mujer del señor Baltar, no yo. Yo no falsifico. Entonces, yo no sé quién intenta confundir a la ciudadanía. La intentarán confundir ellos. La intentarás confundir tú pagando 2.700.000 € por algo que vale 150.000. Después, todo el rato dice que tenemos ocurrencias, no ves que son todo juicios de valor. Argumenta, *carallo*. Yo seré soez, pero por lo menos argumento. Ocurrencias también tes ti e ti de min, así estamos 15 horas debatendo. Plácido, tienes ocurrencias, ¿no las tienes tú?. Argumenta por qué. Tú dime por qué este papel está mal, dímelo, y dime por qué es bueno tener deuda cero en 2018 - 2019, empezar a invertir a partir de ahí y ahora no. ¿Por qué es bueno darle al banco ahora cuatro millones y no dárselos después? ¿Por qué aceleras la amortización? Porque no lo entiendo. Sí, acelera una amortización cuando tienes exceso de liquidez; pero una provincia pobre nunca puede tener exceso de liquidez porque hacen falta inversiones, inversiones para generar riqueza; no para generar pobreza. No necesitamos auditorios, necesitamos un centro de investigación donde vengan científicos. Necesitamos fábricas, suelo industrial, ¿vale? lo que decíamos el otro día

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

do Val da Rabeda. No necesitamos auditorios, los auditorios no crean riqueza. Los auditorios dan un servicio. Decías que hace las cosas bien. Entonces, ¿por qué tuvo una llamada del Estado español por ser el único sitio que no tiene los inventarios declarados? Y después con la interventora que tuvo aquel problema con la regla de gasto ¿por qué? Si hacéis las cosas tan bien ¿por qué os dieron un tirón de orejas del Estado español por cómo hacéis la gestión? No sé a qué viene decir que hacéis las cosas de forma brillante. Respecto al termalismo, yo te hago una prueba del termalismo, la prueba del algodón. El termalismo es - dices tú - un auténtico generador económico, una auténtica maravilla. Bueno, pues vuelve a hacer la prueba del algodón. Aquí tienes en las Burgas la piscina termal, en la piscina termal se bañan en ella en torno a unas 30 personas al día. Cuando se cobraban 2 € venían una o dos personas al día. ¿Eso para ti es potencial económico? ¿Tú sabes cuánto se paga por alquilar la zona termal de Orense, la Chavasqueira y la de O Muíño, sabes cuánto se paga? 800 € al mes cada uno ¡vaya riqueza! Non chega nin para pagar unha semana de sueldo aquí dun bedel, con seguridad social. O Muíño paga por todo ese terreno duns 2.000 ou 3.000 m<sup>2</sup> con aguas termales, paga al Concello, como canon, 800 € al mes. Y ¿eso genera riqueza? ¡home vai! ¡home vai! Si en publicidad gastáis un millón de veces más. Respecto a Expourense, nosotros estamos totalmente en contra de pagar las actividades; pero estamos, sin embargo, a favor de que haya infraestructuras. Es decir, nosotros criticamos que se le dé dinero al Club Ourense Baloncesto, pero no criticamos que haya, al menos en la provincia, tendrá que haber un pabellón. Es decir, no estamos en contra de las infraestructuras. Respecto a los auditorios: en Orense debía haber un auditorio, ¡oye! Lo que no puede haber son 40 en una provincia que se está muriendo. Pero en Orense debe haber un auditorio digno y ¿pagado con dinero público? Pues sí, creemos en las infraestructuras, lo que no estamos es a favor de pagar después a los artistas de teatro. Ese es el tema. Entonces, el tema del atletismo obviamente creemos que ciertas actividades las tienen que pagar los usuarios, pero en la infraestructura ahí sí creemos, siempre son de interés general. Nada más.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas garzas señor presidente. Empezo polo final, agradecerlle o voto a favor do Grupo de Democracia Ourensana e facer unha breve aclaración, indicarlle que carecemos de sinatura dixital co cal nos foi imposible, por máis que o intentáramos, asinar nun pen - drive, non houbo maneira, ou asinamos en papel ou senón nada. Señor Álvarez Dobaño, fálanos vostede de xestión brillante

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

con cargo ao resultado orzamentario de 26 millóns de euros. Ben é certo que, deses 26, non sabemos a cantidade fixa pero en torno a uns 11 é gasto que xa está comprometido ou que quedou pendente de executar do exercicio anterior. Eu aceptaría o de brillante resultado se esta Deputación, ao igual que moitos concellos e deputacións, recadase de seu. A maior parte dos recursos desta Administración veñen de transferencias doutras administracións. ¿Control sobre o gasto? Bueno, pódollo admitir. Non sempre un resultado orzamentario como estes, reflicte un resultado brillante; ás veces reflicte unha falta de execución do orzamento anterior, do exercicio orzamentario. Pero, máis alá diso, diso do que vostede se gaba, a miña pregunta é ¿é necesaria esta amortización anticipada da débeda da Deputación do préstamo que ten? ¿máis alá do incumprimento da regra de gasto, que o ano pasado incumprímola? E outra pregunta, ¿que gastos nos vai xerar esta amortización anticipada? Eu só agardo a que a fagan cara a final de ano, do exercicio, para que o gasto que haxa que pagar por esa amortización anticipada sexa o menor posible. Porque estamos falando de algo moi básico que debe dar cumprimento esta Deputación. Falamos de algo que vostede sabe moi ben e por partida dobre porque é alcalde nun Concello e secretario - interventor noutro; falamos de necesidades municipais, de necesidades que teñen todos os concellos desta provincia e que acoden a esta administración para que lles axude, que está dentro dos seus cometidos. Pois ben, tan difícil é ter un plan no que, dentro da súa autonomía municipal, os concellos podan decidir o que queren baseados en baremos de reparto obxectivos ¿É tan difícil? Voulle poñer aínda máis voltas e reviravoltas: nós votariámoslle a favor, e ata lle aplaudiríamos coas orellas, se estes 14 millóns de euros – que van aquí case 15 - fosen repartidos aos concellos desta provincia con cargo a uns criterios obxectivos. Eu creo que vostede, como alcalde que é nun concello, eu creo que tamén estaría de acordo. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** señor Jácome, vou a empezar dicíndolle que non sei cantas veces foi vostede a Muíños, pero, ou non mirou ben, ou unha *sombrilliña* solo no verán non foi así. Invítoa a que veña este verán, xa verá como ve moitas máis *sombrillas*, a Deus gracias. Eu non dixen nunca, en ningún momento, que se falsificara ningún documento; sinxelamente lle dixen que o que di ese informe é o que fixo esta Deputación non é para nada o mesmo. Non llo vou a explicar aquí porque non é o momento nin o caso. Mire vostede, o discurso que faga eu é o que faga eu, non o que fai vostede. Xa sei que vostede actúa para un medio de comunicación e eu non, porque xa llo

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

dixen máis veces, non estou na súa nómina, nin pretendo. Entón, quede claro iso. Señor Fraga Civeira, en ningún caso as deputacións, co actual modelo, poderían recadar ingresos por si; entón vámolos deixar así. Do Plan único detereime un pouco máis adiante porque seguen insistindo nel e non quixera darlle máis datos, pero simplemente apuntarlle por que hai Plan único agora en Lugo e non o había antes cando a gobernaron esa deputación moito tempo, ou a co-goberaron. Claro, haino cando non hai máis necesidade que habelo. Nós presentámonos, e repítoos outra vez, presentámonos e o señor presidente díxoo, a unhas eleccións cun Plan que se chama 15-19 que é o que nos obriga. Iso de que el presentou un programa electoral; pois así o deberían de facer todos, incluso creo que o novo PSOE fala de facer iso. Non sei se nos copian, ou lle pareceu ben a idea. Elixávos. Pero creo que falan de quen vai ser o próximo presidente da Deputación sen dubidar de se Ourense o quere; é dicir, xa copiaron o noso modelo, ou polo menos vén que é bo. O señor Pérez Jácome, o señor do BNG, non nos dirán nunca quen vai ser o próximo presidente porque para que, ¿non? Entón, non no lo dirán nunca. Nós si, si que o volveremos a dicir e, polo que vexo, vostedes tamén e logo que os cidadáns voten que esa é a marabilla dunha democracia. Sen alongarme moito, pero tan só reiterar unha vez máis - e vexo que non lle gusta - que este expediente de modificación de créditos, repítoos, é unha consecuencia máis da boa xestión económica dos últimos anos (e non digo só do ano 17) e din datos, gústelles ou non lles guste. Quero recordarlles tamén, señores deputados e deputadas dos grupos da oposición, que a responsabilidade - e isto non é unha chulería, enténdano ben, é unha realidade - é unha responsabilidade do Grupo Popular gobernar esta Deputación porque así o quixeron os cidadáns e parecen esquecelo, porque pretenden de maneira sibilina impor os seus criterios. Pois non é así. Non hai máis volta de folla. Nós gobernamos e con todo o dereito do mundo decidimos a estratexia de goberno que queremos desenvolver, con seriedade. Obxectivos, por certo, claramente definidos no Plan ao que me referín antes, 15-19. ¿Teñen vostedes algún Plan alternativo? ¿teñeno? E con moito sentido común facémolo. Todo isto, imaxino que xa o saben, baixo o respectuoso criterio da autonomía municipal - repítoos sempre e non me cansarei nunca - que é o obxectivo prioritario de darlle servizo aos pequenos concellos. Xa o dixemos por activa e por pasiva, pero vostedes teiman á menor oportunidade que teñen de pretender dirixir esta institución co xa cansino, unha vez máis, Plan Único de equiparación entre concellos e que está tan de moda agora coas outras deputacións galegas. Xa digo por que, e nós non somos nin Lugo, nin A Coruña, nin

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Pontevedra (Coruña e Pontevedra por cuestións orzamentarias e Lugo, incluso, por diferenzas evidentes). Aínda máis, fártanse vostedes de falar nos medios das diferenzas con estas deputacións no tocante ao diñeiro destinado aos concellos, xa lle dixen aquí como se repartía o diñeiro nalgún momentos nesas deputacións que agora vostedes poñen de modelo. Pero esquécense, non sen certa intención, dos recursos que cómpre destinar a todos os servizos que presta a Deputación e aos que se pode acoller calquera concello, e digo calquera, ¿ou acaso a recadación non custa? ¿ou todos os servizos de tratamento e recollida de lixo saen gratis? ¿e vías e obras ou servizos medio ambientais? (vexo que non lles gusta nada o que lles digo). A algún, nunha moción posterior, dareille datos do que subvenciona a Deputación porque polo que vexo, e dáme un pouco de pena, non o entenden nin os alcaldes. Dáme un pouco de pena que non saiban nin o que traen entre mans. Pero direillo despois. Sexamos serios e non pretendamos confundir á opinión pública que, polo que vexo, é o que pretenden vostedes. Remato xa, como ben dixo o presidente no debate do estado da provincia, a Deputación, esta deputación, é a mellor aliada dos concellos da provincia; a administración máis cercana aos concellos que planifica e executa políticas que teñen que ver con cuestións medio ambientais, que polo que vexo esquécenas, sociais, que polo que vexo esquécenas, culturais, que tamén vexo que as esquecen e mesmo turísticas, que tamén vexo que as esquecen. A Deputación está sempre, non falta e non falla. Receptividade a todas as cuestións e disposición total para formular ante quen sexa as propostas que persigan a defensa dos intereses provinciais e non vou citar aquí, señor Fraga Civeira, algún dos 17 concellos que vostede dixo que non foran atendidos, que non demandou nada, díxoo dou días antes como *“a ver si me cae algo por ahí, te mando algo en un paquetito”*. Non quero por nomes porque intento ser moderado, non como algún de vostedes. Somos unha Deputación que asiste técnica, economicamente e tamén xuridicamente aos concellos pero tamén persegue e defende unha visión integral da provincia, dicíao o señor presidente e dicímolo nós todos - outra cousa é que lles faga gracia - unha visión de autoidentificación, autoestima o orgullo de ser ourensán; a ourensanía que tamén lle fai graza, aposta pola identidade, e creo que niso deberíamos estar de acordo cando menos. Señorras e señores deputados, temos vocación construtiva, quede claro. Erguémonos cada mañá para facer cousas por e para Ourense; outros, e sen citar a ninguén, para que non as fagamos. Esa é a diferenza. No vindeiro mes de maio, do próximo ano, falarán os cidadáns. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidente somete a votación en primeiro lugar a proposta de Democracia Ourensana sobre a retirada do expediente ou deixalo sobre a mesa, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

En segundo lugar somete a votación a emenda presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), e o voto en contra do Grupo Popular (13) e do BNG (1).

A continuación somete a votación o expediente de modificación orzamentaria, e co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 1/2018 do expediente, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. AMORTIZACIÓN CAPITAL VIVO**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
011. 11/913.01	Amortización préstamo refinanciamento BCL/BBVA	4.200.000,00 €

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
179.11/721.09	A Confederación hidrográfica do Miño. Medio natural	309.636,81 €
450.12/762.01	A Concellos subvencións. Cooperación provincial	5.083.889,24 €
231.11/789.03	Outras transferencias. Acción social	472.069,75 €
313.31/627.02	Plan Ourense provincia termal. Termalismo	50.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
450.12/821.20	Préstamo. Cooperación financeira	100.000,00 €
334.20/627.02	Proxectos complexos. Cultura	900.000,00 €
450.12/762.02	A Concellos. Subvencións en especie. Cooperación provincial	2.090.305,40 €
336.11/789.03	Outras transferencias patrimonio histórico artístico	121.193,53 €
334.20/789.03	Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas	81.500,00 €
414.11/789.03	Outras transferencias asociacións. Medio rural	80.000,00 €
924.12/789.03	Outras transferencias asociacións. Participación veciñal	60.000,00 €

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
431.11/480.03	A Expourense. Feiras e exposicións	70.000,00 €
450.12/463.01	Cooperación provincial. Transferencias correntes mancomunidades.	222.292,00 €
341.11/482.01	Subvencións entidades deportivas. Fomento do deporte	92.000,00 €

**CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
450.12/462.17	Cooperación a Concellos. Protección de datos	217.000,00 €
450.12/462.16	A Concellos. Transferencias correntes	457.678,00 €
231.11/489.30	Acción social. Outras subvencións	115.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

334.20/489.30	Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións	117.000,00 €
414.11/489.30	Medio rural. Outras subvencións	15.000,00 €
134.11/489.30	Protección civil. Outras transferencias	2.500,00 €
334.20/226.06	Reunións e conferencias. Actividades culturais e recreativas	13.025,00 €
341.11/489.30	Outras subvencións. Fomento do deporte	8.000,00 €

**RESUMO**

Suma suplementos de crédito .....	10.499.887,80 €
Suma créditos extraordinarios .....	4.378.201,93 €

**RECURSOS UTILIZADOS**

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>14.878.089,73 €</b>
--	------------------------

2º.- Nas bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilita crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.16** A Concellos. Transferencias correntes:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
A Bola	Transporte municipal	15.000,00 €
A Gudiña	Gastos de funcionamento da "Casa da viuva"	15.000,00 €
Bande	Dirección de obras de acceso igrexa Santa Comba de Bande	23.000,00 €
Baltar	Plan Cultural	50.000,00 €
Boborás	Organización Festa da Batalla en Pazos	20.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Castro Caldelas	Programa "Castro Caldelas Medieval, no corazón da Ribeira Sacra"	15.000,00 €
Castro Caldelas	Dinamización Castelo	40.000,00 €
Cortegada	Programación cultural e deportiva	30.000,00 €
Larouco	Redacción proxecto abastecemento	15.000,00 €
Lobios	Proba Deportiva Peneda Gerés Trail Adventure	20.000,00 €
Muíños	Campamentos Ourensanía-coñece Ourense e socorristas 2017	50.000,00 €
Muíños	Programa coñece Ourense. Campamento Ourensanía, socorristas	70.000,00 €
Oimbra	Redacción Plan Especial	15.000,00 €
Paderne de Allariz	Redacción Proxecto Escola Infantil	17.678,00 €
Padrenda	Traballos Medioambientais	30.000,00 €
Piñor	Rally Mix	12.000,00 €
Punxín	Evento para novos valores	5.000,00 €
Riós	Gastos de funcionamento do centro Agroforestal	30.000,00 €
Vilar de Santos	Gastos de funcionamento Museo da Limia	12.000,00 €
Vilardevós	Rozas vías municipais	3.000,00 €
Xunqueira de Espadañedo	Gastos mantemento museo de olería	40.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/821.20** "Préstamo. Cooperación financeira"

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Avión	Préstamo cooperación subministración auga	100.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.02**. A Concellos subvencións en especie.  
Cooperación provincial:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
A Bola	Acondicionamento e reparación Rubiás	38.000,00 €
A Bola	Reparación do firme en casal de Feás	23.000,00 €
A Mezquita	Arranxo piscinas municipais	48.000,00 €
A Mezquita	Arranxo parque infantil	30.000,00 €
A Peroxa	Mellora de firmes a "Turzavella, Casarizas, Vales, San Cibrao e outros"	48.000,00 €
A Peroxa	Mellora de firmes en Toubes, Armental, Gual, Corbelle, Abertesga	48.000,00 €
Arnoia	Renovación sistema de alumado público para aforro enerxético	39.868,04 €
Arnoia	Vías municipais Babelo, Pumar e Remuíño	35.000,00 €
Baltar	Obras urxentes na rede de saneamento/abastecemento en Montecelo-Santantuiño-Tixós	48.000,00 €
Cartelle	Remate pista polideportiva ULFE	35.000,00 €
Cartelle	Mellora e acondicionamento camiños municipais de Outumuro, Cartelle, Oleiros, Lagoa, Seara, Parvon	48.000,00 €
Celanova	Mellora da instalación de depuración de fosas sépticas	45.980,00 €
Chandrexa de Queixa	Actuación en Villaceleiros	48.000,00 €
Gomesende	Arranxo vías municipais	48.000,00 €
Laza	Construción de muro de contención na rúa Outeiro	48.400,00 €
Lobeira	Fosas sépticas e mellora da capa de rodadura en Carreiras	37.432,87 €
Lobeira	Rede de saneamento en Sendariz	20.573,33 €
Lobeira	Mellora capa de rodadura Anobueira,	48.200,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

	Baldemir, Ermille	
Melón	Mellora en aparcamento a río Cerves	18.740,19 €
Melón	Mellora abastecemento parroquia de Melón	37.645,00 €
Maceda	Humanización rúa do Castelo	48.000,00 €
Montederramo	Depósito en Covas	35.112,97 €
Montederramo	Reforma alumeadado público	30.000,00 €
Monterrei	Mellora de captación Villaza	40.000,00 €
Monterrei	Mellora de captación Albarelos	40.000,00 €
Monterrei	Mellora dos servizos municipais na instalación de iluminación pública EN VILLAZA	48.000,00 €
Monterrei	Arranxo de infraestruturas deportivas	45.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Obras de mellora Camiño do Val	38.000,00 €
Oímbra	Praza igrexa Rabal	48.000,00 €
Oímbra	Mellora da praza da Fonte e da rúa do Campo	48.000,00 €
Padrenda	Acondicionamento ensanche e abastecemento de Condado	48.000,00 €
Padrenda	Acondicionamento do Torreiro de Esmoriz	48.000,00 €
Petín	Mellora e acondicionamento do entorno do Telecentro de Freixido	48.000,00 €
Piñor	Mellora de pista de Loeda	48.000,00 €
Poboa de Trives	Rúa San Martín	48.000,00 €
Rairiz de Veiga	Saneamento núcleo rural en Forxas	48.000,00 €
Ramirás	Praza na Corredoira	48.000,00 €
Rubiá	Beirarrúas na rúa das Poulas	48.000,00 €
San Amaro	Acondicionamento nos camiños do concello de San Amaro	48.000,00 €
San Cibrao das Viñas	Vía no Piñeiral	44.353,00 €
San Cristovo de Cea	Calle Saleta-Campurro	48.000,00 €
Sarreaus	Reparación vías municipais Pazos, Ames,	35.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

	Paradiña, Vilarino, Freixo, Lodeselo e Sarreaus	
Sarreaus	Reparación vías municipais Folgoso, Cortegada e Penedo	35.000,00 €
Toén	Arranxo rúas en Moreiras	48.000,00 €
Verea	Construción e adecuación nave para maquinaria e almacén municipal en Verea	47.000,00 €
Vilamartín de Valdeorras	Vías municipais en Cernego e Correxais (2018 e 2019)	48.000,00 €
Vilar de Santos	Mellora e arranxo de camiños municipais	48.000,00 €
Vilar de Santos	Mellora de accesos casa do concello	43.000,00 €
Vilardevós	Mellora subministración auga potable en Berrande	48.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos subvencións. Cooperación provincial:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
A Gudiña	Brazo mini - pa	6.000,00 €
A Merca	Achega á mellora de infraestruturas deportivas Zarracós	18.000,00 €
A Merca	Mellora de accesibilidade mediante dotación de ascensor na casa do concello	39.181,84 €
A Peroxa	Rehabilitación vivendas	40.000,00 €
A Peroxa	Apertura camiño en Fontao e Santabaia	9.000,00 €
A Rúa	Proxecto dixital Centro Cultural Avenida	20.000,00 €
A Teixeira	Proxecto abastecemento	100.000,00 €
A Veiga	Saneamento e arranxos en Prada	48.000,00 €
A Veiga	Depósito de auga e arranxos en Baños	40.000,00 €
A Veiga	Observatorio-2º Prazo	125.000,00 €
Amoeiro	Despacho de enfermaría no Centro de Saúde	7.862,77 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Arnoia	Instalación equipo de frío velorio municipal	7.805,00 €
Avión	Reemisor de Cortegazas	16.748,82 €
Avión	Estrada de Cortegazas	48.000,00 €
Avión	Reformas no Centro Integral de Servizos Sociais	90.000,00 €
Bande	Acondicionamento núcleo rural de Vilela	16.999,00 €
Bande	Reforma e mellora de iluminación na Granxa e Pazos	14.999,01 €
Bande	Substitución de alumeado en Ponte Liñares	20.100,00 €
Baltar	Vía Municipal acceso parapente	100.000,00 €
Barbadás	Substitución do céspede sintético no campo dos Carrís na Valenzá	200.000,00 €
Beariz	Acondicionamento Casa Niño	28.000,00 €
Beariz	Sinalización turística	9.655,87 €
Beariz	Bombeo solar en Adrián	6.400,00 €
Beariz	Canastras colgantes pavillón	8.000,00 €
Boborás	Centro Multiusos	125.000,00 €
Blancos	Residencia de 3ª idade	200.000,00 €
Carballada de Valdeorras	Colocación de vidreiras na igrexa de Sobradelo	18.000,00 €
O Carballiño	Proxecto Medioambiental-criadeiro de Troitas (Canle Ictioxénico do Carballiño)	48.000,00 €
O Carballiño	C.D Arenteiro -asentos grada Espiñedo	13.000,00 €
Cartelle	Sinalización na rede viaria municipal	12.000,00 €
Castrelo de Miño	Mellora e adecuación do campo de remos (problemas en 2017)	100.000,00 €
Castrelo do Val	Cuberta pista polideportiva en Castrelo do Val	25.600,00 €
Celanova	Rehabilitación da antiga escola de Acevedo do Río	18.113,33 €
Celanova	Reparación de danos causados polos temporais	11.921,10 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Cenlle	Arranxo campo de fútbol Barbantes	29.000,00 €
Cenlle	Saneamento en Rioboo	20.000,00 €
Cenlle	obras drenaxe e muros en Cuñas e Cimadevila	32.973,42 €
Chandrexoa de Queixa	Fosa séptica Casdiego	26.000,00 €
Chandrexoa de Queixa	Brazo rozadora lateral	23.000,00 €
Cortegada	Campo de fútbol	200.000,00 €
Cortegada	Mellora enerxética achega proxecto IDAE	20.000,00 €
Cortegada	Parque empresarial	30.000,00 €
Cualedro	Restauración da escola para casa -neno 1ª fase	100.000,00 €
Cualedro	Elaboración proxecto parque empresarial	48.000,00 €
Entrimo	Pista polideportiva	30.000,00 €
Esgos	Obras de mellora abastecemento a Xaravedra	25.000,00 €
Esgos	Velorio municipal	124.000,00 €
Irixo	Subministro e colocación conxunto escultórico	4.054,00 €
Irixo	Praza en Coucieiro	15.000,00 €
Larouco	Pavimentación e rehabilitación na rúa Igrexa Vella de Larouco	14.909,00 €
Larouco	Adquisición rozadora	30.000,00 €
Larouco	Saneamento e abastecemento Rúa Carril	10.000,00 €
Laza	Remate da Base sede GES -obra complementaria	40.000,00 €
Leiro	Mellora rúa Casanova	80.000,00 €
Lobios	Presa Riocaldo	20.000,00 €
Melón	Mellora de saneamento e canalización de regadío en Quins	8.115,13 €
Melón	Reposición beirarrúa en Quins	13.115,13 €
Melón	Canalización de pluviais en Seoane	4.013,70 €
Melón	Varandas de protección en Cimadevila e	8.750,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

	Penavaqueira	
Montederramo	Equipamento albergue	10.000,00 €
Montederramo	Cisterna para acople de tractor municipal	25.000,00 €
Monterrei	Conservación e mantemento Castelo de Monterrei	30.000,00 €
Muñíos	Ampliación, reforma e equipamento da residencia "Virxe da Clamadoira"	60.617,52 €
Muñíos	Equipamento CEIP Mugueimes	18.546,00 €
Nogueira de Ramuín	Mellora rede eléctrica para aforro enerxético	12.500,00 €
O Bolo	Recuperación muíño fariñeiro	48.000,00 €
Oímbra	Adquisición terreo para vivendas de promoción pública	80.000,00 €
Paderne de Allariz	Auga da Canteira de Rioseca á ETAP da Torre	55.000,00 €
Padrenda	Obras de reparación da estrada de San Amaro a Lavandeira por mor dos danos ocasionados pola tormenta	52.000,00 €
Padrenda	Regadío e pavimentación Pontillón	8.212,00 €
Petín	Bombeo auga mancomunidade A Rúa –Petín	30.000,00 €
Piñor	Rehabilitación Lavadoiros de Piñor, Arenteiro e do forno de Guimaras	20.000,00 €
Poboa de Trives, A	Escola de Música-PIANO	25.000,00 €
Pobra de Trives, A	Adquisición de rozadora	27.000,00 €
Pontedeva	Obras cofinanciadas pola Xunta de Galicia (FCA, FEADER, axudas parques empresariais, plan mellora camiños municipais)	54.276,80 €
Pontedeva	Construción de Vivenda social no Valiño	80.000,00 €
Porqueira	Mantemento maquinaria	18.000,00 €
Porqueira	Gastos en infraestruturas en pobos do concello	40.000,00 €
Porqueira	Restitución luminarias públicas	40.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Punxín	Transporte municipal	5.000,00 €
Punxín	Reconstrución muro en Freás na estrada de Cabo a Santomé	35.846,25 €
Punxín	Obras de canalización de regadío en Viñao	8.318,75 €
Punxín	Reforma sistema de abastecemento de auga municipal	18.500,00 €
Punxín	Mellora de abast. e saneamento en Viñao	8.203,11 €
Punxín	Reparación de semáforo da Forxa	7.584,89 €
Quintela de Leirado	Construc. Edificio Multiusos Municipal e proxecto	82.500,00 €
Rairiz de Veiga	Adquisición de instrumentos para Escola de Música Municipal	17.000,00 €
Ramirás	Furgoneta transporte público municipal	25.000,00 €
Ramirás	Mellora e acondicionamento local social Asoc. De veciños "San Paio dos Pitos"	12.000,00 €
Ribadavia	Acondicionamento Campo de Fútbol	230.000,00 €
Riós	Arranxo de camiños en Marcelín	14.000,00 €
Riós	Pavimentación de camiños no núcleo rural de Padroso	13.553,72 €
Riós	Mellora de saneamento no pobo de Florderrei	20.000,00 €
Riós	Abastecemento na traída de augas no pobo de Souto	12.000,00 €
San Cristovo de Cea	Parque empresarial electrificación	100.000,00 €
San Cristovo de Cea	Ampliación local social Ponte-Mandrás	18.000,00 €
Sarreaus	Equipamento velorio Codosedo	15.000,00 €
Toén	Pista polideportiva	20.000,00 €
Trasmiras	Drenado no Polígono 507, parcela 327	43.152,23 €
Verín	Convenio Auditorio	530.686,00 €
Vilamartín de Valdeorras	Mellora de firme e arranxo de pluviais en Surregos (Córgomo)	17.500,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Vilamartín Valdeorras	de	Gastos de captación de auga en Río Farelos	13.050,00 €
Vilar de Santos		Mellora enerxética achega proxecto IDAE	39.886,40 €
Xinzo de Limia		Reparación cuberta Centro Social Mosteiro	12.000,00 €
Xinzo de Limia		Instalación de son pavillón	6.897,00 €
Xinzo de Limia		Campás San Pedro de Laroá	8.000,00 €
Xinzo de Limia		Reparación reloxo Torre de Ganade	6.000,00 €
Xinzo de Limia		Adquisición equipamento musical para agrupación musical da Limia	9.150,00 €
Xinzo de Limia		Conservatorio	7.487,00 €
Xinzo de Limia		Urbanización Rúa do Peto	126.380,45 €
Xinzo de Limia		Tapiz ximnasia rítmica	6.000,00 €
Xinzo de Limia		Local Social Laroá	30.477,00 €
Xinzo de Limia		Adquisición máquina hidrolimpadora	10.000,00 €
Berán		Pasarela peonil Balneario vello e xeradores estudio Balneario novo	14.800,00 €
Xunqueira Ambía	de	Proxectos de Emerxencia Social	70.000,00 €
Xunqueira Ambía	de	Substitución depuradora no Lugar da Pousa	18.000,00 €
Xunqueira Ambía	de	Vivenda tutelada, rehabilitación antigo cuartel 1ª fase.	75.000,00 €
Xunqueira Ambía	de	Equipamento velorio en Bobadela	10.000,00 €
Xunqueira Espadañedo	de	Brazo rozadora	20.500,00 €
Xunqueira Espadañedo	de	Cambio fotovoltaica. Estrutura placas solares	50.000,00 €
Xunqueira Espadañedo	de	Mellora estrada Pardeconde-Alto do Couso	17.747,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/789.03**. Outras transferencias de capital.

Bispado:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Bispado de Ourense	Arranxo entorno Igrexa de San Martín e San Pedro da Gudiña.	30.000,00 €
Bispado de Ourense	Reforma tellado Igrexa da Cela	30.000,00 €
Bispado de Ourense	Rehabilitación cuberta igrexa de Santa Marta de Moreiras (Pereiro de Aguiar)	19.043,53 €
Bispado de Ourense	Arranxo tellado igrexa de Mesego (Carballiño)	24.000,00 €
Bispado de Ourense	Mellora e substitución de portas na igrexas de Leirado, Redemuíños e Xacebáns (Quintela de Leirado)	18.150,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **179.11/721.09**. A Confederación hidrográfica do Miño. Medio natural:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Poboa de Trives	Transvase de auga (Mellora Abastecemento)	238.636,81 €
Vilamarín	Confederación hidrográfica	71.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/789.03** Outras transferencias. Acción social:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
AECC	Arranxos sede	60.000,00 €
Fundación San Rosendo	Residencia 3ª idade en Lobios	400.000,00 €
Padroado San Carlos Celanova	Reforma sistema de calefacción residencia de anciáns	12.069,75 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/789.03** Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Aquis Querquennae	Proxecto escavacións	63.500,00 €
Asociación de Veciños Moás (Paderne de Allariz)	Arranxo forno "Moas"	18.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/489.30** Acción social. Outras subvencións:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Asoc. de Empresarios de Verín	Gastos funcionamento e dinamización comercial	15.000,00 €
Fundación Gavela	Servizo Protección Xca. Persoas con discapacidade por enfermidade mental	100.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.30** Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Asoc. Saínza	Axuda festa 2017	12.500,00 €
Asoc. Veciños San Andrés de Vilavidal	Actos de celebración dos 100 anos de Vilavidal concello de Ramirás	5.000,00 €
Asociación Coelerni Celanova	Traxes obra teatral da Pasión en Semana Santa	6.000,00 €
Coral Liceo de Ourense	Vestiario	10.500,00 €
Fundación Sotelo Blanco	Museo Arqueolóxico Ribeira Sacra- Convenio: Concello-Fundación e Deputación	25.000,00 €
Fundación Venancio Salcines	Torneo Debate "Ourense Termal"	20.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Queixumes dos Pinos	Actividades 2018	20.000,00 €
UIMP Galicia	Convenio 2018 actividades	18.000,00 €
Asociación galega de graduados e enxeñeiros técnicos de telecomunicacións	Organización II Congreso internacional de drons	10.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/489.30**. Medio rural. Outras subvencións.:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Asociación Apícola de Galicia	Apiario experimental	15.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **924.12/789.03** Outras transferencias asociacións. Participación veciñal:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Asociación de veciños de Ábedes	Local Social	60.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **134.11/489.30** Protección civil. Outras transferencias:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
AVPC Ourense	Xornadas de Protección Civil en Celanova 2018- invitar a Portugal	2.500,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.10** Actividades deportivas. Fomento do deporte:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Federación de balonmán	Escolas deportivas	3.000,00 €
Federación galega de fútbol	Escolas deportivas	5.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Federación de judo	Escolas deportivas	6.000,00 €
Asociación ourensá de xadrez	Escolas deportivas	7.000,00 €
Special Olympics	Actividades 2018	10.000,00 €
Club Natación Sincronizada Ourense	Campionato España Natación Sincronizada- Ourense Provincia Termal	13.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **431.11/480.03** A Expourense. Feiras e exposicións

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Expourense	Actividades 2018	70.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/489.30** Outras subvencións. Fomento do deporte:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Federación Galega de Atletismo	Campionatos Galegos e Nacional Pista cuberta	8.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/463.01** Cooperación provincial. Transferencias correntes mancomunidades:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Mancomunidade Conso Frieiras	Gasto de funcionamento	40.000,00 €
Mancomunidade de Monterrei	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade de Monterrei	Asistencia técnica e premio "Xesús Taboada Chivite"	6.000,00 €
Mancomunidade Celanova	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade de Ourense	Gastos de funcionamento	50.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Mancomunidade de Verín	Calefacción nova sede	6.292,00 €
Mancomunidade Riós -Gudiña	Aforro enerxético	20.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.01** Subvencións deportivas. Fomento do deporte:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Pavillón C.F.	Equipación Sponsor-Fútbol base	8.000,00 €
UD Ourense	Tempada 16/17	18.000,00 €
UD Barbadás	Gastos tempada 17/18	22.000,00 €
S.D. Nogueira de Ramuín	Gastos tempada 17/18	19.000,00 €
UD Ourense	Tempada 17/18	25.000,00 €

**3º.-** Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV de gastos, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.12 “A Concellos festa da Saínza Vilar de Santos. Actividades culturais e recreativas”, prevíase unha subvención ao Concello de Vilar de Santos para a festa da Saínza por importe de 12.500,00 euros. En base á solicitude verbal do Concello ante o requirimento de documentación, propónse o cambio de beneficiario de dita subvención debido á existencia dun erro no orzamento do exercicio 2018:

- 334.20/462.00. A Concellos. Actividades culturais e recreativas:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Rairiz de Veiga	Festa da Saínza	12.500,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

- Con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/479.02 “Outras subvencións Consello Ribeira Sacra. 25 anos promoción comercial”, prevíase unha subvención ao Consello da Ribeira Sacra para os 25 anos de promoción comercial por importe de 25.000,00 euros. En base á solicitude verbal do Consello ante o requirimento de documentación, propónse o cambio de finalidade de dita subvención debido á existencia dun erro no orzamento do exercicio 2018:

- 431.41/479.02. Outras subvencións. Gastos de funcionamento Consello da Ribeira Sacra:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Consello da Ribeira Sacra	Gastos de funcionamento	25.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/479.03 “Outras subvencións Consello Ribeiro (Ruta do Viño) Promoción comercial”, prevíase unha subvención ao Consello do Ribeiro para a ruta do viño por importe de 30.000,00 euros. En base á solicitude do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro de data 06 de marzo de 2018 ante o requirimento de documentación, propónse o cambio de beneficiario de dita subvención debido á existencia dun erro no orzamento do exercicio 2018:

- 431.41/479.03. Outras subvencións Consello Ribeiro (Ruta do Viño) Promoción comercial:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Asociación Ruta do Viño do Ribeiro	Ruta do Viño	30.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.29 “Outras transferencias Café Torgal F.A. AUTUMN 2016”, prevíase unha subvención a Café Torgal para “AMERICAN AUTUMN 2016” por importe de 4.000,00 euros. En base á solicitude

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

do beneficiario de data 06 de marzo de 2018 ante o requirimento de documentación, propónse a corrección do beneficiario de dita subvención debido á existencia dun erro no orzamento do exercicio 2018:

- 334.20/489.29. Outras transferencias Café Torgal F.A. AUTUMN 2016:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Isaac Rodríguez y David Rodríguez S.C	AMERICAN AUTUMN 2016	4.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.08 “Copas Deputación. Fomento do deporte”, prevíase unha subvención a favor da Delegación da federación galega de fútbol para “Copa Deputación fútbol e fútbol sala” por importe de 48.500,00 euros. En base á solicitude do beneficiario de data 06 de marzo de 2018 ante o requirimento de documentación, propónse a corrección do beneficiario de dita subvención debido á existencia dun erro nas bases de execución do orzamento do exercicio 2018:

- 341.11/462.08. Copas Deputación. Fomento do deporte:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Real Federación Galega de fútbol	Copa deputación fútbol e fútbol sala	48.500,00 €

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018
--

**6º.- PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A SÚA ADAPTACIÓN AO REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO DO 27 DE ABRIL DE 2016, RELATIVO Á PROTECCIÓN DAS PERSONAS FÍSICAS NO QUE RESPECTA AO TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS E Á LIBRE CIRCULACIÓN DESTES DATOS (REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS).**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** nós vamos a votar a favor. Nada máis. Grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** nós, como xa fixemos tamén na comisión, votaremos a favor. Sinxelamente facer unha pequena reflexión. Parécenos que o orzamento destinado a esta medida, a esta colaboración cos concellos en materia de asesoría xurídica, neste caso, que é unha das competencias que ten a Deputación cos concellos, vai un pouquiño raspada de cartos. Se miramos a cantidade total prevista para isto e a cantidade que poden solicitar os concellos e tendo en conta o número de concellos que son e tendo en conta que tamén poden acollerse as mancomunidades, bueno, a cousa vai un pouquiño xusta. Segundo se di, é posible que algúns dos concellos non o soliciten ou que algúns arránxense con menos cartos, pero pensamos que para estas cousas, ao mellor, habería que ser algo xenerosos e estirar un pouco o presuposto porque é algo que necesitan e no que non se debe, como se di habitualmente, *racanear*. En todo caso, si que nos parece unha medida importante para os concellos pequenos que moitas veces non poden dispoñer de persoal e de medios para esta clase de cousas. Votaremos a favor como xa dixen. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Permítame que, antes de entrar no fondo da cuestión, faga como o señor Álvarez Dobaño - sen alporizarme, iso si - e solemnice o obvio, o que lle faltou a el por solemnizar. Todos sabemos que quen goberna é quen ten que tomar decisións, non facía falta que nolo explicase. Tamén sabemos que gobernan porque os cidadáns puxéronos aí. Pero vou solemnizar o que lle falta, os cidadáns a nós puxéronnos na oposición para que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

nos opoñamos, para que expoñamos outra visión das cousas diferente á súa e para que propoñamos cousas diferentes ás súas. E xa lle digo eu que nós a parte de cooperar, se chegamos a gobernar, a parte de cooperar cos concellos como fan vostedes, o que faríamos sería un reparto xusto entre os concellos para que lle tocase a todos o que lle corresponde. Dito isto, e solemnizado o obvio, tamén lle teño que dicir que dese labor de oposición propositiva nace esta proposta, que xa propuxemos no debate de estado da provincia do mes de novembro deste ano que foi aprobada por todos e que volvémosla propoñer nunha moción o mes pasado. Ímola votar a favor; é dicir aquí estamos para opoñernos, para ensinarlle á xente que hai outra maneira de facer as cousas e máis tamén para propoñer cousas. Vostedes como son quen gobernan, unha veces aceptaranas e outras veces non, e a cidadanía, como ben di vostede, valorará; como fai sempre, nada novo tampouco, o obvio de novo outra vez. Si nos gustaría, como ben dixo o señor Ojea, que a dotación fora maior. Así e todo ímola votar a favor porque máis vale isto que nada e porque foi unha proposta nosa. Moitas grazas.

**D. Jorge Pumar Tesouro, portavoz do Grupo Popular:** gracias, presidente. Buenos días. No voy a entrar en el detalle del programa porque ya fue debatido el mes pasado; lo que sí, en ese Pleno del 23 de marzo nosotros, como equipo de gobierno, habíamos adquirido dos compromisos. Por un lado, crear una partida presupuestaria y por el otro lado elaborar, de manera urgente, un programa de cooperación con los ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes para que puedan adaptarse a las exigencias del Reglamento General de Protección de Datos. Esto fue el 23 de marzo. Hoy, un mes después, acabamos de aprobar en el punto anterior la partida presupuestaria para este programa con una aportación de 217.000 € para este fin y a mayores, como ustedes pueden ver en la documentación que tienen del programa, no solo incluimos a los ayuntamientos de la provincia, sino también entendemos la importancia que tienen las mancomunidades de la provincia. Entonces, no solo era el acuerdo del pasado pleno, hablar de ayuntamientos, sino que desde la Diputación queremos también que este programa sea para las Mancomunidades. Se establece, de una manera lineal, una ayuda de 2.200 € por entidad que se adhiera a esta programa que hoy aprobamos. Con este acuerdo la Diputación de Ourense es pionera en disponer de un programa específico de implantación del nuevo reglamento de protección de datos en los ayuntamientos. Como bien dice nuestro presidente siempre, es

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

un objetivo de esta institución: máxima cooperación y máxima autonomía local. Gracias a todos los grupos por apoyar este programa.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#).

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade (23), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º) Aprobar inicialmente o Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a súa adaptación ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), conforme coas bases seguintes:**

**Primeira.- Obxecto:**

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación do Programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a súa adaptación ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.
2. Este programa desenvolverase mediante a concesión de subvencións ás devanditas entidades locais para o financiamento das actividades necesarias para lograr a súa adaptación ao RGPD. A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos no cumprimento das obrigacións legais que veñen impostas pola citada norma comunitaria.
3. As actuacións subvencionadas poderán realizarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos directos do servizo. Exclúense os gastos indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

**Segunda.- Beneficiarios e gastos subvencionables:**

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades que contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario de carreira ou interino ou subscriban contratos administrativos de servizos para o cumprimento das obrigacións legais impostas polo RGPD.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por contratistas.

**Terceira.- Contía das subvencións:**

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2018 de 2.200,00 € por entidade local, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

A contía poderá ser inferior nos casos en que así se solicite expresamente pola entidade local interesada.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 2.200,00 €.

**Cuarta.- Disponibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 4512/462.17 A Concellos. Cooperación Protección Datos, dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018, coa aplicación das seguintes regras especiais:

1ª) A aprobación definitiva do Programa queda condicionada á habilitación de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2018.

2ª) A contía total máxima do Programa é de 217.800,00 €.

**Quinta.- Adhesión ao programa:**

1. Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que se aprobe a devandita adhesión. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I destas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a devandita resolución.

2. Coa solicitude deberase entregar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentas, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

3. A resolución de adhesión deberá presentarse no Rexistro Electrónico Xeneral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ata o día 29 de xuño de 2018, inclusive. Non se admitirán a trámite en ningún caso nin se concederán subvencións para solicitudes presentadas con posterioridade á devandita data.

4. A adhesión dos concellos autorizarase mediante decreto da Presidencia, no que se concederá a subvención correspondente ata un máximo de 2.200,00 euros. A resolución da autorización da adhesión deberá ditarse antes do 31.08.2018.

**Sexta.- Publicidade das adhesións:**

Unha vez recibidas as solicitudes de adhesión, procederase á publicación no Boletín Oficial da Provincia da lista completa ou listas parciais das subvencións outorgadas ao abeiro do presente programa, con expresión das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

**Sétima.- Deberes dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todos os deberes impostos por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquilo que non resulte incompatible coas bases do Programa. En particular, quedan suxeitos aos deberes de control financeiro e reintegro nos casos previstos na devandita lei.

**Oitava.- Xustificación e pago da subvención:**

1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención antes da data 31.10.2018.

2. A dita subvención xustificarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiario/a, no que se fagan constar os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Relación de contratos/nomeamentos formalizados/realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto, duración e importe.
- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2018.
- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos/nomeamentos subvencionados.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

b) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pago da subvención.

**Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:**

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do INORDE para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no mesmo período. No caso de que as subvencións percibidas excedan a devandita porcentaxe, a subvención reducirase ata conseguir o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pago da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

Estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

**Décima.- Normativa aplicable:**

De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas normas específicas. A Lei xeral de subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, excepto naqueles casos en que as presentes bases remitan ás devanditas normas, en que serán de aplicación directa.

En todo caso, será de aplicación a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º) Someter o Programa inicialmente aprobado a información pública por prazo de dez días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación. Durante o devandito prazo, as persoas interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, o Programa considerarase automaticamente aprobado de forma definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación.**

**7º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON ELIGIO RIVAS QUINTAS.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

O Sr. secretario dá conta do contido do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Ao igual que xa o fixemos na propia comisión informativa, vamos - dende logo non pode ser doutra maneira - ratificar o noso voto a favor. Simplemente gustaríame aproveitar a ocasión para facerlle unha pequena suxestión que, ao mellor, pode ser do interese do grupo de goberno. Eligio Rivas ten unha obra de referencia que se chama *A Limia*, que foi editada, se non lembro máis, no ano 85 polos servizos de publicación desta Deputación. Eu estiven mirando na páxina da Deputación e non aparece no catálogo de obras publicadas. Imaxino que será complicado conseguila a data de hoxe, entón ao mellor aproveitando este expediente de concesión da medalla de ouro, unha boa homenaxe sería por parte desta Deputación sería reeditar esta obra, poñela ao día e que puidera ser accesible para todos os interesados. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo a todos. Como xa dixen na comisión correspondente, pensamos que determinados premios danlle valor ás persoas que o reciben e, noutras ocasións, son os premios os que se ven honrados cando se lles conceden a determinadas persoas. Neste caso en concreto, pensamos que a medalla de ouro da provincia vese honrada por ser concedida a esta persoa, a este investigador, a este etnógrafo, lingüista experto en toponimia e todo iso. Creo que non fai falta falar moito dos méritos de Eligio Rivas Quintas porque nos últimos tempos ten saído bastante nos medios de comunicación, déuselle tamén algún outro premio. Eu particularmente coñezo, penso que bastante ben, a obra de Eligio Rivas Quintas, teño lido bastantes cousas del. Xa que o compañeiro Ramiro falou dese libro *A Limia*, pódolle dicir que, senón cambiou, existe un exemplar na Biblioteca Pública de Ourense. Saben que hai unha parte, nun piso máis superior, que é estritamente para as obras en galego ou relacionadas con Galicia, nese punto hai, polo menos, un exemplar. Tratei de conseguilo eu tamén fai anos e, ao final tampouco o puiden conseguir, tamén tiña entendido que o editara a Deputación. Eu lin ese libro hai aproximadamente 30 anos, entre 25 e 30 anos, lino bastantes veces - e outros del, pero xa que falamos dese concretamente - *A Limia*, unha obra documentadísima, é unha obra que fala de historia dende a lagoa da Antela, aspectos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

xa do Paleolítico, etc... Por non prolongarme e para quitarlle un pouco de ferro institucional e contar algunha anécdota, voules contar un par de anécdotas relacionadas con ese libro. Se o len, unha das aldeas das que fala é a aldea de Parada dos Folós que está na canle do río Arnoia, case arriba, cerca do seu nacemento. Esa aldea foi casualmente a aldea na que naceu o meu pai e quedou abandonada nos anos 70, unha das primeiras aldeas que foi abandonada; ao mellor teñen oído falar dela porque se teñen feito reportaxes porque logo instalouse alí unha colonia desas que se chama de hippies, etc... Nese libro fala como se veu en dificultades para recompilar a toponimia daqueles lugares porque xa non vivía ninguén alí, era difícil, e atopouse cun señor que estaba de paso, paseando cuns rapaces ensinándolles o lugar onde nacera e onde se criara - estaba de vacacións porque estaba emigrado en Alemaña - pois casualmente ese señor do que fala Eligio nese libro era meu pai e casualmente eses rapaces éramos nós, os seus fillos. Ten outra anécdota, das moitísimas das que se pode falar, hai outra parte dese libro na que fala da aldea na que naceu a miña nai, un *pueblo* que hai alí que se chama Esqueirón, e nese libro fala da etimoloxía de moitas aldeas e de moitos lugares relacionados coas edras, Edreira, etc...; concretamente fala dun penedo -se alguén leu o libro- fala dun penedo que existía nese sitio e que se chamaba o penedo do Édramo, relacionaba a etimoloxía de Édramo con edreira, con edras, etc... Eu, que nunca oíra falar dese penedo, pregunteille ao meu avó - que daquela aínda vivía - e díxenlle: *abuelo, ¿como é que aquí fala este libro do penedo do Édramo e eu non sei onde é, nunca oín falar del?* E dime el: *¡ah! ¡O penedo do Édramo!, desfixémolo hai anos os homes do pueblo para facer a casa de fulano* (daquela desfíxanse os penedos). Entón, eu daquela quedei pensando: ese penedo xa non existe máis, pero queda a súa memoria e queda o seu recordo e queda o seu nome grazas ao labor de xente como esta que, dalgunha maneira, eternizou o lugar co nome. Moitos exemplos que se podían poñer con iso do labor desta persoa. Nós, dende logo, votaremos a favor e para min é un honor formar parte dunha Corporación na que, imaxino, que se vai a votar a favor da medalla para esta persoa. Nada máis, grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. Nós non imos ser menos tampouco e imos votar tamén a favor. Si nos gustaría, unha consideración para posteriores expedientes de concesión de medallas de ouro, que máis que vir aquí a facer unha ratificación, previamente nacesse dunha proposta conxunta; non sei se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

dentro da comisión é o xeito adecuado para que os deputados o formulen e, a partir de aí, gustaríanos que en vindeiras ocasións o *modus operandi* fose ese. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** moi bos días, señor presidente, señores deputados, señoras deputadas, persoas presentes neste salón de plenos, persoas que nos seguen a través dos medios de comunicación e tamén aqueles que nos acompañan para dar fe do que aquí ocorre. Señor presidente, parabéns pola acertada decisión de propoñer a don Elixio Rivas Quintas para a máis alta condecoración desta institución. Don Elixio Rivas Quintas naceu en Cimadevila, Xunqueira de Ambía, no ano 1925. A súa formación, en gran medida, é autodidacta. Estudou latín e humanidades no santuario dos Miragres, en San Vicente de Paúl e no Colexio de Murguía. Realizou estudos tamén en Madrid. Estivo destinado en Inglaterra e en Cuba como profesor (de Cuba teño que dicir que foi expulsado polo goberno de aquel país). Ao seu retorno exerceu no Colexio de San Narciso de Marín. Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago en 1975 con premio extraordinario de licenciatura. Doutor na mesma especialidade no ano 1979, tamén premio extraordinario na súa tese de doutoramento que versou sobre a toponimia de Marín. Os seus traballos de investigación etimolóxica son un referente nos estudos universitarios referidos a esta materia. Teño que dicir que é unha ferramenta que se utiliza nas universidades porque é dos traballos máis importantes, máis coherentes que existen na nosa Comunidade Autónoma. Etnógrafo, diplomado en portugués superior, premio Deputación de Pontevedra 1980, premio Taboada Chevite, medalla Castelao do ano 2000, restaurador de Camiño Mozárabe de peregrinación a Santiago, membro da Asociación de Ourense de Amigos do Camiño, membro da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia dende o ano 1978 e fundador e primeiro presidente da Asociación Galega de Onomástica da Universidade de Santiago. Colaborou en multitude de revistas, entre elas: *Porta da Aira*, *Boletín Auriense*, *Lucensia*, *Auriensia* e moitas máis. Correspondente da Real Academia da Historia. No ano 2017, recentemente, o ano pasado, o Padroado do Museo Etnográfico da Limia - xa fixeron referencia anteriormente - concedeuulle o premio Pedra Alta no ano 2017. Podería continuar e estaríamos aquí bastante tempo máis para falar da traxectoria dese persoeiro único, non só único da nosa provincia, senón que atreveríame a dicir que a nivel mundial, por ese traballo, por ese esforzo. El merecía, dedicou todos os días, e os segue dedicando, 11 horas ao traballo e ao estudo cada día. Don Elixio Rivas Quintas, a quen Deus dotou dunha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

intelixencia privilexiada, sobre todo quixera salientar a súa humanidade, a súa xenerosidade e unha capacidade de estudo e traballo que o fan un persoeiro único e que, froito de todo elo, acumula unha morea de sabedoría. Coñece como ninguén a nosa realidade pois estudouna a fondo, por iso estamos a falar dunha autoridade nos eidos da toponimia, da arquitectura, da etnografía, da etimoloxía, da lingua, da nosa realidade, do noso país, de todo o que fomos e o que somos. Estou disposto a afirmar que o estudo profundo, o traballo incansable, o seu tesón e a súa loita, recollidos no libro *Camiño Meridional de Santiago. Continuación da Vía da Prata*, foi este libro ao que el dedicou moitísimo tempo para documentar todo o que tiña que ver co Camiño da Vía da Prata, foi determinante para o recoñecemento do Camiño Mozárabe ou Ruta da Prata, pois non foron poucos os atrancos que houbo que derrubar para acadalo. Estou seguro que se non fora por don Elixio Rivas sería moi difícil ou imposible que ese camiño tivera o recoñecemento que se merece. Estudou o val, a montaña, a ribeira sen deixar nada que teña que ver cos galegos que viven no rural e que viviron con anterioridade, oficios, ferramentas, cultivos, costumes, contos, lendas, xogos e un largo etcétera. Ás terras da Limia dedicou dez anos de estudo, fíxoo andando, que plasmou no libro *A Limia*, obra pola que lle foi outorgado o premio Otero Pedrayo no ano 1980, segundo que se outorgaba por unha sola obra. Neste momento o premio Otero Pedrayo outórgase a un persoeiro pola súa obra, naquel momento outorgárase o primeiro e a el foi o segundo premio Otero Pedrayo que se lle concedeu pola obra, esa obra da que todos vostedes faloron e dende logo é unha verdadeira xoia e que reflicte o que é a Limia; pois foille concedido como digo o premio Otero Pedraio. Toda unha vida dedicada a investigar, o que queda recollido na súa inxente obra que puxo a disposición da sociedade e que fai posible que perdure para sempre (o que dicía algún dos deputados na súa intervención) fai posible que o que fomos, o que somos e incluso o que seremos quedará plasmado na súa obra e quedará para sempre. Un bo exemplo é o museo etnográfico ao que nomeou Devanceiros en Montemedede, os Miragres, que alberga apeiros de labranza, ferramentas de distintos oficios, pezas de alfarería, todas as súas publicacións e outras (eu sinceramente invítoos a que o visiten porque el disfruta ensinándoo e dende logo hai cousas que se poden ver alí e que no se poden ver noutro lado); utensilios que, de non ser polo seu traballo, xa sería difícil encontrar, pois terían desaparecido para sempre. Entre as súas obras só citar algunhas das cincuenta e seis, non quero cansar aos señores

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

deputados, teño aquí todas as obras, pero voulle enumerar unhas cantas. Como ben dicimos unha das máis significativas e quizais a máis emblemática para el, *A Limia, Lingua galega, O castiñeiro e as castañas, Toponimia de Marín* (a súa tese de doutoramento que foi sobre a toponimia de Marín), *Historia do Santuario dos Miragres, O tear e o tecido, Serra de San Mamede* (a que estudou en profundidade), *Historia arredor do camiño meridional de Santiago en Galicia, O muíño, Labranza e Auga na natureza*. O último que publicou é o *Diccionario etimolóxico da lingua galega* que é o primeiro que se ten publicado en Galicia e, ademais, é de recente publicación. A outra súa paixón, o ensino, foi ordenado irmán leigo da orde dos padres paúles, exerceu a labor docente en varios colexios da orde; tamén nas Universidades de Vigo, no Campus de Ourense e na de Santiago, no Campus de Lugo. Conto unha anécdota tamén, cando alguén pensou que destinalo a Lugo, cando obtivo o destino como profesor de universidade, o presidente do tribunal dalgún xeito fixo posible para que fora destinado a Lugo que era a última praza, das cinco que había; pois pensando que para el sería unha mágoa, todo o contrario, resultou ser unha sorte pois permitiulle realizar estudos de toponimia e recoller materiais da provincia e tamén de Asturias que non podería ter feito de non ser destinado alí. Estudoso e defensor do Camiño de Santiago e un dos impulsores, foi o primeiro presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago. Coñece como poucos a Ribeira Sacra. Tiven a oportunidade de traballar ao seu carón na asociación para o desenvolvemento desa realidade, única no mundo, onde as súas leccións maxistras sempre permitían abrir camiño. Non me queda máis que agradecer a todos os grupos o apoio á concesión da medalla a don Elixio Rivas e, dende logo, estou seguro que o señor presidente fará o posible para que esa obra, que tamén está presente como non pode ser doutro xeito na biblioteca desta institución, continúe sendo accesible a todos aqueles que queiran estudala. Sen máis eu quero pensar que xa non haberá segunda intervención, entón eu soamente dicirlles que don Elixio Rivas atesoura méritos sobrados para a concesión da medalla de ouro da provincia que non deixa de ser un recoñecemento de todos os ourensáns. Nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** solo facer unha rápida reflexión. Efectivamente, todo o que dixo o señor deputado do Partido Popular é certo. O labor de Elixio Rivas é inxente e titánica. Eu fago unha reflexión persoal. Gustaríame saber, algún día voulle a preguntar canto diñeiro público se lle deu para iso,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

porque seguro que o fixo en toda a totalidade cos seus propios recursos e co seu propio esforzo persoal. Entón, establezo esa comparación co diñeiro público que tantas veces se gasta en actividades culturais, en investigacións que non levan a nada que non teñen absolutamente ningunha proxección nacional nin internacional. Con Eligio Rivas temos un destes intelectuais -dos que nos deixou a historia algúns exemplos- que non dependen para nada de subvencións, que traballan polo amor á cultura e polo amor ao coñecemento sen estar petando na porta das institucións para que lle subvencionen; o que moitas veces non é máis que unha desculpa para cobrar subvencións. Nada máis grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** sinxelamente dicirlle que el, para esta institución, polo tanto xa que vostedes falan deste tema, para esta institución está totalmente agradecido porque sempre tivo un compromiso, así o manifestou en reiteradas veces, por exemplo a publicación, pero non só a publicación, evidentemente non para el, senón para ese traballo incansable. Teñan a seguridade que el está moi satisfeito co trato que lle deu esta institución, con independencia de agora a proposta do señor presidente lle da a concesión da medalla de ouro. Evidentemente el foi editor das súas obras e algunha vez encontrouse como este dicionario etimolóxico que lle prometeron que llo ían editar e non o fixeron. Pero estou seguro que se o solicitara desta institución, co anterior presidentes, cos anteriores presidentes, ou co actual, teña a seguridade de que sempre vamos a estar con don Elixio Rivas, sinxelamente porque o merece e persoas como don Elixio Rivas son realmente as que necesitamos, máis alá de obras, persoas como el. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#).

Non se producen máis intervencións e por unanimidade (23), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Ratificar a providencia da Presidencia, do 9 de abril de 2018, pola que se incoa o expediente para o outorgamento da medalla de ouro da provincia de Ourense ao insigne escritor ourensán don Eligio Rivas Quintas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**8º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á REPROBACIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, POR USAR DIÑEIRO PÚBLICO PARA FIGURAR NO RANKING DE TRANSPARENCIA.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentaron emendas o Grupo Popular e o Bloque Nacionalista Galego, e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** muchas gracias. Plácido, antes de nada retomar un tema que parece que en allí en Lobios vais a necesitar más que sombrillas. Dices que yo actúo para un medio de comunicación y ¿tú? que pagas 900.000 € para *La Región*, ¿para quién actúas? Tú actúas para tu jefe y para *La Región*. Por lo menos nosotros no le costamos 900.000 € a la ciudadanía. Y ¿qué haríamos nosotros con la Diputación? Pues obviamente si nosotros creemos que estas instituciones no deben existir, para tutelar ciertos concellos, para eso está la Xunta de Galicia, y para el reparto de fondos lo que hay que hacerlo es repartirlo directamente a los concellos; es decir, si nosotros alguna vez gobernamos esta institución, pondríamos en la entrada una máquina expendedora. Tú dices que eres de Lobios ¿no? Llegarías aquí, le das a la máquina a Lobios (perdón Muíños; oíste, ¿qué diferencia hay), llegarías le pones Muíños, le das a la máquina expendedora, te sale un talón, vaste e xa está. Nosotros repartiríamos el dinero proporcional y ya está, llevas el talón a la máquina expendedora y punto. Así gobernaríamos nosotros la Diputación. Imagínate lo que nos ahorraríamos, un 50% en gastos de gestión que es lo que se gasta esta institución. Decirte también otro dato, Plácido, que sé que a ti te gustan, por primera vez Democracia Orensana va primera en las encuestas. Nunca fuimos primeros en las encuestas, imagínate cando cheguemos ao día de urnas, ¡vai saír fume!, se imos primeiros nas encuestas, iso ten que meter medo. Vamos a contar ya aquí una historia que para mí es una historia bonita, intentaré ser rápido; aunque la historia es realmente bonita. Tiene que ver con el típico refrán dime de qué presume y te diré de qué careces. Le va como anillo al dedo al presidente José Manuel Baltar que antes dije que era un infantil; es una persona a la que le gusta presumir de ciertos temas en plan infantil y que eso esconde, tremendamente, su frustración y sus complejos. Ahora vamos a exponer el porqué. Primero viene aquí haciendo un tema, diciendo que es la persona... esta moción hace referencia a que la Diputación ha recibido un premio de la Diputación más transparente de España. Por cierto, me dirijo a ti porque entiendo que eres la mayor cabeza

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Transparencia, e a deputada delegada de Transparencia e Goberno Aberto é dona Monserrat Lama. Simplemente lle informo, nada máis; o demais é cousa súa. Con respecto ao que fala de Dyntra, simplemente darlle un par de datos, aínda que creo que os meus argumentos quedaron bastante claros, pero nótase que é un diálogo de xordos. Dyntra é utilizada a nivel internacional na Unión Europea, nos Estados Unidos e ata en África. En España avalía a máis de 500 institucións públicas nos tres niveis do Estado: Administración xeral do Estado, Comunidades Autónomas, deputacións e gobernos insulares, tribunais de contas, defensores do pobo, partidos políticos, sindicatos, universidades e case 400 concellos (busque o dato e senón que llo pasen). Por certo, nos procesos de avaliación, participan activamente, e este é un dato importante tamén, cidadáns voluntarios, institucións, universidades e expertos o que lexitima ao extremo os resultados do índice de Dyntra. Dado que o señor Pérez Jácome vén hoxe con ansias de que isto sexa máis transparente e os grupos da oposición parece que tamén, pois nós en ánimo positivo e como nos vemos moi preocupados polo uso dos cartos públicos imos presentar esta emenda – e se vostedes non queren transformámola en moción, non pasa absolutamente nada - precisamente para conseguir que a nosa actuación, a de todos os que estamos aquí, este presidida por unha transparencia total e absoluta. Pero digo en todo e para todos. En todo e para todos. E que se dea por aludido quen se teña que dar e os demais non se enfaden. Dou lectura outra vez a emenda que a podemos transformar en moción, como lle acabo de dicir, *desde o Grupo Popular instamos ao presidente da Deputación, co obxectivo de conseguir maiores cotas de transparencia, que incoe un expediente de modificación das bases de execución do orzamento desta institución aos efectos de regular as asignacións establecidas no mesmo para os diferentes grupos políticos* –empecemos a dar exemplo- *representados nesta Corporación; dotando dun procedemento de xustificación e publicación dos seus gastos.* Este é o inicio de algo que propomos dende o Grupo Popular para que o señor presidente no futuro tramite esta iniciativa e pasará pola comisión correspondente, pola xunta de portavoces, etc, etc. Entón, repito: predicar co exemplo. Polo tanto, señor Pérez Jácome, e xa que vostede empeza a súa moción cun refrán, permítame que eu remate a miña intervención con outro, moito máis sinxeliño, que di: *máis facer, menos predicar*; quen ven a ser o contrario de aquilo *de facei o que eu digo, non fagades o que eu fago.* Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** primeiro pedir que si podéis retirar la enmienda y la presentáis como moción, ¿no? Sí, así ya no

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

tiene que pronunciarse el señor Cacharro. Vale, entonces queda retirada la enmienda y la presentáis como moción, ¿cuándo la presentáis? ¿Hoy, por vía de urgencia? Respecto a lo que acabas de decir *de máis facer e menos criticar*, non sei como dixeches exactamente, isto recórdame cando Fraga le decía a la oposición: ustedes sigan hablando que yo seguiré haciendo. Perdona, os que podedes traballar sodes vós, eu non podo chegar mañá ao teu despacho e pórme a traballar. Eu solo podo criticar ou propoñer. Estasme dicindo que faga as miñas competencias. Claro que ti tes que facer, es o que está gobernando. Se eu puidera gobernar, faríao. Lo que me dijiste antes del presidente, está claro que él es el presidente y que tenía que hablar, pero en cualquier caso la diputada es ella...oye, ¡qué más da! Como antes Lobios y Muñños, ¡qué más da! ¿Por qué habla la persona que no lleva transparencia? ¿Por qué? Porque queráis un *sparring* más duro y tú sabes que eres el mejor *sparring*, Plácido, lo sabes; tú tenías que medir esos rankings de transparencia. Luego hiciste una falacia, es que Dyntra tiene 400 ayuntamientos. Perdona, no está reconocida por todas las diputaciones de este país; pero Dyntra, en su base de datos, puede tener 400 o 400.000. Que Dyntra tenga una base de datos... yo tengo una base de datos mayor en Jolper y no quiere decir que el ranking me esté reconociendo el tema. ¡Vaya tontería que dices! Dyntra claro que tiene en su base de datos 400 ayuntamientos, pode ter 400.000 ¿Que ten que ver iso para dicir que Dyntra é unha institución privada, unha merda? Que es una auténtica estafa junto con una persona que está investigada por paraísos fiscales en Panamá. ¡Hombre, por favor! No está reconocida por nada. Dyntra no tiene nada que ver con las agencias de ratings de los bancos, no tiene nada que ver. Y en Transparencia Internacional todavía no la investigué, pero en su índice quedáis séptimos de España –de 50, quedasteis séptimos- ahí no le pagasteis. O sea, al que no le pagáis, ya no quedáis primeros; habría que ver si le pagasteis o no, aunque no sé de qué va Transparencia Internacional, pero ahí quedasteis de séptimos, ahí no pagasteis. Luego otra cosa, explícame por qué el PP, que es vuestro partido, en Canarias dice que esto es una estafa y lo llevó a la fiscalía. Vuestro propio partido está diciendo que lo que hace este señor es una estafa. Simplemente rematar con la siguiente explicación, muy rápido. Lo que se puede concluir de esto que acabamos de sacar nosotros. Para estar sentado donde está su padre tuvo que emplear a 109 personas, ¿cuántas fueron, Nacho? 104. Fueron 104 personas que denunció aquí mi compañero del PSOE y fue condenado a 8 años de inhabilitación por haber hecho algo totalmente ilegal: enchufarlas para que consiguiera desestabilizar en la votación del Partido

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Popular y consiguiera quedar primero en el congreso del PP; es decir, su padre tuvo que ser condenado a 8 años y meter a 104 personas enchufadas para que ese hombre estuviera ahí sentado. Fijaos. Pero es que esa persona, para que el periódico de *La Región* hable bien de él ¿sabes lo que tiene que hacer? Pagarle 2.700.000 por un archivo histórico que la Xunta evalúa en 150.000, y todos los años dedicarle un millón de euros además a *La Región* y Telemiño para que hablen bien de él. Y para que en Santiago le tengan respeto, ¿sabéis lo que hace este señor? Gasta 250.000 € en el periódico de Santiago, en *El Correo Gallego*. Y además, fijaos que su vida es una mentira, para que esta persona eche una canita al aire, para que eche una canita al aire de sexo, involucra a toda la provincia, a toda la población, involucrando a la Diputación de Ourense, yendo a un hotel en el que no está registrado que estuvo allí esa noche, peor luego lo reconoció y están las grabaciones; sin embargo no está registrado, o sea, imagínate tú hasta qué punto tuvieron que involucrar al hotel para que el hotel no le dijera a la policía que esa noche estuvieron allí. Porque la policía está obligada a decir que estuvo una habitación ocupada y por quién y no salen en los registros de la policía aunque esa persona reconoció, y en las cintas está, que estuvo allí aquella noche y que ofreció prebendas. Aunque no fue juzgado porque la jueza juzgó que no es un tema penal, pero obviamente los hechos están ahí. Es totalmente reprobable. Por lo que hizo este señor en Estados Unidos están dimitiendo a patadas. Este señor para echar una canita al aire, hizo lo que hizo y, ahora, para recibir un premio tiene que pagar con dinero público. Este señor es una mentira. Su vida es triste y es una mentira.

O Sr. presidente cédelle á palabra ao **Sr. Secretario** para que conteste á cuestión formulada polo Grupo Socialista.

O **Sr. Secretario**: sobre esta cuestión xa me pronunciei, efectivamente, no caso do Pleno extraordinario do mes de agosto, nun informe escrito, nun asunto que agora está *sub iudice*. Tamén é certo que hoxe non dixen nada porque ninguén me preguntara e porque, no seu momento, ese criterio que eu expresara fora rexeitado polo grupo maioritario; polo cal parecíame que non viña a conto abondar nesta situación. O criterio meu é simplemente que o dereito a facer emendas ten como límite que as emendas se cingan ao obxecto do asunto da moción, porque se a emenda se sae do asunto da moción o que está a ocorrer é que estamos a alterar a orde do día. É dicir, estamos introducindo un asunto diferente na orde do día do Pleno. Naquel caso, e aquí hai un matiz diferencial entre o que sucede neste Pleno e o que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

sucedeu no de agosto, estabamos nun Pleno extraordinario no que, como saben, non é posible alterar baixo ningún concepto á orde do día introducindo asuntos novos. Hoxe estamos nun Pleno ordinario, nos Plenos ordinarios existe a posibilidade de que si o Pleno aproba e aprecia por maioría absoluta a urxencia de tratar un asunto, ese asunto se poida tratar, aínda que non estea contemplado na orde do día, como moción; como unha moción urxente pero non como unha emenda neste punto, senón como moción urxente que é o se dixo, hoxe ou noutra sesión

O Sr. Presidente cédelle a palabra ao portavoz do Grupo Popular autor da emenda:

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** anúnciolles logo que retiramos a emenda para non entrar en cuestións de tipo xurídico aínda que aquí se falou do texto da moción e falouse da nosa emenda e se dixo que se votarían separadamente. Non vou a a entrar en cuestións formais porque non veñen ao caso. O que si que lles anuncio é que presentaremos esta emenda transformada en moción por urxencia antes de rogos e preguntas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

Non se producen máis intervencións e unha vez retirada a emenda do Grupo Popular, a Presidencia somete a votación a emenda presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1).

### **9º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA CREACIÓN DUNHA BASE DA UNIDADE MILITAR DE EMERXENCIAS (UME) NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. A verdade é que a exposición de motivos do argumentario está en poder de todos os deputados e deputadas deste plenario; incluso dos medios de comunicación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

porque ademais foi dado a coñecer no seu momento en profundidade. É coñecido; pero, en todo caso, este grupo o que considera necesario é a creación dunha UME na provincia tal e como propoñemos, polas seguintes razóns. Primeiro, o acrónimo UME, Unidad Militar de Emergencias, é para intervir en caso de situacións de emerxencias, sexan riscos naturais, sexan inundacións, nevaradas, fenómenos meteorolóxicos e sempre dirixidas polos seus mandos (téñase en conta que os mandos son militares). Que non afectará en nada nin entra en competencia, en absoluto, coas actuais competencias dos axentes forestais e bombeiros forestais, porque entre outras consideracións a UME non realiza tarefas de prevención. Valoramos, como non pode ser doutra maneira e así llo fixemos saber ao Comité de Empresa do Medio Rural, cando estivemos hai uns días con eles, valoramos e apoiamos aos axentes forestais e aos bombeiros forestais e consideramos que se debe potenciar a estes colectivos independentemente de que se emprace a UME na provincia de Ourense. Preguntámonos por que pode haber cinco unidades deste tipo en España –Madrid, Sevilla, Zaragoza, Canarias e León- e non en Ourense, que sería que tamén Galicia contara cunha unidade deste tipo ademais tendo en conta que en Ourense estamos en fronteira con Portugal. Debe considerarse tamén que a UME emprazada en León cobre todo o Cantábrico, Asturias, Castela e León e Galicia nestes momentos, unha superficie ampla, e considérese tamén que unha unidade destas características comporta habitualmente mil persoas, co cal o impacto demográfico e económico hai que telo tamén en conta. Polo tanto, en vista disto e doutras moitas razóns consideramos solicitar ao Ministerio de Defensa a creación dunha base da Unidade Militar de Emerxencias para a provincia de Ourense. Pola miña banda neste momento nada máis, presidente. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Nós discrepamos do criterio que acaba de expoñer o señor Rosendo Luís Fernández. En todo caso imos a aproveitar a ocasión para ir ao que nós si que entendemos que é o fondo da cuestión, ou a cuestión que transluce, que está por detrás da creación desta base que, dende o noso punto de vista, non é outra que a loita contra os incendios forestais. Aí pensamos que a lexislación non é a axeitada para combater o lume e que iso vaise ver evidenciado co paso do tempo. Non é unha lexislación acaída que ataca os principais

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

problemas do monte, pois non aborda unha planificación do territorio, no sentido de ordenar o espazo forestal de maneira axeitada, nin as principais debilidades do monte, que son as que provocan os incendios. Non trata de maneira acaída o fraccionamento da propiedade, tendo en conta que o único instrumento que conta con apoio para reordenar as propiedades son as SOFOR -Sociedades de Fomento Forestal- uns órganos cunha complicación derivada da súa natureza mercantil. O PP empéñase en penalizar outro tipo de figuras, como as UXFOR -Unidades de Xestión Forestal- que son máis participativas e democráticas e que deron resultados importantes. A lexislación forestal, un paso adiante e outro atrás, pon de manifesto que a norma non protexe o suficiente a superficie agraria e, en consecuencia, permite que moitas terras agrarias acaben forestadas, coa utilización, sobre todo, do eucalipto. Galiza xa conta con 2 millóns de hectáreas de monte en relación aos 3 millóns de hectáreas de territorio. Temos as dúas terceiras partes do monte e temos pouca superficie agraria útil. É absolutamente necesario determinar os usos da terra, que quede claro en cada parte do territorio cal é o seu uso e a que uso concreto hai que destinalo para evitar o monocultivo, que na costa é, fundamentalmente, de eucalipto, e no interior, especialmente a nosa provincia, é, fundamentalmente de piñeiro. A nova lexislación forestal, ao servizo do *lobby* da madeira, supuxo e vai supoñer un retroceso moi grande a respecto do que se trataba facer na época do goberno bipartito que era a protección das persoas, das propiedades e dos núcleos rurais. O PP modificou a través da Lei de montes a Lei de prevención de Incendios en dúas cuestións fundamentais, unha, reducir as distancias mínimas nas que hai que manter limpas as parcelas forestais e vixiar o cumprimento da normativa. Ao reducir a distanciaponse en perigo aos núcleos rurais e os incendios así o constatan, pois obrigan a desaloxar aldeas. Isto debería facernos reflexionar a respecto de como temos organizado o espazo. O Partido Popular tamén cambiou a lexislación da época do bipartito eliminando a indicación que prohibía as masas continuas de máis de 50 hectáreas da mesma especie. Tratábase de evitar que pasase o que pasa, porque nunha masa continua de eucaliptos ou doutras especies faise difícil acabar co lume. De haber discontinuidade das especies, facilitaríase tanto a extinción dun incendio como a erradicación dunha praga. O Partido Popular tamén eliminou da Lei de prevención a colaboración económica da Xunta de Galicia cos concellos para desenvolver medidas que contribuísen a manter os terreos limpos, tanto no caso de camiños ou pistas de titularidade municipal como particulares. De aí que teñamos que ver, ano tras ano, imaxes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

dantescas de xente atemorizada tratando de defender a súa vida, a súa casa e as súas explotacións. Vostedes tratan de agochar unha problemática profunda con variables complexas co termo terrorismo incendiario e homicida, cando na realidade, non dicimos que non haxa casos de incendios provocados premeditadamente para facer dano e con obxectivos escuros; mais os incendios están relacionados normalmente con causas máis simples. E isto non o dicimos soamente nós, tamén llo di a Fiscalía. A Consellería do medio Rural durante o bipartito creara unha especie de CSI forestal, para investigar a nova tipoloxía de lumes, que o Partido Popular suprimiu cando chegou á Xunta; porque, señores e señoras do Partido Popular, hai unha nova tipoloxía de incendios que a Xunta non quere investigar e que se comezaron a detectar entre 2005 e 2006. Son aqueles que afectan a zonas periurbanas ou a infraestruturas e cuxa orixe é diferente á dos incendios tradicionais que levan anos asolando o interior da Galicia. En 2006 falabamos dun cambio da tipoloxía dos incendios e era a vez primeira que o lume afectaba de maneira tan masiva e intensa a faixa atlántica. Nunca antes os houbera tan concentrados. Por iso, a raíz deste fenómeno, a Consellaría de Medio Rural dedicou importantes esforzos a investigalos coa creación das BIIF, as Brigadas de Información e Investigación Forestal, pero que por desgraza non tiveron moito percorrido porque o PP suprimiuas dun *plumazo* cando chegou á Xunta. Insisto, o abandono da superficie agraria útil representa un dos perigos máis grandes que hai. Non só arde o monte, tamén o fai a superficie agraria que está pegada ás casas e na vaga de lumes do ano pasado comprobamos que as unidades dispoñíbeis, auténticos heroes, só puideron defender as aldeas e non poden ir combater o lume no monte. A clave é o abandono, como digo, da superficie agraria útil e isto representa un dos perigos máis grandes que hai, porque é superficie abandonada pegada ás casas. Na actualidade, a Xunta de Galiza mantén na UCI o Banco de Terras. Só falta vontade política para o xestionar, mais a Consellaría de Medio Rural funciona só para a xestión do día a día, sen ter deseñada unha política clara. Señor Presidente, señores deputados e deputadas do Partido Popular, o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais está ancorado nos lumes dos anos 90. Como xa se dixo a situación, a día de hoxe é moito máis perigosa, con incendios cada vez máis virulentos nos que interveñen causas multilfactoriais como o abandono do rural, a meteoroloxía ou a nova distribución das edificacións. A nosa posición diante desta moción é o voto en contra, principalmente en base á defensa dun sistema público de prevención e extinción de incendios forestais porque consideramos que canto máis se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

multipliquen os centros de decisión, peor será a coordinación. O centro de decisión debe estar na Xunta de Galiza por operatividade e competencias. As brigadas deben ser profesionais, é dicir, con formación e preparación para a prevención e extinción de incendios, non militares. Se queremos mellorar o servizo que, como din, é insuficiente, haberá que dotar de persoal e medios ás brigadas e reordenar o monte. E se se quere tomar en serio atallar o gravísimo problemas dos lumes, o principal é activar o rural, ordenar o monte e observación estrita das faixas de protección de núcleos e infraestruturas. Non se precisa ao exército, o que se precisa é ter unha *plantilla* de traballadores e traballadoras ben dimensionada, cubrir as prazas vacantes, dotalos das ferramentas necesarias para recibir a formación imprescindible para facer fronte a esta tipoloxía nova de lumes, tanto no plano técnico como psicolóxico. E disto dependerá, en boa parte, a curto e medio prazo, tanto a eficacia na extinción como a propia seguridade dos traballadores e da poboación civil. O escenario cambiou, e mentres non se adapten os instrumentos aos novos tempos estamos, como vimos de comprobar por desgraza recentemente, en mans do azar e da climatoloxía. Remato esta miña primeira intervención, non vou facer referencia á emenda, ou si vou facela, deixareina para a segunda quenda porque a nosa intención nesa segunda quenda é cederlle a palabra a un representante dos traballadores para que eles mesmos a expoñan, porque nós o que traemos aquí é un escrito do Comité de Empresa avalado pola CIG, CCOO, CSIF e por UGT, onde eles se posicionan ao respecto desta petición. Entón nós vamos, na segunda quenda de intervención, cederlle á palabra para que eles mesmos expliquen o contido deste escrito e expliquen os seus argumentos que nós trouxemos en forma de moción porque os subscribimos na súa totalidade e queremos que aquí se puxeran sobre a mesa. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:** muchas gracias. Ayer salía publicado en el *Faro de Vigo* y en *La Voz de Galicia* que Democracia Orensana desvelaba un informe que hay – lo desvelaron ayer los dos periódicos y había sido una primicia de Democracia Orensana - desvelábamos un documento que hay en que ya se le informa al PSOE - creo que fue quien tuvo esta iniciativa - en el que se negaba, no había necesidad de instalar esto aquí; con lo cual hay una negativa de que no iban a instalar esta moción que hacen. Nosotros dijimos que eso se ocultaba a la población; de hecho hoy se desveló también, se ratificó lo que decía Democracia Orensana, creo que hoy el PSOE dijo que efectivamente es cierto. Nosotros creemos que esto es un poco una tomadura de pelo por

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

ocultar ese papel y porque seguramente el Partido Popular conoce esto de aquí. En cualquier caso nosotros creemos que, a pesar de ese papel, nosotros en su día dijimos en su día que esto es una tomadura de pelo y que esto podría parecer que la moción ya no tendría sentido, creemos que el hecho de que el Estado español haya negado conceder aquí el tema de la UME antes de ser la moción, no quita de que nosotros podamos insistir las veces que nosotros queramos. Esto me recuerda en el Concello de Orense los bolardos que volveremos a llevar el tema de los bolardos cuantas veces sean necesarias hasta que se quiten porque están destrozando los coches y también a la población civil, los coches civiles y la población civil, porque incluso a los viandantes los bolardos le hacen daño. Entonces, no vemos mal que esto se vuelva a traer aunque el Estado Español nos lo haya negado. El argumento del Estado español que dice que las necesidades están cubiertas no es argumento, porque en el País Vasco están las necesidades cubiertas y le van a hacer una estación soterrada de varios kilómetros, como entrada al túnel soterrado. Ese argumento no vale. Hay que invertir, lo que pasa es que hay que invertir donde tenga fuerza el gobierno amigo y, en este caso, José Manuel Baltar no consigue inversiones del Estado para aquí. Respecto a este tema, en el que se pide que venga para aquí un destacamento de la UME para llevar a cabo unas labores, tiene una serie de efectos positivos para Orense y es que si traemos a gente de fuera con dinero público, porque la UME en algún sitio tiene que estar, la Unidad Militar de Emergencias, si está en Orense es dinero público que se queda en Orense. Por ejemplo, la Televisión de Galicia tiene un presupuesto que es igual al del Concello de Orense; cada año la Televisión de Galicia tira a la basura 100 millones de euros. Ese dinero, de esos 100 millones de euros, se queda en Santiago; es decir están mal tirados pero quien se beneficia es Santiago porque hay mil empleados, principalmente, que viven en Santiago, entonces Santiago se enriquece. A mí me gustaría que la TVG estuviera en Orense porque, aunque fuera un desastre, la Xunta está metiendo aquí a mil empleados con dinero que gastan el dinero en Orense. Lo mismo ocurre con la UME, si centenares de personas vienen a vivir a Orense esto va a crear riqueza; además de que van a hacer una labor que no solo es extinción de incendios; sino que también es detectar a personas que están extraviadas, perdidas...hacen cantidad de labores. Yo quisiera aquí decir varias historias que hay, conflicto de intereses. Número uno, muchas personas que trabajan en este tema podrían ver amenazado su puesto de trabajo, por eso están en contra, obviamente, de que venga esta unidad; no ya porque sea algo españolista, no porque sean

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

nacionalistas y estén en contra de que sea el ejército, porque al fin y al cabo el ejército es público, sino porque dicen que ponen en riesgo su trabajo. En este sentido creemos que lo que nosotros tenemos que mirar es que, primero, no tiene por qué ser incompatible, sino que puede ser un refuerzo. Segundo, es como si nosotros en la siguiente moción que traemos de inteligencia artificial algún científico nos dice: nos pueden quitar a nosotros trabajo a los que estamos en Orense; es decir la competencia no sólo ocurre en los campos privados, sino también en los públicos. Si se expande muchísimo la sanidad pública, los hospitales privados dirán: oye, esto nos hace daño. Desde luego lo que Democracia quiere es que no quede nadie en el paro y por el hecho de que venga aquí la UME esto no puede incrementar el paro. Nosotros creemos que, si gobernáramos esta provincia, el Estado tiene que dar aquellas condiciones en las que exista trabajo para todos y lo que no podemos hacer, también, es dejar a la gente que podría quedar en el paro tirada; obviamente tenemos que intentar conseguir trabajo para todos. El segundo conflicto que veo de incongruencia este tema es que no entiendo por qué el Partido Popular trae aquí esta moción, o por qué la trae el PSOE; porque cuando nosotros trajimos aquí una moción sobre la inteligencia artificial - hemos hablado antes con el PSOE y dicen que la van a apoyar-, nosotros traemos una moción que es parecida a esta. Se trata de que el Estado español cree en Orense un centro de investigación de inteligencia artificial. Es muy parecida a la UME, en vez de militares van a ser investigadores; o sea, prácticamente de la misma naturaleza, se trata de que el Estado tal... ¿Qué ocurre? Aquella va a crear más riqueza porque la inteligencia artificial con investigadores crea más riqueza que esto; esto simplemente es un mantenimiento y un servicio que le dan para Orense y que gente con dinero público viva aquí. La otra crea muchísima más riqueza, la inteligencia artificial; pero la naturaleza es la misma, se trata que el Estado, con sueldos públicos, los ubique en Orense para ayudar a la provincia de Orense indirectamente, no solo sobre la labor que hace, sino para fijar población con un alto poder adquisitivo porque aquí tienen unos sueldos considerables. Entonces, no entendemos por qué el PP votó en contra de nuestra iniciativa cuando la trajimos aquí, en noviembre de 2016, y el PSOE también votó en contra. Nosotros vamos a votar a favor de esto y el PSOE y el PP van a apoyar algo que es lo mismo que lo nuestro, cuando votaron en contra. Es una tremenda incongruencia. Es más, creo que el PSOE hoy va a apoyar la de inteligencia artificial, entonces no entendemos por qué en noviembre de 2016 nos votaron en contra de aquella iniciativa. Nada más.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moi ben. Xa lle anticipo o noso malestar por perder o tempo con cuestións estériles. Xa postos a pedir cousas, pedirlle que se poñan en contacto con Canadá, co Circo do Sol porque tamén pode vir para esta provincia, tamén é xente que vén para esta provincia. Mire, nós non temos nada en contra da UME; é máis, está vindo a esta provincia. Se quere ter un batallón aquí estable, que o teña. Pero non nos ten que convencer a nós, a quen ten que convencer e aos seus. Ten que convencer ao presidente do goberno, porque en carta mandada ao noso secretario xeral, autor desta iniciativa, dille –e léolle un estrato-: *por ello le comunicamos que con el mencionado despliegue actual –referido á UME- el Ministerio de Defensa no considera necesario el establecimiento, en estos momentos, de una nueva base permanente de la UME en Ourense.* Polo tanto, señor Fernández, esta moción aquí sobra. ¿Instar ao que? ¿vai cambiar de parecer o señor presidente do goberno? Ah, está dicindo que non, ¿míntelle aos cidadáns o señor presidente do goberno? ou ¿cambia de parecer como unha *veleta*? Iso por un lado. Tampouco estamos de acordo - xa digo non temos nada en contra da UME, é certo sería xente que vén para esta provincia – en canto a esa vinculación cos efectos demográficos, xa nos xera máis dúbidas. Nunha cidade como Ourense a incidencia demográfica, coa poboación que se está perdendo cada ano a penas se notaría. ¿Nun sitio pequeno? pois probablemente si. Pero o que tampouco nos gusta e rexeitamos é esa vinculación da UME co servizo de extinción de incendios. Xa foi explicitada aquí e exposta unha postura con respecto ao servizo de prevención e extinción de incendios. E xa digo, nós non cremos que esta sexa unha cuestión exclusivamente militar, unicamente como emerxencia. Pero, ¿consideramos aos incendios que asolan a provincia ano tras ano como unha emerxencia? Cando é ano tras ano, ¿u-la emerxencia? Eu penso que é algo que non se está atacando como se debera atacar, sobre todo porque non se atacan dúas cousas: o abandono do rural (que se nos enche a boca de falar continuamente do abandono do rural, pero á hora da verdade as políticas para tallar ese abandono do rural son fume, non UME, fume) e despois levámonos queixado tamén aquí da dotación dos servizos de extinción, un servizo precarizado, un servizo con abondosas prazas sen cubrir, externalizado en moitos casos coa difícil coordinación que iso supón. Iso non o dicimos agora, xa o dixemos no ano 2015, nunha moción que trouxemos aquí sobre ese servizo e posteriormente no ano 2016 tamén. Nese senso apoiamos, como non pode ser doutra maneira, e xa lle lo dixo o secretario xeral do meu partido na provincia, as demandas e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

peticións formuladas polo Comité de Empresa. Outra cousa, que tal e como está formulada a emenda, que é unha emenda de substitución non nos é posible apoiála, teremos que abstermos; aínda compartindo e estando completamente de acordo cos postulados dese emenda. Pero o que se propón é substituír algo que nós non estamos en contra tamén, se vai vir a UME, que xa está vindo cada ano, e quere ter un destacamento aquí que o teña. Agora ben, que iso sexa empregado como un substitutivo do servizo de extinción de incendios, ollo que non é gratuíto, que a Xunta de Galicia firma todos os anos un convenio que o noso diñeiro nos custa para que veña un servizo de emerxencias para algo que deixa de ser emerxencia, porque se produce todos os anos, no que non estamos de acordo é que sexa empregado como un substituto dese servizo precarizado xa de seu. Remato dicíndolles, sobre todo, que o malestar vén tamén polo que entendemos nós é un motivo espurio desta moción. Vostedes copian unha iniciativa sen vergoña ningunha, ¿tan faltos están de iniciativas para traela aquí? ¿Tan faltos están? Si, bueno, por un lado xa estamos afeitos, como dicía antes o señor Álvarez Dobaño, vaise achegando o mes de maio do ano que vén, non deste, e claro empezan a aparecer as promesas que se dos coches eléctricos, que se a dunha empresa cárnica que se ía instalar en Xinzo, outra para comercializar a pataca, a cidade do motor en Verín, a base de avións non tripulados para Defensa, ou algo así se chamaba,...*bueno*, pois que lle imos facer, estamos afeitos xa. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** moitas grazas señor presidente. Como cuestión previa señor Fraga Civeira, ás veces, cando se di algo, hai que ou ir á hemeroteca, ou acordarse un. Fala vostede de externalizar, cando os grupos chamados autoprogresistas, que se chaman progresistas a si mesmos, eu non me considero máis progresista que ninguén e non o estou dicindo sempre, pero vostedes, os progresistas, cando falan dalgunha iniciativa e poden botarlle ese pequeno apelido “externalizar”, “recortar” sempre é a mesma, vale tanto para un roto como para un descosido, para unha iniciativa que para outra. Quérolle dicir, como fala vostede de externalizar por parte do Partido Popular, se vostedes gobernando co bipartito crearon a sociedade SEAGA, iso si que foi externalizar, ou non se recorda ben. Segundo, xa lle dixen e creo que fun claro, non queremos que afecte para nada e en nada aos actuais competentes axentes forestais e bombeiros; é máis, reclamamos e reivindicamos en voz alta que se potencien os servizos forestais e de bombeiros forestais. Non sei se o podo dicir máis alto ou máis claro, ou con

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

máis palabras; pero debe quedar claro. Señor Rodríguez Suárez, a vostede puxéronlle diante o texto e empezou a falar embaladamente, pero non reparou en algo, ¿cantas veces nomeei eu que as emerxencias eran só os incendios forestais? Fala vostede de penalizar outra figura, de terras agrarias, dous terzos da terra de Galicia son montes, Lei de montes, cambiou a lexislación o PP, cambiou a Xunta a relación cos Concellos neste tema, tipoloxía dos incendios, abandono do rural. Eu o que lle estou dicindo, e dígoo sempre neste tema, é que a UME é unha central de emerxencias, unha unidade de emerxencias que está para riscos naturais, inundacións, nevaradas, fenómenos meteorolóxicos, etc... Non lle falei que solo era para os lumes. Afortunadamente, dentro da desgrazas, os lumes atacan a determinada época do ano - poden atacar todo o ano - en determinados momentos e dependendo da meteoroloxía; estou de acordo, por iso deben estar sempre e potenciar os servizos forestais e de bombeiros forestais. Pero vostede falou de todo, de todo non, falou do lume, pero de nada máis. Polo tanto, mire, falar de incendios e nós falamos de emerxencias que os incendios son unha parte mínima das emerxencias, por iso nós falamos da UME. Señor Fraga Civeira, na misiva de Rajoy ao seu secretario provincial socialista non dixo non, vostede entende iso de *non dixo non*; dixo textualmente o que acaba de dicir: *el Ministerio de Defensa no considera necesario en estos momentos el despliegue. Ojo, en estos momentos el despliegue*. E tamén lle vou a dicir, consideramos que non ostenta a mesma forza reivindicativa a petición dun grupo político –para iso non fai falta ir a Canadá– que a solicitude institucional mediante un acordo maioritario neste plenario. ¿Ou ten a mesma forza? Polo tanto, nós reivindicamos, expomos e queremos que veña esta Unidade Militar de Emerxencias; non Unidade Militar de Incendios señor Rodríguez Suárez, non. Porque tamén lle vou a dicir algo, a UME non realiza, e xa llo dixen tamén, tarefas de prevención e os seus efectivos sempre están encadrados á unidade á que pertencen e dirixidos polos seus cadros de mando que son militares, aí non vai a actuar para nada a Xunta. Segundo, os militares que forman a UME dispoñen nunha preparación específica e radica principalmente nunha formación sanitaria de emerxencia, que se obviou, non sei se consciente ou inconscientemente, pero debe saber, si é que non o sabía, que teñen este tipo de preparación sanitaria de emerxencia e tamén son instruídos para a actuación, efectivamente, fronte a incendios forestais, pero inundacións, nevadas, derrubes, riscos tecnolóxicos, etc... polo tanto que quede claro o tema. Consideramos necesaria unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Unidade Militar de Emerxencias, e remato, porque a ver por que motivo hai cinco en España e nós temos que pertencer a unha emprazada en León que cobre Cantabria, Asturias, Castela e León e Galicia. ¿Por que non podemos ter unha? Pois creo que si. Polo tanto, expoñemos e demandamos unha unidade da UME para a zona de Galicia en Ourense e para actuar en casos de emerxencia, non necesariamente nos incendios, aínda que podería ser, da mesma maneira que teñen que vir ou se reclaman desde León cando teñen que acudir aquí, pero iso non sería a parte fundamental da demanda da UME para Ourense. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Eu pediría, como xa anunciei, que se lle cedera, se non hai ningún inconveniente por parte de ningún grupo, a palabra a un representante dun sindicato para que nos exprese a súa visión do asunto. En todo caso, moi brevemente, simplemente un apuntamento ás palabras que dixo o señor Rosendo. Dende logo nós entendemos ao falar de emerxencias, vostede fala dunha parte ínfima, os incendios, unha parte ínfima das emerxencias, nós pensamos que é practicamente no noso caso o 100%; senón vostede que é tan habilidoso vendo as hemerotecas fáganos unha estatística de que intervencións fixo ao UME nos últimos anos nalgún outro tipo de emerxencia desas das que vostede fala na provincia. En todo caso, gustaríame cederlle á palabra a un membro dos sindicatos, se non hai inconveniente, como digo, por parte de ninguén. Moitas grazas.

Unha vez preguntados aos voceiros, o Sr. Presidente cédelle a palabra a **don Óscar Rodríguez González, presidente do Comité de Empresa do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais na provincia de Ourense.**

**Don Óscar Rodríguez González, presidente do Comité de Empresa do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais na provincia de Ourense:** bos días a todos e a todas. En primeiro lugar agradecer ao Grupo do BNG darnos a oportunidade de expor ante este Pleno o malestar do SPDCIF, o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, pola moción presentada polo Grupo Popular para solicitar a instalación dunha base militar da UME na nosa provincia, baseándose na problemática dos incendios forestais. Antes de entrar a expor os motivos polos que o SPDCIF nos opoñemos á solicitude de instalación dunha base da UME na nosa provincia, dende o Comité de Empresa non entendemos como os nosos políticos provinciais non están máis preocupados

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

en pedir máis medios para o servizo público da nosa provincia á Xunta de Galicia; cando nestes momentos a Consellería de Medio Rural está a falar dunha reestruturación do SPDCIF. A nosa provincia ten unha singularidade especial, non só polo número de incendios, senón tamén polo número de montes conveniados. Tampouco entendemos por que non hai preocupación por esixir a cobertura de todas as prazas de incendios actualmente desocupadas na provincia. Por pór un exemplo, no distrito 14, Verín-Viana, o ano pasado houbo máis de 500 incendios. O distrito de Verín-Viana ten máis montes conveniados que toda a provincia da Coruña. Entrando no obxecto da moción que hoxe aquí se debate, imos expor os motivos polos que os bombeiros forestais solicitamos o voto en contra desta moción. Unhas motivacións técnicas, a UME é un corpo militar e nós somos un corpo civil. A UME como corpo militar ten a súa propia estrutura xerárquica e non interrelaciona na extinción de incendios cos bombeiros forestais; por pór un exemplo gráfico, os bombeiros forestais non podemos tocarlle nin á manguera, aínda que isto soe gracioso. Tamén nos gustaría explicarlle respecto ao tempo de reacción (o tempo de reacción é o tempo entre que se localiza un foco e se actúa sobre el) da UME é excesivo, ¿por que? É excesivo porque como mandos militares que son, teñen que solicitar autorización, recibir a orde e logo actuar, polo cal, cando entran a actuar ese lume xa foi. Poderíamos poñer aquí moitos máis exemplos, pero todos van na mesma dirección. Pódese resumir nun: a UME ten moito de pantalla e pouco de efectividade na extinción dos lumes. Temos outras motivacións sociais, o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da provincia de Ourense está distribuído en cinco distritos forestais: o Ribeiro-Arenteiro, Miño-Arnoia, Bande-Xinzo, Verín-Viana e Barco-Trives; co que elo leva, a distribución de postos de traballo por toda a provincia. Do que se trataría é que, ao mesmo tempo que se reforzan as brigadas do SPDCIF e se reforza o dispositivo público, tamén se está propiciando a creación de postos de traballo e, polo tanto, a fixación da poboación no rural, cousa que dende esta Deputación, que representa aos entes locais e sobre todo aos máis pequenos, se debería estar potenciando. Non podemos entender como esta Deputación non é sensible e receptiva a esta medida estratéxica de incentivar ao rural. Tamén se tocou aquí outro tema, o tema das emerxencias. Eu creo que por descoñecemento ao mellor polos deputados e deputadas que aquí están a día de hoxe en relación aos bombeiros forestais. Desde xaneiro de 2016, a Lei estatal do sistema de protección civil, a Lei 17/2015, reconece

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

aos bombeiros forestais como servizo de emerxencias; tendo entre as nosas competencias, a maiores da prevención e a extinción, o apoio en continxencias no medio rural e actuar como primeiros intervenientes en accidentes ou emerxencias. Por isto, a Xunta de Galicia conta a día de hoxe cun servizo civil no medio rural para actuar neste este tipo de emerxencias; só fai falta que se desenvolva e se implemente axeitadamente. O colectivo de bombeiros forestais cremos que a instalación dunha base da UME na provincia, nos termos que se nos formula nesta moción, roza o intrusismo laboral. Só dende o descoñecemento se pode facer unha proposta deste tipo, xa que a Xunta de Galicia conta, a día de hoxe, co noso colectivo civil, profesional e cualificado para afrontar as emerxencias do rural. Sen máis, dicirlle como tantas veces repetimos nas nosas mobilizacións e reivindicacións aquela proclama que resume a contía desta intervención: *¿quen apaga o lume? Somos nós e non a UME*. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** bueno, simplemente recordarles que el Estado español ha dicho que no va a instalar aquí nada de la UME, entonces el debate este es un poco estéril aunque es una forma de que los partidos aclaren sus posicionamientos políticos. Y la preocupación que puedan tener los trabajadores de Orense porque pueda venir la UME, no va a suceder porque no se va a instalar y, en este sentido, nosotros entendemos que es por desgracia. Nosotros, desde luego, no queremos que venga la UME y deje sin trabajo a gente de Orense, porque entonces estaríamos desvistiendo un santo para vestir a otro; es decir, no tendría sentido. Nosotros creemos que Orense tiene un déficit de inversión pública y lo que queremos es que obviamente venga la UME para, en Orense, solucionar un problema demográfico que hay que hacerlo y con dinero público; pero que no deje sin trabajo a las personas que se dedican a extinguir los incendios. Creo que se puede hacer un esfuerzo y Orense tiene un déficit de trabajo. Es decir, no solo basta con extinguir los incendios: nosotros decimos que aquí lo más importante es la prevención. La prevención no se está haciendo y los militares no hacen prevención. Entonces, primero, los de la UME no están solo para eso porque han intervenido en accidentes como los del *Prestige*; es decir tendrían una base en Orense y socorrerían a muchas zonas del noroeste español, con lo cual estarían dándole riqueza a Orense por vivir aquí, pero irían a trabajar muchas veces fuera de Orense, la mayoría de las veces porque han estado en temas marítimos como el del *Prestige*. Nosotros creemos que lo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

fundamental en los incendios es la prevención, lo hemos dicho aquí mil veces; el tema de desbrozar, el tema de vigilar, el tema de hacer cortafuegos, el tema de replantar. Creemos que ahí cantidad de personas que están trabajando en extinción se pueden reciclar y lo que hay que hacer es crear más empleo y que no venga la UME para destruir empleo. Si viene la UME y va a destruir el empleo local, obviamente no estamos a favor de eso. Creemos que sería compatible y que no debería afectar al empleo, si no mal vamos. Y nada más, decir que estamos a favor de que siempre haya discriminaciones positivas con Orense y, en este caso, pedimos lo que es la moción que nosotros llevamos posteriormente es un poco similar a esta. Queremos que el Estado español invierta en Orense y este es un modo de invertir en Orense; pero desde luego no queremos que destruya empleo, empleo local.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente. Para aclarar algún concepto e replicar algunhas cousas. Non podemos estar máis de acordo co exposto polo presidente do Comité de Empresa do servizo contra incendios, en canto ao diagnóstico da situación e das necesidades do servizo e tamén en canto a que a UME non interfira no seu traballo. Dito isto e deixado claro, señor Rosendo Fernández, pode que a estas alturas da miña vida, coa idade que un ten, as conexións neuronais xa non sexan as que deberan ser; polo tanto, pode que se me esquezan cousas. Pero, da súa vinculación con incendios, da que vostede fala, ¡home!, está ben máis cerca, vostede na súa moción dedícalle dous parágrafos á vinculación da UME con incendios. ¿Ese é un fallo neuronal así sobrevido, ou é intencionado? Dous parágrafos, polo tanto, algunha vinculación ten. É certo que despois di vostede, para curarse en saúde, *lembramos que estas unidades non só actúan en caso de incendios forestais*. Por se acaso non o tiñamos claro, que tamén é certo. Pero basicamente e vostede tamén o pon, a maior parte das intervencións que ten a UME nesta provincia son con ocasión de incendios forestais. Nós non estamos en contra, para aclararlle os conceptos, en contra da externalización porque si de determinados servizos. Aqueles servizos que unha administración pública poida prestar dun xeito menos gravoso para os cidadáns, pode externalizalos; aqueles servizos. Pero vostede que estaba aí sentado cando nós trouxemos unha moción sobre o Consorcio Provincial de extinción de incendios e o seu carácter público, dixemos daquela que hai determinados servizos que pola súas actuacións teñen que ser públicos, ou cando non, maioritariamente públicos. En concreto, no servizo de prevención e defensa contra incendios forestais esa fragmentación en canto aos operativos, por un lado da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Xunta, por un lado dos Concellos, por outro lados de empresas privadas, helicópteros que se contratan con brigadas; iso xera unha descoordinación tremenda que non é nada boa á hora de extinguir incendios. Por iso entendemos, primeiro, que este servizo está precarizado e, segundo, externalizado. Deberían instarlle vostedes á Xunta de Galicia, ou polo menos xa que fan tanta forza, empurren todo o necesario e empurren tamén no presidente Rajoy a ver se lles fai caso porque aquí na carta non di: *el Ministerio de Defensa sí considera necesario*, di: *no considera necesario*. Non convertamos o non nun si. Non é non. Entón, eu quero que isto lle quede claro. Polo demais SEAGA é unha entidade pública, ata onde eu entendo. Remato dicíndolle unha cousa, deixándoo clara outra, nós queremos un servizo de prevención e defensa contra incendios civil e non militar. E segundo, mire se vostedes con esta moción pretendían que nós votáramos unha cousa diferente á que propuña o noso secretario xeral, xa lles digo que para iso escusaban traer aquí esta moción porque non o ían a conseguir; máis alá dos nosos posicionamentos particulares. Por iso lles digo dos motivos espurios desta moción. Eu agradeceríalles que, coa problemática que ten esta provincia que estamos pleno tras pleno falando dela, nos preocupáramos doutras cousas que son ben urxentes para esta provincia. Porque miren, esta moción ¿sabe o que indica? O fracaso das políticas de prevención e extinción de incendios. As súas políticas. O que implicitamente están recoñecendo con esta moción é o fracaso desas políticas de extinción de incendios. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** vamos a ver, tanto lle podería responder que *bueno...* O Ministerio de Defensa, a través do presidente do goberno, contestoulle a un grupo político, ¿estamos de acordo?, que xa lle dixen que é moi diferente a que vaia unha iniciativa aprobada maioritariamente por unha institución, como primeira cuestión. Segundo, quero deixar claro, como dixeron aquí, que o risco de substitución dos axentes e bombeiros forestais e de incompatibilidade nada de nada. ¡Non! A ver se queda claro. Ao que non se pode xogar, señor Fraga Civeira, é a dúas bandas. E vostede, que oín atentamente e anotei para que non se me esquecera, ese tamén é un problema neuronal que puidera ser tamén, mire, din que é unha iniciativa copiada por nós. Oia, cando trouxeron a iniciativa, quen non a puxeron, que non aparece por ningún lado, dixeron, o que pasa é que frearon. En todo caso, se puxeran a iniciativa, ¿estaban tan de acordo co Comité de Empresa? Porque vostede dixo, esa iniciativa foi copiada de nós. Entón, cando vostedes puxeron esa iniciativa -que non a puxeron- ¿estaban de acordo co

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Comité de Empresa? Porque dixó que non podía estar máis de acordo co Comité de Empresa. Mire, estamos falando dunha Unidade Militar de Emerxencias, ¿estamos de acordo? Terceiro, vostede falou de externalizar e díxenlle o que lle dixen de externalizar. Pero é que nós, cando falamos de externalizar, e facémolo sen autochamarnos progresistas, estamos falando de eficiencia e cando algo hai que xestionar e resulta máis eficiente cun modelo ou con outro, hai que ir pola eficiencia, ¿estamos de acordo? Polo tanto, non nos é alleo para nada o de externalizar se é eficiente, ¿estamos de acordo? Mire, creo que non é estéril, como dixó na primeira intervención, pedilo, solicítalo, reivindicalo, argumentalo e que queden os conceptos claros, que nós queremos unha unidade de emerxencias e que o lume, nun momento dado é unha emerxencia máis e que quede claro que non hai colisión de ningún tipo, nin risco de colisión porque a UME ten os seus cadros de mando que son militares e ten tamén outro tipo de formación, como dixen na miña primeira intervención, ou na segunda intervención, e non llo vou a clarear máis. Polo tanto, señor Fraga Civeira, non se pode estar repicando as campás e ir pola procesión, porque iso de dicir que foron vostedes os que crearon a iniciativa e ao mesmo tempo tratar de defender, que eu tamén trato de defender e non quero que colisione para nada cos axentes e bombeiros forestais; pero claro, a vostede notóuselle moito. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2).

A continuación comete a votación a moción e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Solicitar do Ministerio de Defensa a creación dunha base da Unidade Militar de Emerxencias (UME) na provincia de Ourense, para o cal a institución provincial prestará toda a súa colaboración a través dos seus servizos técnicos na procura do mellor emprazamento posible.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018
--

**10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE APOIO Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR SOBRE O CORREDOR EUROPEO DE TRANSPORTE FERROVIARIO.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** sobre esta moción, moi breve, porque se chegou a un acordo entre os diferentes grupos deste plenario. Dikir que, nós, en aras a ese acordo - proposto polo señor vicepresidente neste caso - que recolle un acordo unánime do Parlamento de Galicia que coincide coa petición que se nos fixo dunha declaración institucional por parte do Eixo Atlántico, nós en aras diso, foi falado co resto dos grupos políticos e foi acordo en converter esta moción nunha declaración institucional. Supoño que o señor Rosendo Fernández ou o señor secretario darán lectura dos acordos; senón leoa eu mesmo, como queiran vostedes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** si, nós estamos de acordo no que se propón, que se aprrobe ou que se adopte como declaración institucional o texto do acordo do Parlamento de Galicia. Eu xa expresara na comisión informativa que nós, se ía como declaración institucional, iamos apoiala. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández, portavoz do Grupo Popular:** vamos a ver, efectivamente como dixo o señor Fraga Civeira, encadra perfectamente nas conversas que tivemos, que se teñen, como debe ser, independentemente de discrepar, porque discrepar é inevitable e enriquece, pero moitas veces chégase a acordos; pois ben, a finais do ano pasado, houbo unanimidade ao respecto do tema que estamos a tratar onde 67 deputados e deputadas do Parlamento galego aprobaron un texto. Non vamos a ser nós dende esta Deputación os que emendemos ao Parlamento de Galicia habendo alí deputados e deputadas de todos os grupos políticos, agás os de DO que non están representados; pero dos demais si que hai e aprobose. Polo tanto, aí recompilamos, e creo que os demais grupos teñen o que sería a declaración institucional. Nada máis.

O Sr. Presidente cede a palabra a **don Francisco José Fraga Civeira**, para que proceda a dar lectura ao texto da declaración institucional proposta.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**, da lectura literal á declaración, nos seguintes termos:

*Declaración institucional da Deputación de Ourense sobre o Corredor Atlántico de mercadorías.*

*A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a:*

*1.º.- Defender a redefinición do Corredor Atlántico de mercadorías de xeito que incorpore e priorice a conexión ferroviaria dos portos galegos de Vigo e A Coruña co seu trazado español actual, a través de Monforte, O Barco, Ponferrada, León e Palencia.*

*2.º.- Demandar do goberno de España que defenda nas instancias europeas esta redifinición do Corredor Atlántico de mercadorías.*

*3.º.- Impulsar a colaboración doutras Comunidades Autónomas, Concellos e Deputacións Provinciais para facer avanzar esta proposta.*

*4.º.- Establecer o ano 2018 como referencia para acadar esta redifinición, de xeito que poida incluírse o seu financiamento no próximo período comunitario de programación.*

*5.º.- Demandar do goberno de España que dea traslado desta demanda á Comisión Europea, ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Comité Económico e social Europeo e ao Comité das Rexións.*

*6.º.- Dar traslado deste acordo aos gobernos e parlamentos autonómicos de Asturias e Castela León, para continuar avanzando na fronte común iniciada coa declaración institucional conxunta de apoio e impulso á modificación do Corredor Atlántico asinada polos tres gobernos autonómicos en Santiago de Compostela na data do 9 de outubro do 2017.*

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Apoiar a declaración institucional sobre o Corredor Ferroviario de Mercancías Atlántico pactada no Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular co seguinte texto:

*Galicia ten unha posición xeoestratéxica privilexiada no Atlántico, baseada nas súas conexións co continente americano no seu conxunto e con Asia a través da canle de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

*Panamá. Conta con cinco portos de interese nacional que, unidos aos portugueses constitúen un potentísimo sistema de comunicacións por mar na fachada atlántica da Península Ibérica. Todo iso configura un extraordinario potencial de desenvolvemento económico que pode e debe confluír nun hinterland que inclúa toda a Galicia interior, o Bierzo e o norte de Portugal. O desenvolvemento da fachada atlántica é un punto de equilibrio con respecto ao Mediterráneo, e é básico para reforzar a cohesión entre unha zona demograficamente moi poboada e con satisfactorios índices de desenvolvemento, e outra en alerta vermella demográfica e cuns indicativos sensiblemente inferiores.*

*Este desenvolvemento só pode lograrse creando as condicións necesarias para que todo o potencial marítimo existente se traduza dunha vez en crecemento económico, a través da transformación, pero sobre todo da loxística e a distribución. Para iso é absolutamente imprescindible dotar a esta rexión de comunicacións rápidas e modernas co centro da península e co resto de Europa. É así mesmo necesario que Galicia e o noroeste de Castela e León teñan unha conexión ferroviaria de mercadorías, que tamén sirva para pasaxeiros, coas prestacións e competitividade das novas liñas ferroviarias europeas, que están a ser impulsadas pola Comisión Europea dentro do que se chamaron corredores ferroviarios. Galicia debe integrarse no Corredor Atlántico que parte de Aveiro e que, pasando por Palencia e Euskadi, enlaza con Francia. Debe facelo coas mesmas condicións de velocidade e con idénticas características técnicas que as que teñen o resto de corredores, xa que é a única maneira de que as mercadorías que accedan a través dos portos do Atlántico poidan competir cos que chegan aos do Mediterráneo.*

*Este acceso ferroviario debe ser construído enlazando Lugo con Ourense, por Monforte, O Barco e Ponferrada. En Monforte debe impulsarse de forma definitiva o porto seco, como nó loxístico do interior galego, básico para o desenvolvemento ferroviario do noroeste peninsular. Na capital do Bierzo é tamén absolutamente preciso avanzar na posta en marcha do Enclave Loxístico da Rede Cylog, fundamental para a boa evolución da competitividade nesta comarca. O acceso deberá confluír co Corredor Atlántico en Palencia, integrándose desta maneira nel, tal e como se contempla nos documentos da Comisión Europea.*

*Non loitar por estes obxectivos sería apostar pola descohesión e a asimetría económica e social entre o Atlántico e o Mediterráneo ibérico, condenar ó*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

*subdesenvolvemento e ó despoboamento ós eixos interiores de Galicia e noroeste de Castela e León (O Bierzo) e provocar a degradación progresiva dos portos galegos, condenándoos á súa total desaparición do mapa portuario e económico europeo. Os representantes sociais e políticos de Galicia e O Bierzo, reunidos no Barco de Valdeorras o 16 de marzo de 2018, lanzamos esta voz de alarma antes de que perdamos –literalmente– o último tren, coas consecuencias que iso tería. Manifestamos por tanto o noso firme e decidido apoio a esta iniciativa, e solicitamos do goberno español as medidas políticas, administrativas e financeiras necesarias para o impulso inmediato á liña ferroviaria Ourense/Lugo–Monforte–O Barco de Valdeorras–Ponferrada–Palencia.*

*O proceso deberá iniciarse neste ano 2018, para que estea completado nun prazo que non prexudique á competitividade dos portos galegos e do resto do territorio. Os representantes das entidades, asociacións, sindicatos, concellos e grupos parlamentarios reunidos aquí comprometémonos a presentar e apoiar esta proposta nos nosos respectivos órganos de goberno, para lograr a aprobación da mesma.*

**11º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA A INSTALARLES Á XUNTA E AO ESTADO ESPAÑOL PARA QUE CONSTRÚAN NA PROVINCIA DE OURENSE UN CENTRO DE INVESTIGACIÓN DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola, bos días de novo. Todos vostedes teñen no seu poder o texto da moción, podo facer un repaso reflexivo sobre ela, en vez de lela de xeito textual. A intelixencia artificial vai ser a seguinte revolución tecnolóxica segundo indican os expertos. Repasando as revolucións científicas e técnicas que revolucionaron ao ser humano dende a noite dos tempos, sería comparable ao descubrimento do lume, ou á invención da roda, aos principios básicos das *palancas* e demais *artilugios* que estudou Arquímedes, a revolución que trouxo consigo á máquina de vapor, por exemplo, e os estudos sobre os motores do século XIX, os estudos de electromagnetismo, tamén no século XIX, as revolucións de principios do século XX que tiveron unhas consecuencias importantes sobre a tecnoloxía, o tema dos semicondutores e todo iso baséase moito na ciencia que se construíu a principios do século

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

XX, concretamente á mecánica cuántica, etc... Despois veu a revolución dixital que tamén fundía as súas raíces no século XIX coa parte matemática do estudo da álgebra de Boole, os primeiros intentos da máquina de Babbage, etc. Todo iso seguramente xa o coñecen de ler artigos. Agora, os expertos din que os próximos tres, catro, cinco anos van a ser claves na explosión diso que se deu en chamar intelixencia artificial. O termo foi bautizado xa fai décadas, antes de que se coñeceran un pouco por onde ían os tiros; eu penso persoalmente que se debería chamar intuición artificial, máis que intelixencia artificial. O que se pretende nesta revolución que se aveciña é que as máquinas imiten, non a razón ou non os aspectos racionais da mente humana que iso xa o fan o ordenadores actuais; senón curiosamente o que está sendo máis difícil de automatizar e imitar polas máquinas é iso que habitualmente chamamos intuición, os aspectos heurísticos. Como son temas demasiado técnicos para poñerse a falar deles e os aspectos fundamentais están na moción, co que si que nos temos que quedar é, primeiro, esa revolución vai ter lugar nos próximos anos ou aquí, ou en calquera lugar do mundo; está a punto de explodir e vai ser unha revolución que vai a medrar exponencialmente e, como soe suceder nestas cousas, aqueles que tomen as primeiras decisións, os que habitualmente se chaman os pioneiros, van a ser os que marquen a pauta do futuro. O noso país practicamente nunca foi pioneiro en ningunha revolución de tipo técnico, de tipo científico, de tipo industrial. Hai algunhas excepcións, temos o caso de Ramón y Cajal, en España, que curiosamente moito da dirección que leva a investigación de intelixencia artificial vai polo estudo das redes e ten moito compoñente extrapolable a como Ramón y Cajal estudou o cerebro humano, a conexión entre as neuronas, as redes neuronais, etc.. Nese sentido si que temos ese antecedente. Tamén temos un antecedente en Torres Quevedo que foi un científico que primeiro case fixo unha máquina de xogar ao xadrez moi limitada. Pero bueno, pensamos que España tería que, dalgunha maneira, quitarse ese sambenito que ten de nunca ser pioneiro en ningún tipo de investigación. É famosa aquela frase: *que inventen ellos*, que se dicía noutros tempos. Entón, por un lado pensamos iso, xa vai sendo hora de que o noso país exporte coñecemento científico e técnico ao resto do mundo. ¿Como se fai iso? Pois investindo diñeiro en investigación. No caso concreto da intelixencia artificial, tamén se fai referencia a iso na moción, empezaron investindo diñeiro as empresas privadas, concretamente as empresas de informática que se asentan no famoso Silicon Valley: Google, etc.; pero agora

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

empezan a darse conta os gobernos que o futuro vai por aí e xa empezan en diferentes partes do mundo a investir en investigación, en intelixencia artificial, porque a intelixencia artificial vai a ser, seguramente, a que solucione os problemas cotiás das sociedades do futuro inmediato, poderíamos dicir; dende a condición intelixente de coches autónomos, ata o diagnóstico de enfermidades, ou incluso a prescrición de terapias e tratamentos que en grande medida ao mellor van a ser feitas por robots, etc. É dicir, que vai cambiar a nosa vida de feito radical e, seguramente, de xeito máis rápido do que pensamos, porque podemos facer a comparación co que pasou cos móbiles. Fai dez anos ninguén tiña un móbil na man e agora andamos todos con eles. En vinte anos cambiaron os hábitos, as redes sociais hai vinte anos nin se sabía de que ían, etc.. e algo así vai a suceder seguramente. Como iso vai suceder o ideal sería tomar decisións pioneiras, é dicir, asumir unha situación dianteira e, combinando iso co feito de que a provincia de Ourense - xa niso temos insistido centos de veces o meu compañeiro e eu aquí e noutros foros - combinando que a provincia de Ourense está sendo tremendamente discriminada en inversións de calado - antes falábase do tema da UME - pois o que propoñemos é que se instale en España o centro punteiro de investigación artificial, a ser posible o máis punteiro do mundo (en España non hai ningún, hai un mediocre creo que na zona de Cataluña, como tamén digo na moción); unha aposta do Estado español pola investigación en intelixencia artificial e, ademais, que ese centro de intelixencia artificial debería contar con suficiente presuposto para atraer ás mellores mentes do mundo, en vez dunha fuga de cerebros que fora ao revés, unha recadación de cerebros para aquí, para a provincia de Ourense, que se dotase dun centro así, con todas as infraestruturas, con todos os medios e, sobre todo, o factor humano que é o máis importante nestas cousas; ou sexa, traer a eses expertos que están espallados polo mundo, como fixo Estados Unidos na II Guerra Mundial (posiblemente o maior factor que catapultou aos Estados Unidos foi o exportar cerebros de Europa e do Leste); pois algo así que se puidera facer. Por iso é, lendo xa a nosa proposta, *que desde la presidencia de la Diputación Provincial se inste a la Xunta de Galicia y al Gobierno del Estado español a que financien y construyan en la provincia de Orense el mayor y más equipado centro de investigación de inteligencia artificial de España, dotándolo de los medios técnicos y humanos precisos para estar en la vanguardia mundial, lo que haría que a Ourense pudiéramos llamarla provincia inteligente con todo el sentido.* Esta é a nosa proposta, valente, revolucionaria,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

ambiciosa, porque nós pensamos que non somos menos que ninguén. Cando nós comentabamos isto con algunha xente, dicía: bo, pero vai vir a Ourense isto? Pero vamos a ver, ¿a que ven ese complexo de inferioridade? Por que nós non podemos pensar que se pode ter o mesmo que en calquera lugar do mundo? Esa é a nosa proposta e iso é todo na miña primeira intervención. Grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. É de todos coñecido que na actualidade, o Campus de Ourense xa posúe, entre as titulacións de grao, o grao en Enxeñería Informática e Enxeñería Aeroespacial e un dobre grao en Administración e Dirección de empresas e Enxeñería Informática. A enxeñería informática é sen dúbida a titulación do presente e do futuro. As saídas son múltiples e moi variadas. Temos potencial, máis por desgraza non hai un goberno que aposte por esta provincia situada nesta esquina do noroeste peninsular. Noutras latitudes xa nos levan moitos anos de adianto e as novas que imos coñecendo tampouco son optimistas ao respecto do noso futuro inmediato. En Catalunya funciona desde hai máis de dúas décadas o Instituto de Investigación en Intelixencia Artificial, creado por parte dun grupo de investigadores procedentes do Departamento de Intelixencia Artificial do Centro de Estudos Avanzados de Blanes, grupo que investigaba desde 1985. En marzo de 1994, creouse oficialmente este instituto de investigación situado no campus da Universitat Autònoma de Barcelona. Tamén en Oviedo hai un centro de Intelixencia Artificial dependente da Universidade de Ovieu que na actualidade está a investigar, entre outras cuestións, na construción de sistemas automáticos de recuperación de información e tecnoloxías da computación. Tamén recentemente vimos de coñecer que a firma de servizos profesionais EY (antigamente Ernst and Young) elixiu España para situar o seu novo centro de intelixencia artificial e analítica de Europa, Oriente Medio, India e África, que en dous anos sumará un persoal de cerca de 200 profesionais. Este centro estará situado nunha das plantas da Torre Azca de Madrid, dará servizo a clientes de todo o mundo e funcionará como un laboratorio para deseñar novas formas de administrar e monitorizar datos e unha factoría de solucións de propiedade intelectual. Tamén que Google levantará en Francia un centro de investigación sobre intelixencia artificial. Se como dixemos antes, tivéramos un

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

gobierno que apostara verdadeiramente polo país, aproveitando as nosas vantaxes comparativas, aproveitando os recursos dos que dispomos - non esquezamos que en Ourense, por exemplo, está a Tecnópole - outro galo nos cantaría. Seguramente resultará moi pretencioso pedir que en Ourense se faga o mellor e máis moderno centro de intelixencia artificial do mundo. A nós chegábanos con que se puidera traballar nese ámbito como se fai noutros sitios, como xa dixen como en Catalunya ou Ovieu. De todas formas, vamos a votar a favor da iniciativa porque si nos parece interesante e, polo seu contido e pola aposta que fai neste sentido, parécenos que merecería por parte do grupo de goberno un esforzo para que, dalgún xeito, se puidera ter un centro destas características na nosa provincia que contribuíra a tirar partido dos recursos dos que xa dispoñemos e que eu expliquei un pouco na miña intervención: Enxeñería Informática, Tecnópole, que dende logo contribuiría a situarnos nese mapa da intelixencia artificial que vai a ser clave no desenvolvemento do futuro, non só do entorno máis próximo, senón de toda a humanidade. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. A verdade é ben certo que os plenos desta Deputación dan para todo, incluso para estirar as capacidades intelectuais que un poida ter, porque dende o tema da UME, ata á modificación de créditos, a protección de datos, falaremos ata do Xurés; en fin, eu non sei se terei a suficiente intelixencia natural para centrarme neste tema, xa non digo que artificial, descoñezo totalmente a situación e o tema; pero non vai ser óbice, como estamos acostumados a pronunciarnos sobre todo, para que nos pronunciemos sobre isto tamén. Estamos diante dunha moción, cremos nós, cunha exposición de motivos ben traballada - felicito ao señor Armando Ojea - unha moción que eu cualificaría, sen paliativos, de intelixente. A intelixencia, sen dúbida é o denominador común desta provincia; entendo que ao longo da súa existencia temos sobrada mostra disto. É máis, creo que ata actualidade nos podemos encontrar cun exceso de intelixencia que eu entendo que convén coordinar debidamente. Por un lado temos a provincia intelixente que empeza a ser premiada (descoñecemos iso si, se previo pago ou non) e, por outra, o que se nos propón agora é un centro de investigación de intelixencia artificial de España que amaga en converter a esta provincia nun novo Silicon Valley e, mesmo, pasarmos a ser explotadores de coñecemento. Nada que obxectar, estamos de acordo. Votaremos a favor. Intelixencia,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

como dicía, eu entendo que temos abondo; o que xa non temos tanto son oportunidades, por iso nós, o Grupo Socialista, estamos valorando seriamente traer a plenos vindeiros unha moción na que pidamos un gran centro de oportunidades a nivel internacional para esta provincia, para que, unha vez nós que estamos sobrados de intelixencia e as nosas xentes teñamos as oportunidades que nos merecemos. Queremos que a xente non teña que emigrar, teña a oportunidade de quedarse aquí. Por iso, cremos que está ben fundamentado e por iso valoraremos traer a vindeiros plenos para que nesta provincia se dote, ou polo menos se inste ao goberno, para que financie un gran centro de oportunidades de referencia internacional nesta provincia. Polo demais, xa dixen, imos votar a favor; non queremos pecar de falta de intelixencia e que nun futuro, cando veña ese gran centro de intelixencia para aquí, nos digan que nós, o Grupo Socialista, estabamos en contra; xa digo, aínda que de intelixencia artificial non *controlemos* moito; malamente aínda nos costa coa intelixencia natural. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** se preguntásemos a vinte persoas que é e para que serve a intelixencia artificial obteríamos, con moita seguridade, ata vinte repostas diferentes e cada unha desas persoas podería estar no correcto. Esta é a grandeza desta disciplina, pero tamén é o seu gran problema; xa que segundo falemos de investigación pública, iniciativa privada ou empresa, os seus fins serán, de bo seguro, moi diferentes. Laboratorios de intelixencia artificial dotados de centros de investigación en moitas áreas xa existen en moitas empresas vencelladas ao mundo da comunicación, dos dispositivos móbiles, dos que aquí se falou, ou da automoción; pero tamén en centros públicos, e teño que dicir que na Universidade da Coruña traballa un dos investigadores de referencia a nivel mundial e na nosa Comunidade Autónoma. A intelixencia artificial xa ten, entendemos, un notable desenvolvemento; iso non quere dicir que pare aí e non siga desenvolvéndose. Agora atopámonos aquí coa proposta que vostedes fan, pretenden converter a Ourense nun centro de referencia - non xa só a nivel nacional, senón internacional - de investigación. Unha proposta, entendemos nós, máis que artificial na que só se pon a idea e pasan a pataca quente ao resto; é dicir, que fagan, a ver se colocan aquí o centro mundial... eu creo que isto é, así, un pouco un brinde ao sol en algo tan xenérico e tan baleiro de valor en demasía para que serva de proposta. Entendemos que isto como unha proposta é moi xenérico. O tema é sinxelo, se se quere facer unha proposta neste

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

sentido, habería que centrala nunha faceta determinada da intelixencia artificial porque, por haber, hai moitísimos campos nos que traballar, razoar o seu desenvolvemento, defender a súa ubicación na provincia e presentar un proxecto ben definido; en todo caso, tendo os pés na terra, sabendo onde estamos. ¿Vostedes cren que algún catedrático dunha das mellores Universidades do mundo, desas que son punteiras, estarían dispostos a vir a Ourense? Eu, dende logo, creo que non; ningún catedrático, ningunha eminencia viría aínda que aquí se lle crease o centro de intelixencia máis grande do mundo. Pode ser unha opinión persoal. Todo o demais entendemos nós é un pouco, do que falan vostedes ás veces, un brinde ao sol, algo moi rimbombante; pero por ser moi ruidoso temos que cinguirnos á realidade. Lendo a súa moción teño a sensación de asomarme a un mundo etéreo, a unha cuestión inconcreta, intanxible, pouco determinada. Lanzan a idea, ninguén pode estar en contra de que a intelixencia artificial non se vai a desenvolver; pero lanzan a idea, evidentemente ninguén está en contra dunha idea, pero dende logo hai que ter os pés na terra. Como se nada, que outros fagan. Máis que unha moción é un texto que parece sacado dun xénero literario que forma parte da didáctica que consiste nunha exposición ordenada, obxectiva de coñecementos, non teño ningunha dúbida, sobre o tema en concreto con definicións, datos e datas; peso sen un argumento axeitado. Din vostedes que, con esta proposta, Ourense sería unha provincia intelixente; pois tamén é unha mágoa que non entendan este concepto que está a desenvolver o noso presidente cun obxectivo claro e moi ben definido, que non é outro que unificar e centralizar esforzos na procura dun xeito e que aglutine a xestión pública e dea solucións aos seus habitantes. Iso é, o que acabo de enumerar aquí, o que significa a provincia intelixente. Facilitarlles aos cidadáns, vivan na cidade ou vivan no rural, porque vostedes, ademais, falan de Ourense, Ourense cidade; así que non sei se a provincia, para vostedes, tamén segue formando parte na súa mente. Este grupo de goberno xa traballa no eido da procura de novas tecnoloxías, e seguiremos facéndoo, que fagan máis doada e eficiente a relación cos cidadáns, coas súas administracións. Esa é a súa idea de provincia intelixente que figura no Plan de mandato 15-19 da Deputación de Ourense; o proxecto que ten como obxectivo impulsar no territorio provincial unha auténtica rede coa tecnoloxía como aliada que permita unha eficiencia modélica en competencias municipais que exercemos vía delegación, como poden ser: a recollida e tratamento de residuos; a xestión da auga; a teleasistencia, entre outros ámbitos de xestión, fomentando a innovación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

na xestión pública. Estas son as nosas obrigas. Parece que nin se lembran que xa con esta Deputación as compañías Vodafone e IBM asinaron un convenio: Provincia Intelixente, que ten entre os seus fins estudar a creación dun centro tecnolóxico para a innovación co obxectivo de crear novas oportunidades de progreso económico (tamén fala alguén do progreso económico) e social na provincia de Ourense. A idea de provincia intelixente é un equilibrio entre a política e a tecnoloxía, unha estratexia para o crecemento económico ao redor da tecnoloxía e aplicada a ámbitos como o medio ambiente co obxectivo de optimizar os recursos naturais e racionalizar o consumo de enerxía, de xestionar de forma máis eficientes os equipos cos que conta a Deputación, vehículos ou outras maquinarias, a economía e facenda para potenciar a economía da xestión a través do uso extensivo das tecnoloxías da información e da comunicación; benestar, cultura e deporte para mellorar a calidade de vida dos cidadáns a través do uso desa tecnoloxía nos ámbitos da teleasistencia, a xestión de emerxencias, a seguridade cidadá, a cultura e os deportes. Cooperación, regulación de recursos humanos co obxectivo de fomentar a colaboración cos concellos e aumentar a transparencia na xestión e en materia institucional e proxección exterior, favorecer a promoción e o emprendemento do turismo. Así, outras Corporacións provinciais españolas mostran interese en implementar o modelo no seu territorio. Desde logo, isto é o prioritario e entendemos que este é o camiño.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Vou a empezar por orde. En primeiro lugar agradecer o voto a favor do BNG, debo agradecerlle ese amor propio polo noso. Nós, os galegos en xeral e quizais os ourensáns en particular, temos ese atávico complexo de inferioridade que tan ben foi retratado polos debuxos de Castelao. Sempre pensamos que somos menos que os demais, que o resto de España, que o resto do mundo. Non. Aquí somos tan listos, entre *comillas*, como calquera outro; somos seres humanos, somos sapiens; non temos un defecto xenético que impida que podamos acadar niveis de desenvolvemento como en calquera outro lado. Esa actitude é importante; porque ao mellor ese acto *fallido* colectivo de que non podemos ser como os demais é causa tamén, bastante, do atraso que temos. O señor portavoz do Partido Socialista dicía que non sabía moito de intelixencia artificial. Eu tampouco, por varios motivos, primeiro porque a intelixencia artificial non é unha disciplina concreta hoxe en día, como tamén xa dixo o señor Doval; como tampouco era a informática hai 20 anos. A

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

intelixencia artificial é un nome xenérico hoxe en día onde se mesturan un montón de disciplinas heteroxéneas, pero con ese fío condutor que consiste en conseguir simular nunha máquina capacidades especificamente humanas; máis alá mesmo da razón racional que é calculadora, iso dalgunha maneira xa se conseguiu. Pero tampouco fai falta ser un experto niso para pedir un centro, igual que tampouco hai que ser médico para pedir un hospital; podemos pedir o mellor hospital de España para Ourense e para iso non tes que saber medicina. É unha cousa totalmente lóxica. É dicir, non fai falta saber de que vai o asunto; basta con saber que é o futuro inmediato, que vai a revolucionar a vida nos próximos anos dun xeito exponencial, a unha velocidade que nos vai custar asimilar, sobre todo aos que imos tendo máis idade; xa saben vostedes que as persoas de máis idade son ás que lles custa máis adaptarse aos cambios tecnolóxicos e os que sexan nativos xa do asunto non van poder vivir sen iso, terán outra estruturas mentais e sociais para convivir con todo iso. Dicía o señor Doval que non virá ningún catedrático. Vamos a ver, non existen catedráticos de intelixencia artificial porque, xa digo, é unha disciplina que non existe aínda academicamente como tal; é un conglomerado de disciplinas, dende informática ata terían que vir expertos en temas xurídicos, porque a intelixencia artificial vai ter que traer ata filósofos. Póñolle un exemplo concreto, estase desenvolvendo agora o coche autónomo; un métese nel e dille ao coche: lévame á Coruña e vai el solo e lévao á Coruña e se de repente se atopa cun rapaz que cruza a rúa e ten que esquivalo e, ao esquivalo, ao mellor hai un matrimonio de anciáns na beiravía e en lugar de matar ao rapaz, ten que matar ao matrimonio, ou ¿como fai? Iso, esa decisión vai ter que tomala o coche autónomo e aí atopámonos con aspectos éticos filosóficos (si, si, ¿non sei de que se ri o señor Plácido?, estaría falando doutra cousa, vale) porque esa decisión, que é unha decisión acerca da cal se están preguntando agora os que están deseñando o coche, nesa cuestión concreta, no caso de ter que decidir entre matar a un rapaz ou a dous anciáns, nós facémolo de xeito automático, segundo o grao de destreza, estou seguro que un experto da unidade militar de emerxencias tería xa un adestramento para tomar esas decisións protocolizadas en décimas de segundo e nós actuariamos ao noso instinto, seguindo un comportamento humano. Esa clase de cousas que vai a esixir a presenza de filósofos, ata de xuristas porque vai traer cambios nas normativas legais, expertos en cuestións laborais porque vai quitar moitísimo traballo, bueno, todo iso vai ser o futuro e acerca de todo iso vai haber que investigar en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

moitas disciplinas. Á persoa que lle interese iso é capaz de moverse dunha parte do mundo á outra porque as persoas que están na fronteira do coñecemento, ou que investigan, son persoas creativas; non son as persoas que se acomodan nun posto previamente estruturado de funcionario. Esas persoas son distintas, son capaces de ir dun continente a outro para traballar. Dende a época dos grandes *navegadores*, como din os portugueses, esa xente era a que descubría territorios, a que ía á Antártida, aínda que quedaban alí na neve, etc... Ese tipo de xente existe tamén hoxe e, hoxe, como xa non hai territorios xeográficos que descubrir, ao mellor agora empeza co planeta Marte e co resto do Sistema Solar, as fronteiras hoxe son as da intelixencia artificial. Esa xente móvese dun sitio a outro sen ningún problema e move a todas as súas familias. Aparte, é unha cuestión de cartos; agora dígame vostede que non se movería un investigador con toda a súa familia pagándolle adecuadamente; ao mellor algún non, algún é tan patriota que quere quedar no seu país; pero algúns tamén queremos quedar en Ourense e, ao mellor, tiñamos oportunidades laborais noutro sitio e máis quedamos. Despois está a cuestión que dicía o compañeiro Ramiro, ao mellor non hai por que traer a ninguén. Aquí tamén hai canteira, como soe dicirse; aquí tamén hai canteiras nas escolas de informática, aquí tamén hai rapaces novos. Había un físico chamado Leo Szilárd, vénme agora á cabeza, que tiña unha frase que dicía: *nadie es tan inteligente como a los dieciséis años*. Efectivamente, se aos mozos se lles dan as oportunidades acerca das cales tamén avogaba o portavoz do PSOE, tendo oportunidades, investindo cartos aquí, facendo un centro de investigación artificial como este; pois ao mellor non tiñan que marcharse os moitos mozos que se marchan. Mire, voulle dar outro dato, e non é por nada. Nos anos 80 eu fun unha das primeiras persoas que impartiu clases de informática nesta cidade, iso pódello corroborar xente que foi alumna miña, no ano 84-85. Era a época pioneira na que se explicaban as cuestións básicas daquelas linguaxes arcaicas de programación, fortran, pascal, RPG, todo aquilo, épocas moi primitivas. Pero tiveron alumnos que hoxe están traballando en multinacionais, están traballando en París, están traballando en Londres. Os *chavales* que colleron aquilo aos catorce e aos quince anos, agora están traballando noutros países, traballando en grandes empresas. Se eses *chavales* tiveran oportunidades aquí, non se terían que marchar. Todos os días vemos na prensa, sobre todo na contraportada dos periódicos, entrevistas a a ourensáns polo mundo que están desenvolvendo labores pioneiros de investigación, de estudos, de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

medicina... Temos aquí esta ourensá que traballa en Atapuerca, Martínón e toda esta xente. ¿Por que non se pode quedar aquí esta xente e promocionar a provincia? A min paréceme a cuestión obvia, pero, ao mellor, este é o complexo de inferioridade ao que me refería antes. Nada máis. Grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Moi brevemente. Simplemente tres ideas. En primeiro lugar, o portavoz do grupo popular falou ou cualificou a iniciativa, neste caso de Democracia Ourenzana, de idea sen concretar, ¡home! eu creo que ás veces non as pensa, porque ás mocións nas que temos acudido noutras ocasións ou por exemplo, sen ir máis lonxe, unha das que nos queda pendente neste pleno que nos traen vostedes aquí, tampouco se pode dicir que veña absolutamente pechada, documentada, explicada... senón, teremos máis adiante oportunidade de falar. Nós, eu na miña primeira intervención xa dixen que, ao mellor, iso de aspirar a un centro de referencia mundial, a un centro punteiro ao mellor, modestamente, podería ser excesivo; pero si que poderíamos facer un centro para aproveitar os recursos que temos, para aproveitar, como dixo o portavoz de Democracia Ourenzana, a canteira que xa existe e que puidera traballar nesta cuestión como se están facendo noutros sitios e iso ten que ser unha aposta do grupo de goberno. E aí teño que dicir, e xa remato, que dende logo non somos moi optimistas. Non somos moi optimistas porque vemos que o Partido Popular, neste caso dende o goberno do Estado, non ten como prioridade nin a investigación, nin o desenvolvemento nin a innovación. Iso non é unha opinión nin é unha percepción abstracto, non, teñen números concretos e poden concretarse; supoñemos que están máis preocupados doutras cousas e isto dende logo non é unha prioridade. E dígoo e afírmoo con datos sobre a mesa. No ano 2017 o Partido Popular nos orzamentos do Estado tiña presupostada unha partida de 4.635 millóns de euros para I+D+I, executaron 1.376; é dicir non chega ao 30%. Este é realmente o compromiso que teñen coa investigación e co desenvolvemento e coa innovación. Aí, se houbera un pouco de compromiso, non poderíamos dicir que había cuartos e que non habería partida de onde quitalos, porque xa lle digo, deses 4.635 millóns restándolle os 1.363 que executaron, quedan máis de 2.000 millóns que poderían, por exemplo, tranquilamente dedicarse a este centro que dende aquí reclamamos. Nós dende logo vamos a seguir apostando pola idea, porque nos parece unha boa idea e por iso vamos a votar a favor. Nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. Moi brevemente para reiterar o noso voto a favor. Dicirlle ao portavoz do BNG que non o dea por perdido; se Rajoy é capaz de cambiar no tema da UME ¿por que non vai cambiar nisto tamén? É cuestión de facer forza, como dixo o vicepresidente, e facendo forza igual o conseguimos. Nós, de todas as maneiras, vamos a pedir que se faga forza para que se consiga este centro internacional de intelixencia.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** a coherencia tamén é un factor importante en todo o que un intenta por en marcha. Eu do que aquí falei e do que vou a seguir falando, pedir á Xunta e ao Estado que financien un centro de intelixencia artificial sen avanzar nada máis, ao fin e ao cabo non deixa de ser un desexo, nin un estudo previo, o financiamento como sería. Nin un *boceto*, nin un borrador do chamado centro de intelixencia, nin comparativa con outros similares que puideran existir. Eu sinceramente diría que é facer torres no aire. Para propaganda non está mal, ou sexa que si dicimos que solicitamos un centro de intelixencia a nivel mundial aquí en Ourense, que se crearía aquí, a verdade é que... Aquí falouse, falou o portavoz do Bloque, falou dun tema tremendamente interesante no que eu entendo que por aí deben de ir as cuestións. Nun mundo tan tecnolóxico do que vostedes falan, no que o home será substituído por máquinas - que eu entendo que non - a resposta é que a maior desenvolvemento tecnolóxico, máis humanidade necesitamos, entón ¿onde están as persoas? Na formación, na educación, aposta pola educación, aposta pola inversión en educación e aposta por inversión no que o señor portavoz do Bloque fixo referencia, a Escola de Informática que é todo un exemplo, oxalá que todos os informáticos se quedaran en Ourense; pero se non é así, os informáticos que saen magnificamente preparados e que hai que seguir dotando de máis medios esa escola e informática, pois oxalá que poidan traballar neses sitios, en calquera sitio do mundo porque teñen formación, que se poidan desprazar, o que dicía don Armando Ojea, se alí lle ofrecen un gran soldo que poidan ir alí. Cando eu falaba dun catedrático, dixen un catedrático nas disciplinas nas que existen catedráticos. Fíxese vostede cantos catedráticos veñen de universidades a nivel mundial ou a nivel das máis punteiras de España e que veñan a Ourense á universidade, puideron facelo porque con pedir a praza, e por aí é por onde ía. A gran preocupación que debe dende aquí e que deben ter todos os que estamos tomando decisións políticas é que os nenos, as nenas e todas as persoas reciban a maior formación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

posible porque iso é a grandeza dun país, investir en formación e que os nenos e as nenas na nosa comunidade autónoma contén coas maiores innovacións tecnolóxicas; innovacións tecnolóxicas para utilizar como ferramentas, nunca a tecnoloxía poderá substituír ao profesor. Ao revés, cada día máis o profesor xoga un papel importante na educación, xoga un papel importante no traballo en equipo; máis aló das novas tecnoloxías. As novas tecnoloxías por si soas non resolverán o problema. Iso non quere dicir que non haxa que investir en novas tecnoloxías, en medicina, en investigación e todo iso. Esa é a postura, a postura de algo que sexa un pouco acorde coa realidade. Poderíamos dicir que había que crear aquí o aeroporto máis grande do mundo e traer aquí todos os avións do mundo, que voaran todos dende aquí. ¡Home! pois tamén sería bo e enriquecería a provincia, pero eu creo que a coherencia é moi importante. Nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** só un par de apuntamentos porque creo que xa se falou bastante do tema. O señor Doval critica que pidamos un centro de intelixencia artificial sen detallar o proxecto. Iso é como se vostede me di que pida un hospital que lle achegue xa os planos, a *plantilla...*; para iso xa están os arquitectos, os xerentes de hospitais, etc... Se pedimos o mellor hospital para Ourense é así, o mellor hospital. Cando pedimos a pista de atletismo tampouco fixemos os planos; tiveron que ser os técnicos os que concretaran eses aspectos. En todo caso, o que nós dicimos é moi sinxelo. Aquí na proposta vostede dixo que falabamos da cidade, non, a proposta fala da provincia: instalar na provincia. Tampouco dicimos onde, mire. Outro aspecto que deixamos aberto porque pensamos que non procede especificar o sitio; como tampouco se especificou antes o sitio concreto onde iría a UME no caso concreto de que se aprobara. Na provincia de Ourense, xa se vería onde. O mellor centro de intelixencia artificial. Xa se vería como, iso será cousa de expertos. Despois fala vostede dos catedráticos que non viñan. Mire, nestas actividades pioneiras, actualmente os catedráticos, as persoas que levan moitos anos en determinadas disciplinas non son as mellores para innovar. Actualmente, basta con que mire a historia dos recentes avances tecnolóxicos, soen ser pouco máis que adolescentes, ¿por que? Porque as persoas maiores están viciadas nos vellos procedementos, nas vellas formas de traballar e non son os mellores. ¡Ollo! Non estou dicindo que unha persoa maior non poda ser experta nunha cousa pioneira; pero estatisticamente quen se ven interesados, chamados e dispostos a sacrificar unha vida

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

laboral por esta clase de cousas soen ser persoas recen saídas da universidade, con inquietudes; máis que catedráticos que levan máis de vinte anos na súa cadeira e que ao mellor, como coñecín eu a algún, que manexaba a regra de cálculo. Ao mellor nos anos 90 algún aínda utilizaba aquela famosa regra de cálculo; que ten o seu mérito, pero non quería utilizar ordenadores e que sabía de memoria a táboa de senos e cosenos e a táboa de logaritmos. É un mérito, pero esa clase de xente non é ás veces a mellor. En todo caso, iso serían os mellores expertos con independencia da idade que tiveran e que viñeran, a parte dos que se puxeran aquí. Xa lle digo, non pensamos que sexa ningunha ocorrencia. É unha cuestión de cartos e de autoestima, nada máis. Ten que haber as dúas cousas, claro. Se non hai cartos, nada, e se non temos tamén autoestima pois tamén: *non, iso para nós é moito*. Iso xa, como dixen antes, dende os debuxos de Castelao sempre tivemos esa personalidade chorona que tamén foi reflectida polos poemas de Rosalía. Nada máis. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (14).

### **12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PLAN REITOR DO PARQUE NAUTRAL DA BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS.-**

O Sr. presidente anuncia, segundo se acordou na Xunta de Portavoces, que este punto e o seguinte (moción do BNG en apoio das demandas d@s comuneir@s do Parque do Xurés) van ser obxecto de debate conxunto e votación separada, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Bo día a todos a todas. Vamos a ver se baixamos da intelixencia artificial á intelixencia natural. Esta moción vén a este Plenario con motivo de que estivo en fase de exposición pública o documento de inicio para redactar o Plan de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Un Plan que segundo a Lei 9/2001 de conservación da natureza de Galicia debe incluír entre os seus contidos un programa económico-financeiro e unha programación

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

de actuacións para este espazo protexido e para os seis anos seguintes dende a súa aprobación. A parte de ser unha vulgar copia do Decreto 64/2009 do 19 de febreiro polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e do Plan Director da Rede Natura 2000, non se mencionan cuestións tan importantes a ter en conta como as previsións de uso, as normas xerais de xestión, ou o propio programa económico-financeiro, por exemplo. O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés é con diferenza o maior parque natural de Galicia con case 30.000 hectáreas de superficie, que por si soas representan o 40% do territorio declarado como figura de Parque Natural en Galicia. Este parque é a zona de Galicia con maior recoñecemento ambiental, parque natural, zona de especial conservación da Rede Natura 2000, zona de especial protección para as aves, parque transfronteirizo e reserva nacional da biosfera da UNESCO, xunto co parque portugués do Peneda - Gerês. Ademais, é o parque natural que conta cun maior número de habitantes dos seis existentes en Galicia, acoollendo máis do 60% da poboación que vive hoxe dentro dos parques naturais galegos. Poboación merecente dunha atención preferente posto que son os propietarios do Parque e son os que sofren as limitacións para que os demais podamos gozar del e, polo tanto, merecen as compensacións ambientais correspondentes conforme á lexislación. Malia esta realidade e ao enorme patrimonio ambiental e cultural que atesoura a comarca da Baixa Limia, a Xunta de Galicia abandonou hai anos, e con motivo da crise, a tutela e a súas responsabilidades sen que, ata o momento, haxa motivos para pensar nun cambio de actitude. Como resultado deste abandono, detéctase dende hai tempo unha clara desafección tanto na poboación, como incluso dos propios concellos. Este desapego tradúcese, en moitos casos, en oposición, ou como pouco, indiferenza a todo o que ten que ver co Parque Natural. Situación tanto máis lamentable se temos en conta o inxente esforzo que se fixo no seu día para que o Parque Natural, implantado sobre montes veciñais en man común de propiedade dos veciños, fose admitido e asumido pola poboación residente como un proxecto de futuro. Un proxecto que podería, no só, conservar os valores naturais do territorio; senón tamén mellorar a calidade de vida da poboación residente creando emprego e riqueza. Son moitas as circunstancias e a casuística polas que se chega á presente situación, destacando o abandono das tarefas de mantemento e conservación do espazo que outrora fora fonte de creación de emprego estable na comarca. Ademais, produciuse un abandono explícito de certos programas de

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

conservación e dinamización do Parque, tal como o Programa Parques para Vivir que tiña como obxectivo a mellora nas condicións de vida dos habitantes da zona. A isto, engadíuselle o paro no programa de camiños naturais do MAPAMA, sinaladamente dos camiños da Vía Nova e de San Rosendo que ben poderían servir de promoción e atraer visitantes á Comarca. A falta de iniciativas en materia de promoción do Parque e de creación de equipamentos turísticos está a provocar que este parque apenas teña uns 5.000 visitantes ao ano; mentres que noutros parques con similares características esa cifra auméntase ata 10 veces máis. Este abandono por parte da Xunta das súas competencias e responsabilidades para co Parque e para coa comarca provoca que esteamos ante unha das bisbarras máis deprimidas do noso país, cuns niveis de avellentamento e falta de reposición xeracional arrefriante. A todo o anterior debemos engadir a escasa interacción co noso país veciño, Portugal, co que compartimos parque transfronteirizo e reserva da biosfera da UNESCO; así como outros programas e convenios de colaboración e proxectos de traballo conxunto que se atopan paralizados. Mentres se anuncian plans que fican no esquecemento, o Parque arde cada ano - a razón de 8.000 hectáreas só nos últimos dous anos - sen que se desenvolvan accións específicas de protección transfronteiriza, vixilancia, equipamentos, etc... Co tempo, desbotouse continuar co proxecto da aldea galega en Salguerios - propiedade da Xunta de Galicia - xunto coa súas 6.000 hectáreas de monte, despois de que o goberno do bipartito investira nela uns dous millóns de euros nese proxecto. Hai tamén unha clara intención por parte da Consellería do Medio Ambiente de non dotar de recursos persoais suficientes ao parque malia ao abandono crecente, tales como aumentar o número de técnicos ambientais destinados no parque ou o persoal necesario para unha correcta xestión sostible deste, demandada polos propios concellos da comarca e tamén polos habitantes deste parque. Por todo isto propoñemos a este plenario:

1º.- Solicitar da Xunta de Galicia que a elaboración do Plan Reitor de Uso e Xestión se faga dun xeito consensuado cos propietarios do territorio, primeiro, cos concellos afectados e cos diferentes colectivos implicados na xestión responsable e sustentable do medio ambiente que se preserva neste parque.

2º.- Solicitar que na redacción do Plan de Uso e Xestión se contemplen, como mínimo, todas as zonificacións existentes respectando os usos e costumes da poboación que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

pertence e vive no parque, facilitando os seus labores tradicionais dentro dos límites legais que permite o parque.

3º.- Esixir que no Plan se introduzan os mecanismos económico-financeiros necesarios para atallar as deficiencias anteriormente enumeradas.

4º.- Darlles traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do territorio da Xunta de Galicia.

De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Como a problemática xa está explicada e todos somos coñecedores basicamente dela, eu non vou a facer referencia nin vou a ler toda a exposición de motivos, voume a centrar no que consideramos máis relevante. Para iso vou a lerlles, a trasladarlles dous ou tres parágrafos e despois voume a parar, un pouco máis, no que é o documento que nós presentamos para que, desde esta Deputación, se lle preste o apoio. Xa se dixo, a Consellería de Medio Ambiente publicou no DOG do 21 de marzo deste ano un anuncio no que se sometía a exposición pública o documento de inicio do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, ese prazo que rematou o 16 de abril. Este documento publicouse sen escoitar e sen ter en conta a opinión das comunidades que teñen monte na zona delimitada polo parque, estamos a falar nada menos que de quince comunidades, contravindo o criterio de participación pública que esixe a normativa europea para a xestión dos parques naturais, en concreto a respecto do parque do que falamos, Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés. Tampouco é de recibo que desde a administración galega non se lles dea contestación aos escritos presentados e se teñan que enterar pola páxina web dos parques naturais da Xunta de que Medio Ambiente iniciará este ano os traballos de redacción do Plan de Usos e Xestión do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés; o que nós pensamos que é un auténtico despropósito. Non se pode consentir esta falta de transparencia nin sobre en que vai consistir o plan de usos do parque nin en que se están a gastar os fondos europeos. Trátase dunha mostra máis do desleixo da Xunta por protexer a riqueza cultural e natural de Galicia. Nós os acordos que propoñemos son basicamente dous:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

1.- Que o Pleno da Deputación asumira como propias as achegas presentadas polas comunidades de montes da zona ao documento inicial do PRUX do Parque Natural (agora referireime brevemente a elas)

2.- Que o Pleno da Deputación insta á directora xeral de Patrimonio Natural a deixar sen efecto esta resolución, e a reunirse cos lexítimos propietarios do monte, para escoitar as súas demandas, aos efectos de aprobar un plan de usos e xestión consensuado, que teña en conta, non só os intereses da Xunta, senón tamén os lexítimos intereses dos comuneiros e comuneiras.

Como digo, a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais dirixiu un escrito á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería. Este escrito está estruturado en seis puntos que son para os que nós pedimos o apoio. En primeiro lugar demandan que para a elaboración do documento final deste Plan deban ser consultadas as comunidades de montes titulares das terras que conforman o territorio do Parque Natural. As súas opinións e propostas deben ser consideradas, xa que non en vano estase facendo unha planificación sobre as súas terras. En segundo lugar, o Plan Reitor de Uso e Xestión debe conter unha descrición da estrutura da propiedade das terras que conforman o Parque Natural. Nesta descrición debe figurar o tipo de propiedade -pública, privada, veciñal, en man común- a superficie destas e os contornos. En terceiro lugar, din que o Plan Reitor de Uso e Xestión deba contemplar un protocolo de actuación para casos extraordinarios de inundacións, catástrofes e incendios forestais. Este protocolo debe contemplar tanto medidas de prevención como de métodos para sacar a madeira destruída ou queimada, redes de vías de sacas, outros sistemas para sacar a madeira como poden ser a tracción animal ou aéreas. En cuarto lugar, o Plan Reitor de Uso e Xestión debe contemplar un seguro de responsabilidade civil subsidiaria que cubra ás comunidades de montes que teñen o seu monte veciñal no ámbito territorial do Parque Natural. En quinto lugar, o Plan Reitor de Uso e Xestión debe contemplar os usos permitidos con certas condicións e usos prohibidos. Esta planificación significa que as comunidades de montes vexan certos usos hipotecados. Por estes usos hipotecados que as comunidades asumen en aras do ben común, deben recibir compensacións. Estas compensacións e a súa compensación tamén deben figurar no Plan Reitor de Uso e Xestión. Sería un erro contemplar estas compensacións como grazas, dádivas ou regalos; estas compensacións na realidade non son senón unha xusta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

redistribución dos custes medioambientais. O que beneficia a toda a sociedade non pode ser sufragado soamente por unha parte da sociedade, neste caso por parte das comunidades de montes. E en sexto lugar, demandan que o Plan Reitor de Uso e Xestión deba contemplar que as comunidades de montes teñen que estar presentes en todos os órganos de xestión e decisión do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés. En definitiva, nós pedimos o apoio para este documento e como consecuencia, de aí vén o noso segundo punto, se retiren as resolucións que hai ata a data e que, dende a Dirección Xeral de Patrimonio, se senten cos afectados para negociar isto dun xeito participativo e que se chegue a un consenso que nos poida beneficiar a todos. Nada máis de momento nesta primeira intervención. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Grazas. Unha cousa que se me veu agora á mente, dicía alguén que é unha pena que non poidamos cambiar os problemas, uns cos outros, porque a cada un sempre lle parece moi fácil resolver os problemas dos outros. Isto vén a conto de que ás veces é moi fácil, dende un despacho, sen vivir no sitio, elaborar plans como este. Sen vivir no sitio, en abstracto, elabóranse plans dese tipo para parques naturais, para contornas arqueolóxicas, etc... e non se escoita aos que viven no sitio. Porque, cando se vive no sitio, como un ten que probar da súa medicina, do que decide, pois ve as dificultades que, ao mellor, posiblemente non ve se está sufrindo as consecuencias das súas decisións. Aquí temos un caso así. O que debería ser unha fonte de riqueza e unha fonte de desenvolvemento ao mellor dunha zona, ás veces é un entorpecemento e ás veces é todo o contrario, non se lles deixan facer determinadas cousas ou determinadas actuacións e iso foi porque quen o deseñou, deseñouno desde un despacho sen que exista o *feedback*, ou sexa, a retroalimentación de que agora vas a sufrir ti as consecuencias das túas decisións. As consecuencias das túas decisións, como as sofren outros, ti podes seguir creando castelos no aire. Vamos a votar a favor das dúas (son moi semellantes a verdade), das dúas mocións do Partido Socialista e do BNG, porque nos parece do máis normal, aparte de todas as argumentacións perfectamente explicadas, que os comuneiros e os propietarios do territorio teñan algo que dicir no asunto este, aparte de todos os outros puntos. Parécenos especialmente ben redactadas e especialmente testemuñais, de que saben do que están falando, as achegas que fai a Comunidade Galega de Montes Veciñais en Man Común,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

estas achegas que veñen coa moción do Bloque. Realmente léndoas, un dáse conta de que saben do que falan e saben o que queren, moi ben argumentadas e moi ben explicadas. Coma xa todos vostedes saben ao que me refiro porque teñen a moción no seu poder, sinxelamente dicir que nos parecen totalmente asumibles e que votaremos a favor. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** si, grazas señor presidente. Vamos a intentar tratar de axilizar un pouco para que non nos pille aquí o Pentecostés. Señora Lama, ao marxe de certas consideracións que se fan na exposición de motivos, anúnciolles que votaremos a favor da moción do seu grupo porque a consideramos positiva na súa formulación en conxunto e concordamos no esencial coas propostas de acordo que se fan. A xestión no Parque no seu conxunto, e a min que me toca vivilo moi de cerca, e da aldea de Salgueiros, en Muíños en particular, que me toca máis, e a miña posición ao respecto é sobradamente coñecida, é manifestamente mellorable. Quero pensar que o novo Plan Reitor de Uso e Xestión, unha vez consensuado cos propietarios do territorio (solo faltaba que non se contara con eles) e por suposto tamén cos concellos afectados e cos colectivos implicados na xestión sustentable e responsable, iso si, do medio ambiente – e remarco isto - suporá un cambio de rumbo radical na atención que a Xunta de Galicia lle vén dando ao parque nos últimos anos e, tamén, no funcionamento dos seus órganos de xestión, tanto unipersoais como colexiados, e digo de poder de decisión ou incluso meramente consultivos, supoño que saben de que estou a falar. Esta é unha reivindicación que eu diría que é unánime de todos os cidadáns dos municipios do Parque da Baixa Limia - Serra do Xurés; dos cinco concellos da Baixa Limia e incluso de Calvos de Randín na parte que lle afecta. É a miña e modesta opinión ao respecto e espero e confío que este novo Plan de Uso e Xestión supoña ese cambio radical do que lles falo. En canto á moción do BNG, teño que dicirlle, señor Rodríguez Suárez, que votaremos en contra por razóns obvias. O que buscan, dá a impresión, señor Rodríguez Suárez, o que buscaron xa nunha recente reunión en Lobios -que non en Muíños, señor Pérez Jácome - é confundir á xente dende o oportunismo político e, dáme a impresión, como ven aí maio do ano que vén a ver se conseguimos ter representación nalgún concello. Creo que non é a mellor maneira de apoiar a mellora necesaria do que é o funcionamento do Parque da Baixa Limia - Serra do Xurés. Nada que dicir ao respecto da exposición de motivos, vostedes sempre están na súa liña alarmista e dunha visión sempre *torticeira* e partidista da realidade, pero bueno, é o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

sei estilo e eu llo respecto como fago sempre. Con respecto ás propostas de acordo, señor Rodríguez Suárez, estou seguro que vostede mesmo recoñece que non as podemos apoiar, vostede mesmo, seguro que cando as redactaron estaba pensando nisto. Quere que a Deputación asuma como propias, sen máis, sen máis, as achegas presentadas, segundo vostedes, polas comunidades de montes - quince, como vostede recordou - e que nos achegan coa súa moción, por certo, asinadas en Vigo polo presidente da Asociación Galega de Comunidades de Montes (nin sequera en Muíños, señor Pérez Jácome, xa ve, en Vigo); o que resulta curiosísimo porque a UTE encargada de redactar ese Plan Reitor de Uso e Xestión, xuntamente cos representantes das comunidades, concellos, etc.. aínda non se reuniu con ninguén e digo, aínda. Pero vostedes xa tocaron a campá, señor Rodríguez Suárez, para facer barullo, o que mellor se lles dá, iso é verdade. Pero a xente, chegado o momento, saberá quen vai de serio e quen vai doutra maneira. Con respecto ao segundo punto da súa moción, teño que dicirle o seguinte; o anuncio polo que se somete a exposición pública o documento de inicio – digo documento de inicio - do Plan Reitor de Uso e Xestión do publicouse no DOG do 21 de marzo pasado e ¿iso que é? Pois é un simple trámite de participación cidadá anterior, e digo anterior, á elaboración do PRUX; nada máis e nin nada menos. Paciencia, polo tanto, señor Rodríguez Suárez, aínda falta un ano para as municipais; entón de momento tranquilidade. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente e moitas grazas señor portavoz e principal afectado desa bancada do parque, xa nos gustaría a outros ter parques naturais con ese nivel de recoñecementos; pero tamén nos gustaría que vostede tivera un parque no seu concello como teñen os de Caldas de Geres, cos mesmos visitantes que ten Caldas de Geres, por exemplo. É digno de envexar, ou outras aldeas pequeniñas de Portugal onde fan moitísimas inversións porque queren atraer turismo, queren defender que a xente que vive alí poda seguir vivindo alí como queren, no seu territorio. Polo tanto, nós non imos estendernos moitísimo, simplemente dicir da moción do BNG que nos parecen acaídas, no primeiro punto, as achegas que fan as comunidades de montes, porque é lóxico señor Plácido, as comunidades de montes cando alguén se entera que teñen un documento de inicio para redactar un plan de uso e xestión, pois preocúpalle; ¿que van facer coa miña terra? ¿que vou poder facer naquel monte? ¿vou poder cortar leña? ¿vou poder sacar a leña se arde o monte? ¿vou poder construír, arar..?

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Imaxino que iso é lexítimo, son os propietarios e teñen inquedanzas, queren seguir a traballar, a vivir e a facer máis ou menos o mesmo que veñen facendo nos usos e costumes. Polo que respecta ao segundo punto da moción do BNG, pensamos que, home, ao mellor a directora xeral do Patrimonio Natural deixar sen efecto a resolución, ese punto non o vemos tan acaído, ¿por que? Porque de momento o que hai é un documento de inicio e, a partir de aí, nós o que reclamamos é que ese plan que se vai a redactar por parte da UTE, pero baixo a dirección desa Consellería, pois que ese plan teña en conta aos lexítimos propietarios, aos concellos e a todas as asociacións con intereses en defender un patrimonio natural que está aí e que por iso se conserva. Polo tanto, na moción do BNG se retiran o punto número 2 nós votamos a favor. E nada, anticiparlle, darlle as grazas polo voto favorable á nosa moción. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** si, moi brevemente. Moitas grazas señor presidente. Na súa liña habitual o portavoz do Grupo Popular contesta con *chascarrillos*, os lugares comúns habituais; pero como dixo el, como tamén xa é tarde, tampouco vou a entrar a ese trapo. Só facer dous apuntamentos, ou tres. En primeiro lugar dicirlle que a UTE xa se reuniu cos veciños e cos representantes, a semana pasada. Aclarar tamén que nós neste caso, ademais neste caso precisamente non lle está dicindo vostede que non ao BNG, estalle dicindo vostede que non á Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais e en Man Común. É dicir, teralle que explicar a eles por que vostede non está de acordo ou en que non está de acordo nas demandas que eles formulan. ¿Están asinadas en Vigo? Pois están asinadas en Vigo. Eu non sei, isto é a Federación Galega de Mancomunidades de Montes Veciñais, eu non sei onde ten o seu enderezo particular o señor Alfredo Pereira Martínez. Pero en todo caso, o que si lle podo dicir é que estas demandas están consensuadas cos veciños e veciñas da zona e están traballadas sobre o territorio. Nós mantemos a moción tal como está formulada porque a nós parécenos que é absolutamente lóxico, e tamén de xustiza, que se atendan as demandas dos comuneiros que son ao fin e ao cabo como eles mesmos expresan no seu documento os que fan esta serie de achegas que nós lle pediamos á Deputación que apoie co voto favorable a esta moción. Nada máis, sinxelamente, non lle busque vostede ningunha complicación, nin tres pés ao gato, nin obxectivos partidistas nin electoralistas, nin nada de nada. Nada máis. moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Nós lembramos que votaremos a favor de ambas as dúas mocións, un pouco no espírito de que os propietarios teñan algo que dicir polos motivos que xa o resto de portavoces argumentaron e que por outro lado parecen algo obvios. Esperamos que as súas achegas e as súas presións e o diálogo da Administración con eles, fagan que ese recurso, que é de todos os ourensáns, en realidade é unha riqueza de todo o mundo, se mellore. Basta ver a diferenza no xeito da xestión que hai na parte portuguesa e na parte española e esperamos que se mellore e sexa realmente unha fonte de riqueza para todos, especialmente para os que viven alí; non soamente polo manido tema do turismo, senón porque, como dicía a portavoz do Grupo Socialista, poida, sen interferir nos aspectos de conservación e patrimonio, poida ter lugar explotación económica e xerar traballo que é o que fai falta moito nesa zona que xa sabemos que historicamente estivo especialmente deprimida, historicamente afastada da capital, con malas comunicacións ata fai pouco e agora a cuestión esa da autovía, o concello de Muíños tamén historicamente mal comunicado, aínda hoxe tamén. Esa zona toda que sempre foi unha especie de gran cando o mapa provincial era case total, total do PP, unha das poucas zonas que se resistía á entrada do PP era esa zona da Baixa Limia. Estoulle falando de fai anos, estaba alí Entrimo con aquel Cerqueira, Ferreira en Lobios, o predecesor que era Rafael, de Plácido, despois Plácido entrou aí e xa non houbo nada que facer. Nas próximas vai entrar, probablemente, Democracia Ourensana, aínda estamos pensando se por Lobios ou por Entrimo primeiro, ou por Muíños. Aquí o meu compañeiro antes, cando dicías Cubano, creo que quería dicir o Restaurante Lusitano, aínda que o cubano tamén existe. Pois nada, que esa zona se vexa (si, coñecemos moitos restaurantes, si) promocionada en base a decisións como as que propoñen o PSOE e o BNG nestas mocións. Nada máis e moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo popular:** brevemente. Isto, como hai que marcharse, xa non acende ben<sup>4</sup>. Pois ben, a empresa que apoia, á que me refería antes, a redacción do Plan de Uso e Xestión do Parque é unha UTE composta pola empresa Ambiotec e a Universidade de Vigo (dígoos para xeral información) e esta UTE aínda non ten pechado a día de hoxe, e digo a día de hoxe, coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural

---

<sup>4</sup> Refírese ao micrófono.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

da Consellería de Medio Ambiente o cronograma de actuacións que se levarán a cabo para escoitar, e digo escoitar, aos comuneiros, concellos e demais colectivos. Cóntame que o vindeiro 2 de maio haberá a primeira reunión seria coas comunidades de montes. A previsión que manexa a Xunta de Galicia para rematar os traballos é no mes de outubro do presente ano, sen pór tamén un límite cerrado; pero esa é a previsión. Con respecto ao que dicía a señora Lama da preocupación das comunidades de montes, máis ben nestes momentos creo que a preocupación é do BNG e dalgunha organización, entendo, entendo que próxima a eles. As demandas da comunidades de montes e parece ser dos concellos e doutros colectivos que parecen esquecerse (será que representan menos para eles) serán escoitados, seguro que serán escoitadas e eu estarei aí, ao lado, para reivindicar que así sexa e así será. Entendo, señor Rodríguez Suárez, e vólvollo dicir e non son *chascarrillos*, nin moito menos, o que pasa é que non lle gusta que o diga; eu pedinlle tranquilidade, paciencia; se mo permite, agora voulle a pedir algo aparte diso, voulle a pedir que tanto vostede como o seu grupo colaboren para que este plan de uso e xestión resulte ben e deixemos a demagogia a un lado. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Nada máis, reiterar simplemente que, se o BNG retira o punto número 2, votaremos a favor; senón non nos queda máis remedio que absternos. Grazas aos dous grupos que apoian, imaxino que o BNG tamén apoiará, a moción do Grupo Socialista. Moitas grazas e nada máis.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** si, tamén moi brevemente, só dous apuntamentos. En primeiro lugar a nós, xa o dixen na miña primeira intervención e ía na exposición de motivos, estráñanos que ese espírito de colaboración do que vostedes falan, de transparencia que teñen ao respecto de calquera asunto, e diste en particular, ¿ por que os comuneiros se teñen que enterar polo DOG do Plan e non se fala previamente con eles, non se lles comunica, non se negocia, etc..? En segundo lugar, volvo a insistir, o documento é un documento da Federación Galega de Montes e non me dixo o señor portavoz do Grupo Popular se está de acordo ou non co documento; ou se o presentaran eles directamente si estarían de acordo e o feito de que o traíamos nós fai automaticamente se descarte o acordo. Xa remato, en aras dese consenso e dese apoio que nós solicitabamos para estas achegas, para estas demandas dos comuneiros e vendo a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

petición que nós fan dende o Grupo Socialista, como digo, en aras de obter o máximo apoio, accedemos a retirar o segundo punto para que nese caso, entendemos, eles apoiem esta moción. Dende logo, nós tamén vamos a votar a favor da súa. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Xunta de Galicia que a elaboración do Plan Reitor de Uso e Xestión se faga dun xeito consensuado cos propietarios do territorio, cos concellos afectados e cos diferentes colectivos implicados na xestión responsable e sustentable do medio ambiente que se preserva neste parque.

2º.- Solicitar que na redacción do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) se contemplen como mínimo, todas as zonificacións existentes respectando os usos e costumes da poboación que pertence e vive no parque, facilitando os seus labores tradicionais dentro dos límites legais que permite o parque.

3º.- Esixir que no Plan se introduzan os mecanismos económico-financeiros necesarios para atallar as deficiencias anteriormente numeradas.

4º.- Darlles traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do territorio da Xunta de Galicia.

**13º.- MOCIÓN DO BNG EN APOIO DAS DEMANDAS D@S COMUNEIR@S DO PARQUE DO XURÉS.-**

O debate deste punto tivo lugar co do punto anterior.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción (suprimindo o punto segundo), que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**14º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA SITUACIÓN DA DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NA PROVINCIA.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda de engádegas a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo do BNG para que expoña o seu contido.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG:** moitas grazas señor presidente. Moi rapidamente. Nós, na exposición de motivos, debullamos pormenorizadamente cal é a situación da depuración de augas residuais na provincia de Ourense, o que ten acontecido nos últimos anos ao respecto deste servizo que é fundamental, entendemos todos, nos concellos. É unha materia na que segue habendo, logo de tantos anos e tantos millóns de euros investidos, segue habendo graves carencias que nós redactamos ou que expoñemos na redacción do que é a exposición de motivos. En realidade a moción era moi sinxela, o único que pedíamos, ou o que solicitamos, é que dende a Deputación, con cargo ao remanente de tesouraría, se incrementara unha liña de axudas específicas destinada a mellorar a depuración das augas residuais á que puideran acollerse todos os concellos que así o desexaran. Nós entendemos que isto si sería de interese por parte de todos os concellos da provincia porque a situación da depuración das augas é como é. Seguramente todos os alcaldes que están aquí, poderían darnos abondosa información ao respecto de todos os problemas que hai habitualmente nos concellos. É unha materia pendente, como digo, logo de anos e anos de investimentos e de obras. Nós entendíamos que sería importante que parte dos recursos que esta Deputación destina a cooperación se destinaran en concreto á mellorar este servizo. De momento, na primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Nós tamén votaremos a favor. Parece ser que o remanente de tesouraría vai ter que ser estirado porque por un lado fálase de repartir ese remanente nas diferentes necesidades dos concellos, segundo criterios obxectivos; no caso concreto da moción do BNG, pretende destinarse, senón de xeito exclusivo, si nunha partida importante a este tema das augas residuais. Particularmente nós non sabemos se este problema o teñen realmente todos os concellos, en que medida o teñen; se para uns é unha prioridade un e para outros é una

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

prioridade tres, ou cinco. Pero, en principio pensamos que, unha vez, gastado a parte do remanente que un ten que gastar segundo a regra de gasto, pensamos que unha parte ben gastada dese remanente sería esta que trae a moción do Bloque. Nada máis. grazas.

**D. Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista:** ola, bos días a todos e todas. Nós estamos de acordo coa moción. Presentamos unha emenda porque cremos que sería compatible co que é a propia moción, como non hai remanente de tesouraría sería imposible, aínda que se aprobara, que se executara. Nós o que presentamos, non vou a volver entrar na moción que trouxemos no seu día, que podería ser repetitiva, que é ao final o que se vén propoñendo, é que a Deputación de Ourense revise os convenios de cooperación coas entidades locais para que saia máis económico e así poder facer o baleirado de limpeza das fosas sépticas. Como ben di a moción, é un problema que ten toda a provincia de Ourense, eu como alcalde sei que é así. Xa trouxemos, no seu día, unha moción para que se rebaixara ou se aumentara a participación da Deputación para que fora o convenio máis atractivo. É polo que, estando de acordo coa moción, pero sabendo que é inviable porque o remanente de tesouraría acabouse, o que presentamos é que a Deputación revise os convenios, se ben non é neste ano, para que entre en vigor no ano que vén.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** si, grazas presidente. Íalle dicir algo ao señor Rodríguez Suárez, pero ausentouse; debíao presentir. Pois ben, eu anúnciolle que imos a votar en contra da moción e vámolos a facer porque segue a chover sobre mollado. Anúnciolles tamén que estaríamos dispostos a votar a favor da emenda de engádegas, pero non está na nosa man. En todo caso, votaríamos a favor cunha *apostilla*; é dicir, iso que nos piden si, pero unha vez vistos os informes dende o punto de vista xurídico e tamén económico, ata onde poidamos chegar, porque as dúas vertentes están aí e espero ser breve e dicilo dunha maneira un pouco máis xusta. E como chegou o señor Rodríguez, voulle a dicir mire non mesture vostede a transparencia co que non ter que ver. Eu dígolle que non necesitamos, nin na Deputación de aquí, nin nos concellos da Baixa Limia, ningún intermediario con sede en Vigo para que nos digan que representan aos comuneiros da nosa zona. Non se preocupe que xa o representamos nós e eles represéntanse ben. Teña vostede por seguro que os vamos a atender individualmente e colectivamente. Non o dubide e eu na cabeceira, se se da o caso. Probas deso teño dado, non como vostedes que van ao que van, á caza e captura de algo, sempre, e en momentos oportunos (digo oportunos politicamente,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

claro). E digo tres veces, esta é a terceira vez que nun ano e medio o tema da depuración das augas preséntase diante do Pleno e vanos obrigar a repetir, por terceira vez, a nosa resposta. Pleno extraordinario sobre o debate do estado da provincia no novembro do 16, Pleno ordinario de xaneiro do 17 e , agora, Pleno ordinario de abril, no que estamos; en todas estas ocasións vostedes e o Grupo Socialista insisten en falar do tema da depuración de augas residuais na provincia e no custo do servizo que esta Deputación presta ao concellos nesta materia. Unha e outra vez explicámoslle que tiñan un difícil encaixe - e digo difícil encaixe por iso falaba de informes xurídicos - teñen un difícil encaixe legal as bonificacións ou as achegas da Deputación que pedían para financiar estes servizos que xa prestan a través dos convenios asinados con Concellos da provincia e que si representan un aforro moi importante respecto do custo de mercado por ter un prezo mi competitivo, e recórdoo, 53,3 € máis IVE por m<sup>3</sup> de lodo. Prezo que inclúe toda a xestión e non só, como algunha vez discutía aí o meu colega alcalde don Vicente que me precedeu na palabra, non só a retirada dos lodos. Non convén esquecer todo isto. Partimos do recoñecemento dunha xestión pouco axeitada dos sistemas de depuración por parte dos concellos, e digo pouco axeitada e me inclúo, algo que, por certo, non é exclusivo desta provincia, xa que prima o impacto económico sempre - moi elevado por certo - fronte ao impacto ambiental. Pero tamén cómpre apuntar que esta deficiente xestión tampouco é exclusiva dun determinado sistema de depuración. Uns, como vostedes saben, consumen moitísima enerxía; outros, producen moitos lodos; outros ambas as dúas cousas, uns precisan de produtos específicos, outros de persoal especializado, ou mesmo grandes investimentos de implantación ou reposición. A existencia de tantas alternativas e tecnoloxías no proceso de depuración é unha clara proba de que ningún tipo de sistema é mellor que outro; sobre todo, e iso sobre todo, máis económico. Depurar as augas residuais é un servizo caro, que a ninguén lle digan o contrario porque estarían mentindo; nin punto de comparación con poñer auga potable nas vivendas e, aínda así, os prezos que pagamos distan moito dos países da nosa contorna. Fíxense vostedes nun dato curioso, só en Europa, de cada 100 € que se pagan polos servizos referidos ao ciclo da auga, 10 son para sumidoiros, 30 para abastecemento e os restantes 60 para depuración. Dato curioso e a ter en conta. Píde vostede, en todo caso, señor Rodríguez Suárez que a Deputación abra una liña de axudas específicas para aos concellos co fin de que poidan reducir o custo da depuración. Pois ben, imos repetir o que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

xa dixemos nalgunha ocasión, e a ver se son breve. O convenio de cooperación que desenvolve a Deputación nesta materia, ten un custo inferior ao do mercado, como xa o dixeran, e beneficia tanto aos concellos como aos usuarios, ademais, teño que dicir que estamos a falar de 32.000 € ano que achega a este tema. Ademais, a xestión intermunicipal do transporte de lodos permite a utilización conxunta dos medios da Deputación que asume, así, o custo de mantemento e operativa, neste caso, a algo que non lle parecía ben que dicía na miña primeira intervención, estou a falar de 160.000 € que pon a Deputación para este tema. Aquí queda claro que temos pouca marxe de redución de custos. Outra vía de axudas á a da subvención para o funcionamento ordinario, pero aquí chocamos con todas as instalacións, perdón, as lexislacións - xa leo mal - autonómica, estatal e comunitaria. Todas elas consagran e obrigan - e obrigan, téñano en conta - a cumprir co principio de recuperación de custes no servizo do ciclo urbano da auga que, combinado co principio aceptado universalmente de que quen contamina paga (ou debe ser así), determina que eses servizos deben ser soportados polos usuarios. Polo tanto, se facemos achegas públicas ao funcionamento destes servizos, serán os cidadáns en xeral os que soporten os custos e non os usuarios; botando por terra algo tan importante como é o promover a conciencia cidadá sobre o custe dos servizos que lle presta as administracións. E aínda pode ter máis consecuencias esta cuestión das achegas, xa que de non cumprir, xa o dixemos varias veces, a lexislación europea, arriscámonos a fortes sancións e á imposibilidade de acceder ao financiamento comunitario. Non esquezan tamén que podemos citar o financiamento das infraestruturas a través de plans de obras, que tamén esta Deputación colabora neste sentido. Polo tanto, e resumindo, estamos de acordo en ter en consideración a emenda de engádegas que presenta o Grupo Socialista; pero sempre dende o punto de vista de que hai que ter en consideración, e a elo referinme a bote pronto, os informes xurídicos e tamén económicos dos técnicos desta casa para ver ata onde podemos chegar. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas. Si, moi brevemente, en primeiro lugar teño que contestar, porque así o fai vostede, ao referente ao punto anterior. Ao mellor o que parece moi preocupado polas eleccións é vostede porque é o que reiteradamente me fala do asunto das eleccións. En segundo lugar dicirille que a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais está perfectamente lexitimada para defender os intereses dos comuneiros e así o están facendo e temos probas. Agora

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

estaremos agardando expectantes polas súas achegas neste asunto. Despois, con respecto á moción. A nosa moción, a nós tampouco nos chegou a emenda do Partido Socialista, en todo caso non teríamos problema en incorporala e votarlle a favor. Nós, tamén o digo na exposición de motivos, pedimos esta liña de axudas porque eu creo que é un mal xeneralizado que é que todas as depuradoras que se instalaron co plan Daredo teñen consumo enerxético altísimo, que é un lastre absoluto para os concellos, e que fai que non poidan estar funcionando as 24 horas do día. Eu non sei se, non seu momento, non se avaliaron estes custos ou non se informou aos concellos destes custos; pero esta é a realidade que temos e que eu podo dar fe, en primeira persoa, no Concello de Xinzo. E nós, por iso pediamos que se destinara esa liña de axudas específicas para que os concellos que teñen estes problemas para que estes concellos puideran acollerse a ela. Teño aquí, agora si, a emenda do Grupo Socialista e, como digo, non teríamos ningún problema en incorporala na nosa moción e votala a favor. Nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** eu xa insinuei, na miña intervención, que tiña dúbidas de que o remanente de tesouraría fora suficiente para isto. Dixen que había que estirallo, unha forma irónica de dicir que dubidamos que o remanente sexa suficiente. En todo caso, como unha maneira simbólica de dicir que é una maneira de gastar os cartos ben gastados e que entra dentro das competencias desta Deputación. O tema da auga é un tema básico e fundamental. Dicía o señor Plácido que custaba máis depurar, iso soe suceder, sempre é máis barato *estropear* que *arreglar*. Derramar faino calquera, construír, ensuciar auga é sinxelo, volvela a poñer en estado de potabilización é moito máis caro. Estou de acordo tamén, é un principio universal, quen contamina paga. No caso da auga, nun exercicio de responsabilidade un concello debe devolver a auga á canle, ás concas, de maneira que no prexudique aos que se atopan máis abaixo na canle do río. Eu penso que o señor Plácido algo disto creo que sabe. Nada máis. Nós tamén votaremos a favor da emenda do PSOE porque, como dicía antes, máis que algo que se poda facer de facto o que estamos votando é o espírito, dalgunha maneira, das mocións; porque a súa implementación na práctica, como tamén xa explicou o señor Plácido tres veces, *¿como era?, lo que digo tres veces es verdad*, dicía unha personaxe. Coñecedores desas dificultades, tanto económicas como xurídicas - só faltaría

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

que non se lle fixera caso aos informes técnicos - pois votaremos a favor pola intencionalidade que teñen as mocións. Grazas.

**D. Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista:** señor Plácido, al final reproducíume a intervención que tivo no pleno de xaneiro, foi calcada, calcada exactamente igual. Por suposto que o convenio que hai supoño que terá informes xurídicos e técnicos co cal a redacción sería simplemente un convenio similar a aquel, só que con máis achegas. Antes falaba que no debate da provincia o Partido Popular se comprometía co aspecto medioambiental; o señor Doval, noutra intervención que non tiña nada que ver, *nós estamos aquí polo medio ambiente, para favorecer ao medio ambiente..* Isto creo eu que naquela moción explicaba, queira ou non queira, sei que posiblemente, xuridicamente, teña razón; pero na práctica eu creo que os que somos do medio rural sabemos as dificultades que hai para a limpeza de fosas sépticas. Mire, eu naquela vez, recorda que eu lle dicía que había unha empresa que incluso o facía máis barato; porque a Deputación ten un convenio no cal a Deputación paga o transporte e o persoal e os concellos pagan o que lle cobra que son 53 € por m<sup>3</sup>. Eu dixéralle que tiña o presuposto dunha empresa que o facía a 45, nunha fosa só. Imaxine o convenio da Deputación con mil e pico fosas, co cal podería ser bastante máis económico. Vostede díxome, emprazoume a que trouxera a factura publicamente, tróuxenlla, trouxen o presuposto e viuno, que eran 45 € máis IVE, me parece que era iso. Polo tanto, non imos aquí a reproducir aquí o que se falou o 17 de xaneiro. Eu creo que lle entreguei o presuposto que trouxera. Eu, o que veño a dicir é que non é necesario que se pague todo o baleirado das fosas sépticas, pero si que ese convenio sexa máis atractivo, porque, xa lle dixen naquel momento, a maioría dos concellos non utilizan ese convenio para limpar as fosas sépticas, ¡por algo será! Vostede dígame cantas fosas sépticas hai na provincia e cantas se limparon no ano 2017 a través dese convenio. Con iso arraxámolo todo. Polo tanto, non lle estamos dicindo, porque a moción do BNG supoño que é imposible de cumprir porque non hai remanente de tesouraría, pero si que a realización dun convenio novo, si que estamos a tempo de facelo para que entre en vigor o ano que vén. Nada máis, moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** si, grazas señor presidente. Permítame, leccións, señor Rodríguez Suárez, non, non recordo velos a vostedes por alí nos últimos anos. Agora si, problemas na Baixa Limia son continuados,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

desgrazadamente. E lexitimidade desa organización, ¡por Deus! ¿Quen a puxo en dúbida? Claro que non. Eu simplemente lle digo que eu non necesito intermediarios para falar cos comuneiros de Muíños e, coma min, os demais alcaldes e o presidente da Deputación, estou seguro que tampouco. Polo tanto, directamente, a nivel individual cos comuneiros e incluso a nivel colectivo cos seus representantes, non necesito intermediarios de ningún tipo e xa sabe por onde vou. Dito isto, por lle dicir algo ao meu colega alcalde e portavoz anterior, don Vicente, eu teño aquí o informe dende entón. Sabía que mo ía dicir. Vostede é moi predicible e eu tamén, será que somos moi veteranos nestas cousas e xa se nos ve o *plumero*. Logo voulle pasar un informe dun técnico onde compara o da súa empresa, que non a vou a citar, co do que fai a Deputación, vaise asustar; pero *bueno* vou a pasar, deixar así a cousa. E en definitiva, ¿que falla neste asunto? Pois falla o principio de autosuficiencia financeira. O tema tan traído e levado dos concellos e, en concreto, do servizo do ciclo completo da auga que non é exclusiva de ningún tipo de sistema de depuración. Os convenios asinados entre a Deputación e os concellos nesta materia xa están formulados, e teño que recordalo, aproveitando economías de escala, medios provinciais, eficiencia na xestión e unificación na contratación; de tal xeito que os custos repercutidos teñen, de momento, unha moi escasa marxe de redución e digo unha moi escasa, non nego que o teñan. Debemos ser serios nas propostas, de todas as maneiras sigo repetindo que non nos negamos a que, por os técnicos desta casa, se estude a posibilidade, e está aquí o meu colega deputado de cooperación que estou seguro que tomou boa nota disto, porque antes o comentamos e entendo que así se fará. A marxe diránnola os técnicos. Repito, as achegas a estes custos de depuración teñen un difícil encaixe legal - e digo difícil, non imposible - e por último, na correcta xestión dos servizos de depuración a Deputación, non o esquezan vostedes, ten unha ampla carta de cooperación de accións e asistencia técnica especializada que cobre a un custo moi axeitada as deficiencias técnicas dos pequenos concellos. Ese é o noso compromiso e nel continuaremos avanzando. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** si, moi brevemente. Dicar que, como xa apuntou o portavoz do Grupo Socialista, este ano ao mellor non hai moita marxe de manobra porque o remanente de crédito está esgotado. En todo caso, no que nos queríamos chamar a atención é sobre esta situación e que dende o grupo de goberno se sexa especialmente sensible á mesma e que, en todo caso, se teña en conta de cara ao futuro

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

que os problemas seguen estando aí. Eu fixen referencia a algúns, no que é o texto da exposición de motivos veñen un pouco máis polo miúdo. Ao fin e ao cabo, calquera actuación que fagamos neste eido eu creo que nola vai agradecer sobre todo o medio ambiente. Entón, que se fagan os esforzos, aínda que agora mesmo como digo, unha vez rematado o gastado, o remanente de crédito vai ser difícil de implementar aínda que vostedes tiveran vontade de votarlle a favor. En todo caso, que no futuro se sega traballando neste tema, se teñan en conta as demandas e se siga colaborando cos concellos, porque, insisto, o problema segue estando aí e non se vai resolver aínda, por desgraza, neste ano ni no que vén, polo tanto hai marxe de actuación. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de engádegas do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

A continuación somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

### **15º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A CREACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA VÍA DA PRATA-CAMIÑO MOZÁRABE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** vou a intentar facelo á máxima velocidade. A Vía da Prata é o camiño histórico dende a época romana convertido en principal eixo de comunicación do occidente peninsular, transformándose ao longo da baixa Idade Media na ruta xacobeas elixida para ascender dende o sur da península ata a capital galega. Percorrido de practicamente mil quilómetros, partindo dende Sevilla ata Santiago de Compostela. Tras alcanzar o norte, os camiñantes deberían tomar decisión de continuar polo trazado do Camiño Francés, unha vez alcanzada Astorga; ou ben desviarse antes, concretamente en Pobra de Sanabria, e acurtar o camiño restante de cara a Galicia, de

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018**

cara a Santiago. Ningunha das dúas posibilidades defrauda ao peregrino, xa que se trata dun camiño milenario balizado por toda sorte de vestixios, columna vertebral da Península Ibérica, eixo que permitiu e facilitou o tránsito das divisións romanas e máis tarde a invasión árabe. As puídas pedras da calzada que en bos tramos aínda se conservan, os miliarios que salpican todo o trazado, ruínas que dan testemuño da inmensa cultura, igrexas, pontes, acuedutos e catedrais; todo iso, mergullado nunha paisaxe de singular beleza, fan desta vía da transhumancia converterse nunha experiencia única para o peregrino que decida sufrila ou gozala. Camiño histórico con numerosos tesouros patrimoniais, culturais que fan desta Vía unha das alternativas que cada ano conta con máis adeptos. Dous son os Camiños de Santiago que descorren pola provincia de Ourense. O primeiro deles é a Vía da Prata, ou Camiño Mozárabe, que entra en Ourense polo Alto da Canda (A Mezquita), límite coa provincia de Zamora e pasa por vinte e oito municipios de Ourense cun percorrido de entre 220 e 240 km -en función dos dous itinerarios posibles, por Verín ou por Laza-; entrando en Santiago pola calzada romana e pola de Mazarelos, única que, a día de hoxe, aínda existe da antiga muralla que rodeaba a cidade. Un camiño ben sinalizado, especialmente na nosa provincia e con servizos aos peregrinos cada día máis completos. A Vía da Prata, o principal eixo de comunicación do occidente español, converteuse por méritos propios, na ruta xacobeá do sur e hoxe é o itinerario elixido, ano tras ano, por máis de 4.000 peregrinos para chegar a Santiago de Compostela. A celebración do próximo ano xacobeá, no 2021, preséntanse como unha excelente oportunidade para promocionar e impulsar o camiño da Vía da Prata que pasa pola nosa provincia. Así, pensen vostedes que o Camiño de Santiago ten unha importante repercusión nas economías dos municipios do rural polos que pasa. Non só na economía - o impacto económico dun peregrino é 2,3 veces superior ao dun turista tradicional; senón tamén noutros aspectos como o do emprego, a demografía, o medio ambiente ou a cultura. Xera, por tanto, un notable atractivo turístico que pon en valor o patrimonio histórico ou cultural e natural de todas as zonas polas que descorre. Imparable popularidade do Camiño nos últimos tempos que consegue que cada ano supérense records de asistencia de peregrinos; onde cada vez é un plan máis atractivo, non só para o turismo relixioso, senón como destino de aventura, cultural ou espiritual. Os peregrinos estranxeiros xa superan anualmente aos nacionais. Así pois, a mellor forma de promocionar esta Vía sería ofrecer aos peregrinos,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

turistas e visitantes, un espazo para o coñecemento en profundidade do Camiño, creando en Ourense un centro de interpretación da Vía da Prata - Camiño Mozárabe como un punto de partida que serviría para desenvolver accións de conservación difusión, posta en valor e, fundamentalmente, de apoio cultural e guía no percorrido pola provincia. Espazo de interese local, comarcal que expón e potencia os trazos culturais que desenvolven actividades tradicionais específicas relacionadas coa produción económica e cultural e que as enlazan co desenvolvemento actual da comarca e coas súas posibilidades de futuro. Transmiten no só unha mensaxe de carácter intelectual, conceptual ou técnica; senón tamén valores e actitudes. Todo iso conforma un abano amplo de posibilidades amplas que abarca dende a curiosidade científica ata proxectos científicos, trazos culturais que nos axudan a coñecer a realidade de patrimonio cultural da nosa provincia. A creación deste centro convértese en imprescindible neste marco. A ollada do peregrino, xa marabillado pola mera observación do que se atopa no seu decorrer, convértese en ollada intelixente cons instrumentos e soportes do coñecemento e comunicación que lle facilita un centro como este. Unha interpretación documentada de todo o que atopa ao longo do camiño é o mellor xeito de apaixonalo e conseguir que tamén sexa voceiro das marabillas deste itinerario nos lugares de orixe. Apoiar ao peregrino trae aparelado apaixonar á nosa cidadanía, lembrándonos a todos que a nosa riqueza non é *baladí*; reencontrándonos coa arte e coa riqueza en todas as súas expresións dun xeito máis intelectual e rigoroso, máis documentado, axudará a que os ourensáns implíquense máis neste proxecto, mantendo, potenciando e amando en definitiva. Ten que ser Ourense, a porta de entrada do Camiño en Galicia, o que albergue este centro, sen dúbida levando apareladas todas estas accións relatadas ademais da difusión e posta en valor deste Camiño ao seu paso pola provincia, coa conseguinte repercusión nas actividades económicas dos municipios que atravesará. Alguén dicía antes que faltaba *tal...* pois, como xa se dixo, o sitio ten que ser axeitado pero, dende logo, xa hai algo porque antes o da concesión da medalla de ouro da provincia a don Elixio Rivas, don Elixio Rivas manifestou, así llo manifestou ao presidente, así mo manifestou a min mesmo, que todos os traballos sobre os camiños de Santiago e outras publicacións relacionadas co Camiño pasen a darlle vida a ese centro de interpretación da Vía da Prata. Polo tanto, con algo xa contamos e contamos coa parte máis importante que é o traballo –

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

como xa antes enumeramos- dun persoeiro que o coñece como ninguén. Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Dende logo nada que ver as iniciativas que presentan vostedes, avaladas, estudadas, explicadas, documentadas, etc..., co seu proxecto, a súa memoria, os seus anexos que non lle falta de nada; desde logo nada que ver coas que presentamos os grupos da oposición que son ideas que lanzamos aí, así, daquela maneira e un pouco para entorpecelos a vostedes na súa labor de goberno. Un centro de interpretación é unha exhibición en torno a un guión de tipo museográfico, con intencionalidade pedagóxica, que conecta ao visitante co patrimonio, estimulando o seu interese para comprometelo coa súa conservación ou coidado. Dito doutro xeito, búscase influír na conduta do visitante e, todo isto, no seu tempo libre que, por desgraza, soe ser breve. Perséguese que o visitante teña o máis alto nivel de satisfacción dentro das pautas que aseguran a conservación do patrimonio. Para isto precísase integrar contidos de xeito recreativo con contidos educativos. Asemade, pode resultar útil para desenvolver outras funcións, por iso a súa ubicación adoita preceder aos sitios ou bens do patrimonio, recibindo aos visitantes, ordenando o seu fluxo, brindándolles unha visión de conxunto, explicando dun modo breve e atractivo o relato, etc... A creación dunha entidade destas características esixe unha sede física debidamente acondicionada. Nada se sabe disto se menciona na iniciativa e, polo dito na comisión informativa polo responsable de Cultura, nada teñen vostedes previsto; un proxecto museográfico solvente redactado por expertos na temática correctamente. Se non saben como vai ser coa sede, dificilmente van ter proxecto, ou un proxecto desta características; unha dotación de persoal cualificado, coa preparación académica precisa, para xestionar culturalmente unha entidade deste perfil; e, finalmente, unha dotación orzamentaria axeitada, suficiente para os custos de mantemento que levan aparelados este tipo de centros no seu día a día. ¿Ten previstos a Deputación provincial estes requisitos? ¿Está a Xunta de Galicia disposta a asumilos e dotalos economicamente? Porque procede lembrar que o Estado na provincia, da maioría dos centros culturais, museos e case-museos espallados polos distintos concellos, é a día de hoxe lamentable, carentes de persoal, infradotados e sen actividade cultural algunha. E procede lembrar ademais que boa parte desas entidades foron creadas e promovidas pola

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

propia Deputación provincial, o Inorde e os concellos respectivos, sen que a Deputación nin a Xunta miren por eles. ¿Non tería máis sentido habilitar, en colaboración coa Xunta e os respectivos Concellos, un plan económico e de persoal para dotar debidamente eses centros antes de promover novas iniciativas? Nós vamos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Grazas. Efectivamente, e como soe dicirse, o portavoz do BNG sacoume un pouco as palabras da boca, porque, cando nós propuxemos un centro de investigación de intelixencia artificial, o portavoz do Partido Popular pouco máis que nos pedía o proxecto arquitectónico, totalmente pechado. E agora aquí trae a proposta dun centro de interpretación, fala moito do Camiño Mozárabe, pero en canto ao centro de interpretación non concreta nada. Eu pregunteille na comisión, como lembrará, polo menos que nos dixera onde estaba previsto situarse. Naquel momento díxonos que iso habería que velo e que xa veríamos; agora parece que dixo en Ourense, pero non lle entendín moi ben se se refire á cidade ou á provincia, que tivera que estar na provincia estimámolo obvio. A proposta é totalmente vaga, totalmente inconcreta polos detalles que xa especificou o portavoz do BNG. Efectivamente, Eligio Rivas, do que falamos xa antes con ocasión de concederlle a medalla de ouro, foi un dos maiores estudosos desa Vía da Prata. Eu dubido moito de que el falara dunha vía de peregrinación a Santiago por Verín. Se vostedes se fixan no mapa, cando a estrada nacional de sempre, de Villacastín a Vigo, fai unha curva cara ao sur e logo volve a subir, ese non é un camiño moi bo para chegar a pé a Santiago. O camiño tradicional, do que tamén fala Eligio Rivas no libro do que se falou antes, é o que lle chamaban a Vereia Vella e que vai por Laza. Esa si podería ser unha vía para ir a pé e sabíanos moi ben os nosos antergos cando ían a pé ata Castela a segar. Vostedes saben que os galegos facían a Ruta da Prata un pouco ao revés, ían a segar a Castela e volvían de volta e non se lles ocorría ir por Verín desde Santiago a pé. Por iso teño as miñas dúbidas, non sei, se ao mellor pretenden facer o centro de interpretación da Ruta Mozárabe en Verín...outra cousa sería estimar a que vén de Portugal. En todo caso, como vemos bastante abstracta, con falta de concreción na proposta, nós ímonos abster. Non faremos como vostedes. Vostedes votaron en contra, segundo vostedes, pola falta de concreción do Centro de Investigación Artificial, votaron en contra. Nós, ante esa falta de concreción,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

sinxelamente ímonos abster que nos parece unha postura máis coherente co feito de que non estea moi concretada. De momento nada máis. Grazas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Moi bos días, ou tardes xa, a todos e todas. Vou a concretar un pouco porque senón se nos fai un pouco tarde. En primeiro lugar quero poñer en valor aquí o traballo que vén a realizar a Asociación de Amigos da Vía da Prata - Camiño Mozárabe. Os concellos polos que descorre este camiño sabemos do seu labor de recuperación, de mellora e posta en valor deste. Non vou a explicar moito o que significa a Vía da Prata-Camiño Mozárabe porque o señor Doval si que é verdade que explicou todo por onde descorre e todo o que significa para os concellos polos que discorre. Si é verdade que teño que corrixilo nunha cousa, vostede falou da importante vertente económica do Camiño. Todos os estudos demostran que este é un produto turístico de baixo impacto. O Camiño, aquí na nosa provincia, nin xera, nin vai xerar un cambio da tendencia cara ao cal se dirixe esta provincia. O Camiño, si ben é verdade que actúa como vehículo de transmisión da cultura, pero tamén ademais de imaxe dos distintos lugares polos que discorre. Isto dígo, que vén acaído, porque hai varios concellos que nos empezamos a preocupar por aspectos tan relevantes como os da conservación das infraestruturas e do patrimonio; así como da concienciación ambiental do Camiño. Vostedes saberán que o 4 de novembro do 2015, no Pazo de Vilamarín, creouse a Mesa do Camiño Mozárabe - Vía da Prata da que formamos parte os vinte e oito concellos da provincia polos que discorre o Camiño de Santiago, a Deputación de Ourense, a Asociación Amigos da Vía da Prata e a Axencia de Turismo da Xunta de Galicia. Nesta reunión presentouse o Plan Director e Estratéxico 2015-2021 no cal se pretendía, palabras textuais, *potenciar e difundir o Camiño Mozárabe e Vía da Prata, ademais de mellorar as súas infraestruturas tanto de trazado de Camiño, como dos albergues e tamén o que atinxe á sinalización e promoción desta vía xacobeá*. Tamén se contemplaba nesta reunión designar o ano 2019 como ano do Camiño Mozárabe - Ruta da Prata; denominación que, segundo se nos dicía, ía acompañada de melloras neste. Pois miren, vai chegar 2019 e as melloras que se anunciaban non foron tales. Se nin tan sequera se convocou unha reunión desta mesa, algunha reunión dende o ano 2015; é dicir, vai para catro anos. Espero que, despois de hoxe, se convoque a mesa para facer un seguimento do estado do Camiño e das actuacións necesarias neste porque, si, son necesarias actuacións. Despois deste inverno tan cru que tivemos todos nesta provincia, non necesarias actuacións non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Camiño. En relación á moción na que nos solicitan a creación dun centro de interpretación, nós si vamos apoiar a mesma; se ben é verdade que temos que dicir que non vén concretada. Vostedes piden concreción a algúns e vostedes presentan aquí unha moción sen concreción da futura ubicación. Só sabemos que vai ser na cidade de Ourense, que vai ser no casco histórico, pero non sabemos se se vai alugar, se se van a comprar futuras instalacións. Esperamos que este futuro centro sexa de gran valor para os peregrinos que nos visitan. Ademais, tamén esperamos que sexa un espazo que sirva para recuperar e pór en valor elementos do Camiño, que senón acabarían esquecidos. Esperamos tamén que este centro de interpretación se leve a cabo e sexa unha realidade en pouco tempo, que non leve o mesmo camiño como os museos que nos anunciaron dende esta casa –como os dos Bolechas, o da Emigración–; ou ben como os albergues que fai un ano que se traía a Pleno, que ía a creación, pero dela non sabemos nada. Aquí falouse antes, para rematar xa, dunha xestión, facíase alarde dunha xestión brillante por parte desta casa; pois miren nestes museos que acabo de citar, por poñer algúns exemplos, esta xestión brillante vai un pouco lenta. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** desde logo, facer unha comparación co que vostedes trouxeron aquí e comparar co Camiño, coa Vía da Prata, que a Vía da Prata está por onde está, está documentada e non hai ningunha dúbida. Comparar unha cousa coa outra, a verdade é que chama bastante a atención. O Camiño, ¿está aí ou non está aí? ¿pasa polos vinte e oito concellos, si ou non? ¿percorre o territorio, si ou non? ¿é un feito que esta aí, si ou non? Falar agora de algo que estea máis documentado que o Camiño, que a Vía da Prata, a única cousa que se busca é que preste un servizo aos peregrinos, que mellore as condicións dos concellos por onde pasa, que mellore as condicións dos veciños que nese lugar viven....Porque antes cando falamos de despoboamento, ¿como cren que se fixa poboación no rural? Pois esta tamén é unha forma. En canto a que os peregrinos non xeran riqueza, bueno, iso hai que velo no futuro. O Camiño de Santiago cando comezou tamén había alguén que non o querían; había negocios alí e negábanse. Neste momento, viven exclusivamente á conta do Camiño. Polo tanto, o futuro é futuro e hai que confiar nel. Polo tanto xa digo, comparar unha cousa coa outra a verdade é que me chama a atención. En canto á ubicación, da ubicación tráese aquí unha proposta que sería na capitalidade da provincia. Eu non se, ao mellor don Armando non leu a moción, eu dígollo porque hai erros, está aí. Iso non quere dicir ¿no casco histórico?

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

Home. Buscarase que sexa no casco histórico. Tamén me chama a atención que lles preocupe se é un lugar propiedade da Deputación, que queiran sabelo agora. ¡Home!, o que será é xuridicamente axustado a dereito, que sexa de propiedade da Deputación, ou non sexa de propiedade da Deputación, iso non creo eu que teña moito que ver con solicitar e pór en marcha o que pretendemos. Eu, dende logo, poñerlle ese impedimento e tal... Despois, tamén teño que dicir que os centros de interpretación non só xeran riqueza; senón transmiten coñecemento, xeran coñecemento, ademais transmiten cultura, evidentemente. Como vostede di, fan país. Facer país é que os que viven nesa zona valóreno, avalíeno e eles sexan os que o conserven e traballen en melloralo. En canto ao tema de que non saben, aquí hai unha proposta de acordo. A proposta de acordo di o que di. Eu non sei se, ao mellor, tampouco se leron a moción; se queren paso a lerlla. Polo tanto, sinceramente, de verdade, aquí soamente hai unha cousa que é a que estamos debatendo, que é a creación dun centro de interpretación, ou polo menos a proposta de crealo e de solicitar da Administración autonómica, si ou non. Iso, en definitiva, é o que estamos debatendo. Non estamos debatendo outra cousa, respectando as opinións de todos vostedes, que saben que o fago. Incluso alguén que di, que chama a un *nenito morenito*, eu supoño que era en ton cariñoso porque, dende logo, se fora noutro sentido....el *morenito inglés*, ¿entende? Eu supoño que o dixo vostede en ton...non se deu conta, claro, evidentemente. Cando falou antes, dixo un *morenito inglés*, un *morenito* que estaba en Inglaterra. ¡Home! Era unha persoa que estaba en Inglaterra, fora de color ou non; pero dicir *el morenito inglés*...seguro que non se deu conta. No, non, cando dixo vostede, dixo: *un morenito inglés*, como se os *morenitos* non fosen persoas<sup>5</sup>. Xa está. Perdón. Nada máis. Entón, o acordo que se propón é o seguinte:

1º. *Solicitar da Xunta de Galicia a creación do Centro de Interpretación da Vía da Prata-Camiño Mozárabe na cidade de Ourense (aparece tanto na exposición de motivos como no acordo) como parte das accións que o goberno galego proxecte de cara ao Xacobeo 2021.*

---

<sup>5</sup> Alusión a una intervención anterior do Sr. Pérez Jácome.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

2º. *A Deputación de Ourense porá a disposición da Xunta de Galicia as instalacións necesarias para a apertura do centro, cuxa dotación correría a cargo do goberno autonómico seguindo a liña doutros centros referidos aos camiños de Santiago.*

Vostedes non din que demandemos, que esixamos? Pois isto é o que estamos facendo. Nada máis, de momento, e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** si, moi brevemente. Eu non sei se ao mellor perdinme eu nalgún lado, pero aquí non estamos debatendo sobre a existencia, ou non existencia, da Vía da Prata e o seu valor histórico e cultural, etc... Non ía sobre iso a moción. Di, claramente, creación do centro de interpretación da Vía da Prata; no di creación da Vía da Prata. Entón, o que terá que estar documentado é o centro de interpretación, a Vía da Prata, dende logo, está altamente documentada e non necesita ningún tipo de aval extra. A nós o que nos leva a votar en contra, neste caso, é a inconcreción, a falta de proxecto, a falta de planificación. Véñenos cunha idea que está moi ben, pero que esperamos máis neste caso de vostedes. Sobe todo, tamén nos leva a votar en contra o feito que vostedes o que fan sistematicamente cando abren este tipo de centro, como si en si mesmos tiveran un valor a propia obra; é que non o entendemos doutra maneira. Pero hai que pensar en que funcionen, dotalos economicamente, de persoal que sigan abertos; porque, xa llo dixen na miña primeira intervención, o panorama deste tipo de dotación a nivel provincial é absolutamente lamentable. Entón, pensen vostedes non só en abrir o centro, non só na obra que van a facer; senón despois no día a día, en mantelo, etc, etc. Póñolle un caso moi próximo que teño. Vostede dicía que estes centros xeran riqueza. Xeran riqueza se están abertos, se están pechados xa lle digo que non xeran riqueza ningunha e teño o caso do Museo do Entroido de Xinzo que leva pechado meses, co cal pouco riqueza vai crear. Aí investíronse, entre achegas da Deputación, do propio Concello, da Xunta, etc..., pois millóns de euros. Entón, de aí vén a nosa negativa a esta iniciativa. Pensen vostedes primeiro en poñer en funcionamento, en que día a día estean abertos e estean operativos os centros que xa existen e, unha vez que iso estea cuberto, e estea perfectamente establecido pois pensen en abrir outros novos; pero non polo feito de abrir un centro por abril, polo feito de podernos facer a foto de que estamos inaugurando un centro de interpretación, da Vía da Prata neste caso Camiño Mozárabe, como se ese fose o obxectivo, que ao mellor é o obxectivo, non digo nada. Nada máis. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Efectivamente, claro que se pode establecer a comparación porque nós o que estamos criticando é a falta de concreción acerca do centro de interpretación; non do Camiño como xa é fácil imaxinar. Desde logo a Vía da Prata ou Veira Vella, como se lle queira chamar, ten moitísima historia; pero é que ten historia antes de ser Camiño de Santiago. Seguramente saben que os diferentes camiños de Santiago que hai en realidade son repescas cristianizadas de camiños que xa había antigamente, que estaban relacionados coas estrelas, coa Vía Láctea, co camiño cara ao oeste. A propia toponimia dos lugares abunda nesa cuestión. Seguramente saben que hai unha serie de lendas relacionadas con ocas, con labirintos e todo iso. Seguramente saben que ese famosa icona da concha de vieira antigamente era unha *huella* de oca, pois seguramente saben que o Pazo de Oca chámase así por algunha outra cousa, etc... Algo coñecemos da historia deses camiños que, como digo, é previa á do Camiño de Santiago e hai estudos sobre iso. Non estamos cuestionando a importancia do camiño nin dos sucesivos camiños, estamos cuestionando a falta de concreción. E vostede, voulle confesar que non lin a moción; non a lin porque vostede desenvolveuna na comisión. Na comisión eu pensei que a lera literalmente, desenvolveuna moi ben e non me fixo falta lela. Pero na comisión non dixo onde se ía facer, aínda que agora vexo efectivamente que está escrito, na comisión non dixo onde se ía facer e cando lle preguntei onde se tiña pensado facer díxome que estaba por ver. Agora, si, vexo que pon no casco histórico da cidade; pero na comisión non o dixo e cando lle preguntei tampouco mo dixo. Eu pensei que coa disertación que vostede fixo era suficiente e por iso non lin a moción. Habitualmente, cando se desenvolven as mocións, ás veces non, ás veces só se len as propostas de acordo, pero no seu caso concreto, vostede adoita a explanarse no contido das mocións e non estimei oportuno darlle unha segunda lectura. En todo caso, vostede di que só existe si e non, binario, 1 e 0. Non, aquí nos plenos existen tres saídas: voto a favor, voto en contra e abstención. Existe, o que chaman os matemáticos, a lóxica difusa; nin si nin non. Nós ímonos abster como dixeramos antes. Grazas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas. Eu, nada, soamente dúas cousas. Reiterar a nosa petición de que se convoque a Mesa do Camiño. E logo, o que dicían vostede das concrecións, vamos a votar a favor pero si que é verdade que votamos en falta a concreción de onde vai a ser. Si que é verdade que non imos dubidar da súa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

legalidade, ¡faltaría máis!, digo eu que vai ser legal o edificio onde se vai a ubicar e como se vai a comprar, alugar, ou como logo busquen a fórmula. Non vou a dubidar diso. Nada máis.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** moi breve. O traer aquí que se cree un centro de interpretación, dende logo está sustentado en que exista a Vía da Prata, senón non estaríamos falando disto no Pleno na Deputación, estaríamos falando doutra cousa. É que, dende logo, o que se busca con iso é que eses vinte e oito municipios polos que descorre a Vía da Prata en todo caso se poñan en valor, se respecten e cada día supoña un progreso, non soamente económico, senón cultural, de valores, etc... En canto ao tema que di don Armando; sinceramente don Armando creo que dixen na comisión, referínme á cidade, o que non dixen foi a cousa; quero pensalo, pode ser, tampouco vou ser eu aquí o... Non dixen o lugar exacto ¿por que? Porque non o sei neste momento. Agora, que dixen que era na cidade iso si, con independencia de que eu interpretara que vostedes leran a moción ou tal. Cando eu refírome a que non é necesario, imprescindible que o edificio onde se destine tan sequera sexa de titularidade da institución, dixen que pode ser un local, un espazo que sexa titularidade da Deputación, pode ser un local cedido por outra administración, ou pode ser un espazo no que nese momento xuridicamente se tome a decisión que sexa. En todo caso, nós cremos que ten unha gran importancia para o desenvolvemento do camiño, como a señora portavoz do Partido Socialista defendía, como non pode ser doutro xeito. Creo que é bo para o Camiño, creo que é bo para a cidade de Ourense, creo que é bo para os vinte e oito concellos polos que discorre e, en definitiva, creo que é bo para o país. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Xunta de Galicia a creación do Centro de Interpretación da Vía da Prata-Camiño Mozárabe na cidade de Ourense como parte das accións que o goberno galego proxecte de cara ao Xacobeo 2021.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

2º.- A Deputación de Ourense porá a disposición da Xunta de Galicia as instalacións necesarias para a apertura do centro, cuxa dotación correría a cargo do goberno autonómico seguindo a liña doutros centros referidos aos camiños de Santiago.

### **16º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** como xa adiantei na exposición anteriormente, a emenda, que no seu momento presentamos, transformámola en moción. A urxencia radica en que iniciemos o expediente xa e nese camiño de máxima transparencia, pois aí estamos: gañar trámites e gañar tempo. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** eu pediríalle prorrogalo por dúas razóns, que non a sometera hoxe e que a trouxeran ao próximo Pleno; explícolle as razóns. Unha, non vexo a urxencia de tratala hoxe, a estas horas, podéndoa traer para o Pleno que vén. Eu xa lle dixen que nós lle imos votar a favor. E outra razón porque antes de iniciar o Pleno, tendo en conta que unha moción se converteu nunha declaración institucional, a nós quedábanos oco para outra moción e tiñamos unha ditaminada xa en Comisións sobre a Limia que, falado co Presidente e co vicepresidente, retiramos ¿Por que? Porque segundo me comentou o presidente non dera tempo de preparala e de preparala como é debido; a nós pareceunos unha razón suficiente. Entón, se non vamos presentar unha moción que estaba ditaminada en comisión e agora presentamos isto, pola mesma razón que non tivemos tempo para preparala, eu pídlle que deixen isto, que o deixen para o Pleno que vén e nós faremos o mesmo coa nosa moción tamén.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** si, moi brevemente, señor presidente. Nós tamén vamos a votar a favor da urxencia porque o facemos sistematicamente en todas as mocións que se presentan por urxencia e o que agardamos, dende logo, é que vostedes, en aplicación da súa propia doutrina voten en contra; porque non é un tema urxente e pode ir perfectamente a unha comisión informativa e ser tratado noutro Pleno. Entón, se vostedes son coherentes e se vostedes son consecuentes co que vostedes mesmos veñen defendendo e nos veñen aplicando aos grupos da oposición sistematicamente dende fai

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

un par de anos, vostedes mesmos deberán votar en contra da urxencia desta moción. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** esta moción, obviamente, pode ser importante, pero non é urgente que es una gran diferencia; como lo dicen los libros de *management*, importante, pero no urgente. En cualquier caso, yo a las cuatro tengo que ir cambiar el ticket de la ORA.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** prometo acabar pronto. Vamos a ver, xa o dixen antes, este non é un acordo definitivo *per se*, é iniciar o expediente para modificar as bases do orzamento para... O que quere dicir que este é un mero trámite formal de impulso que o podería facer o presidente incluso mediante un decreto ou providencia. De todos as maneiras, para que vexan, retirámola. Irá definitivamente a comisión. Pero se aquí non estamos acordando nada, estamos acordando iniciar un procedemento para modificalo. *Bueno*, xa vexo que teñen que dicir algo. Pois dito queda, retirámola. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#).

### **17º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de marzo de 2018 e do 1º adicional de febreiro de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: mes de marzo de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2018.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de marzo de 2018.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de marzo de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

**18º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** eu, vistas as horas, bos días, ou boas tardes ou boas noites, xa non sei. Vou facer un rogo, que agora a colación da pregunta que ía facer, porque me encargaron a pregunta e evidentemente teño que facer o que me encargan ás veces os compañeiros da miña comarca. Pero o rogo é o seguinte, eu de verdade o dixen onte na sesión plenaria de Ribadavia, e mira que non dura nin un cuarto de hora comparado con este, e o que vou ter que facer é un *máster* en política, pero un *máster* dos de verdade, non dos outros que xa sabemos, pero é que de verdade, hai cousas que son un pouco rechamantes. Digo isto porque a min, agora xa o recoñezo, deberon facer moi ben en cambiarme de portavoz, porque antes non interviña practicamente case ninguén, como non fose Plácido para debater contra min, e agora aquí cada un ven ler o seu libro. Digo isto porque fago o rogo do seguinte, home, poñamos mecanismos para algo. Falabamos antes da provincia intelixente, Sr. presidente, poñamos un reloxo para controlar as intervencións a así as vemos todos e ao mellor non é malo para iso, senón tamén diría, fagamos un receso e vaíamos comer e volvemos á tarde, que tampouco hai ningún problema. E senón, en todo caso, como hai noutros parlamentos e noutros foros, pois fagamos as sesións en dous días, porque vimos todos facer iso. Digo porque sabe o que pode ocorrer, que imos camiño con tantos museos que non se fan, en convertermos en museo de cera todos nós, porque imos quedar petrificados e os que están aí, de verdade, porque lles pagan e a nós tamén, porque ata nós nos iríamos. Dígoo como reflexión porque creo que é así, porque de verdade, hai cousas que creo que exceden, as clases maxistras de universidade a min me parecen ben, pero non son para os foros políticos, os foros políticos están para debater doutras cousas. En todo caso, a pregunta que a min me encargan e que creo que é o suficientemente importante para facela e é que o alcalde de Carballeda de Avia ten un escrito onde se di textualmente no tema dos incendios con data de febreiro, *que os incendios articularanse a través da colaboración entre administracións competentes e que se establecerá o cofinanciamento das actuacións na porcentaxe que se fixe, especialmente coas respectivas deputacións provinciais por ser competentes en materia de auxilio e cooperación aos municipios*. A miña pregunta é sinxela: hai algunha previsión? Acabamos de aprobar unha modificación moi importante. Hai algunha previsión? Hai algún convenio que eu descoñezo? (porque ao mellor o descoñezo) ou algunha partida que se vaia

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

facer neste sentido? Porque creo que os veciños e as veciñas de Carballeda xa están tendo a paciencia suficiente de promesas incumpridas. Moitas grazas.

**Sr. presidente:** contestaráselle por escrito. Algunha outra pregunta?

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas Sr. presidente. Un rogo. Señor Rosendo Fernández, eu pódome explicar mellor ou peor, podo ter máis éxito ou menos éxito na miña exposición, podo facerme entender mellor ou peor, pero sempre, cando interveño, sei do que falo. Entón lle digo que alegacións de asuntos aprobados nos plenos para que logo volvan aos plenos e que se poida cambiar o sentido do voto fixen algunha no meu concello e voulle dicir unha delas. No ano 2012, que gobernaba a señora alcaldesa do seu partido, que levaba corenta e pico anos na alcaldía, iniciou, que despois se aprobou pola súa maioría absoluta, como teñen vostedes aquí, aprobou un expediente para a cesión dun monte comunal a unha entidade privada. Esta que lle fala fixo unhas alegacións, conxuntamente con outros veciños, para que volvесе ao pleno, pensando que non era de xustiza este tema e que estaba enganada ou trabucada, polo tanto, fixemos unhas alegacións que volveron ao pleno para que se tiveran en conta esas alegacións e non fora aprobada a cesión do monte comunal a unha entidade privada por trinta anos. Volveu ao pleno, aprobouse pola súa maioría absoluta (como vostedes teñen aquí e queren correr moito) aprobouse coa súa maioría absoluta e esta señora, con nome e apelidos Isabel Gil Álvarez, interpuxo un contencioso-administrativo porque consideraba que iso non se podía permitir e gañou na Audiencia Provincial de Ourense e no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo tanto sei do que estou falando cando falo, pode se que non me saiba explicar ou que non se me entenda nun momento. Moitas grazas e quería lle facer esta reflexión. Grazas señor presidente.

**Sr. presidente:** si.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Para rematar un rogo moi breve. O ano que ven cumpriranse corenta anos do pasamento dun dos máis grandes poetas que deu esta terra, Celso Emilio Ferreiro, entón o rogo é que para as súas previsións culturais para o ano que ven teñan presente esta efeméride. E vou aproveitar, xa sei que é tarde, pero se non o digo rebento, porque creo que escribiu un poema que viña moi ben para un pleno como o de hoxe, entón vóullelo ler, moi breve, que é o seguinte, si:

*Si dixese que si,*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018
--

*que todo está moi ben,  
que o mundo está moi bon,  
que cada quen é quen ...*

*Conformidá.*

*Admiración.*

*Calar, calar, calar,*

*e moita precaución.*

*Si dixese que acaso*

*as cousas con esí,*

*porque sí,*

*veleí,*

*e non lle demos voltas.*

*(Si aquíl está enriba*

*i aquíl outro debaixo*

*é por culpa da vida.*

*Si algunhos van de porta en porta*

*cun saco de cinza ás costas*

*é porque son uns docas).*

*Si dixera que si ..*

*Entón sería o intre*

*de falar seriamente*

*da batalla de froles*

*nas festas do patrón.*

*Pero non.*

**Sr. Presidente:** algo máis que engadir? Se non teñen ningunha pregunta ou rogo levántase a sesión e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2018</b>
---

E, ás 16.00 horas do día 27 de abril de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**